Cómpre afirmar, en definitiva, en relación con este punto, que o recoñecemento de potestade decisoria aos secretarios xudiciais no ámbito da XV, como recoñecidos expertos en dereito procesual, e á súa configuración como corpo superior xurídico e único, de carácter nacional, ao Servizo da Administración de Xustiza, e a ampla desxudicialización de competencias e a súa atribución a notarios e rexistradores, como profesionais de acreditada solvencia xurídica e titulares dun servizo público que exercen por delegación do Estado, supón unha racionalización do sistema, unha descarga de traballo para os xuíces e unha lóxica ratificación de confianza na idoneidade destes operadores xurídicos no desempeño desta función, así como na madurez da sociedade civil.

4. QUINCE PROPOSTAS DE MODIFICACIÓN RESPECTO DO TEXTO NORMATIVO APROBADO NA COMISIÓN DE XUSTIZA DO CONGRESO DOS DEPUTADOS

Todos os grupos parlamentarios manifestaron nas intervencións dos seus voceiros na Comisión de Xustiza do Congreso a súa vontade de consenso, de diálogo e de aproveitar as sesións de obrigada tramitación no Senado para corrixir as disfuncións e mellorar o texto legal no Senado, o que só en parte foi posible, debido a que o Goberno procedeu a retirar o Proxecto de lei en outubro de 2007, o mesmo día en que ía ser votado no Pleno do Senado. Nesta liña de vontade de mellora do texto do Proxecto, retirado polo Goberno, e que deberá ser presentado polo novo Executivo que resulte das Eleccións na próxima Lexislatura, cómpre enmarcar as observacións que se expresan nas páxinas que seguen.

- 1) A Exposición de Motivos do Proxecto debe ser revisada co fin de cohonestar o seu contido coas reformas introducidas nas emendas votadas de forma favorable na Comisión de Xustiza do Congreso, en especial as referencias aos aspectos fundamentais que afectan á concepción e filosofía da XV, como son a posibilidade de controversia e oposición, a articulación dos recursos e a preceptividade da asistencia técnica e representación procesal, co que iso supón de reforzamento das garantías e da xurisdicionalidade do procedemento xudicial e de cuestionamiento da excesiva administrativa-ción da institución .
- 2) Os procedementos atribuídos aos xuíces en materia de condición e estado civil da persoa e dereito de familia implican reserva xudicial —é dicir, o cidadán non pode acudir a outro operador xurídico que non sexa o xuíz—, pero non reserva xurisdicional. En relación con este punto cómpre sinalar, ao meu xuízo, a afirmación contida na exposición de motivos, apartado terceiro, conforme á cal («tal y como aparece concebida en la presente ley la jurisdicción voluntaria encuentra su amparo en el artículo 117.4 de la Constitución.....») supón ao meu xuízo unha toma de postura doutrinaria nunha cuestión sometida a debate na doutrina europea, así como contrario á máis recente xurisprudencia do Tribunal Supremo, en cuxa sentenza da Sala Terceira de 22 de maio do ano 2000, di textualmente: “no se puede afirmar que en la denominada jurisdicción voluntaria, los jueces y tribunales no estén ejerciendo potestades jurisdiccionales, con independencia de que anteriormente que pasó lo mismo, otro proceso contradictorio y en consecuencia, estas potestades quedan amparadas por el artículo 117.3 de

la Constitución, las demás funciones —continúa a dicir o Tribunal Supremo— que el artículo 117.4 permite que la ley atribuya a juzgados y tribunales en garantía de cualquier derecho, son aquellas que a diferencia de las denominadas de jurisdicción voluntaria, no comportan protección jurisdiccional de derechos o intereses legítimos como en los supuestos de participación de los jueces en jurados de administración forzosa o en la administración electoral". Ao debate doutrinal sobre a XV referiuse o fiscal do TS na súa intervención, previa á aprobación da emenda que reintroduciu a posibilidade de oposición, nos seguintes termos: «...hay una polémica doctrinal fuerte sobre si la JV está incardinada en el 117.3 o en el 117.4. En puridad se podría decir que la contradicción, en cuanto que se va a resolver contradictoriamente, entraría ya en el conflicto y estaríamos más hablando de proceso y más del 117.3.....»

Por outra banda, a exclusión da xurisdición voluntaria do núcleo esencial indispoñible e excluínte de funcións que conforman a potestade xurisdiccional dos xuíces previsto no 117.3 e a súa inclusión nas funcións dos xuíces en garantía de dereitos conforme ao 117.4, respecto dos que non existe unha reserva de xurisdición, comportaría a posibilidade de traspaso nun futuro das funcións relativas a menores, incapacitados, discapacitados, desvalidos, dereitos indispoñibles, supostos atinentes a intereses públicos, restrición de dereitos fundamentais, etc. a outros operadores xurídicos que nun momento determinado tiñan sido considerados máis idóneos, o que, ao meu xuízo, resulta inasumible no actual marco constitucional, en atención á natureza dos intereses que están en xogo e á necesidade de que o seu coñecemento e resolución se lle atribúa ao operador xurídico que goza dun maior grao de independencia e imparcialidade, no seu estatuto xurídico, no marco da Administración do Estado. O que si cumpriría afirmar é que as competencias atribuídas aos xuíces no ámbito da xurisdición voluntaria se inclúen, dependendo da materia, nos parágrafos terceiro ou cuarto do art. 117.

Parece razoable que algunhas das competencias que actualmente se lles atribúen aos xuíces poidan transvasarse a outros operadores xurídicos no futuro, por ex. a declaración de ausencia e falecemento aos secretarios xudiciais. Pero, ao meu xuízo, hai determinadas competencias respecto das que non cabe pensar, co actual marco constitucional, nunha titularidade distinta da xudicial. Así, por exemplo, respecto da autorización xudicial para esterilizar un incapaz, ou para o tratamento non voluntario dunha persoa con trastornos psíquicos; ou para unha intromisión lexítima

no honor, na intimidación ou na propia imaxe dun menor ou incapacitado; ou para autorizar ou aprobar o recoñecemento da filiación non matrimonial de menores ou incapaces; ou para o nomeamento ou remoción dun titor ou curador; ou para autorizar a venda dun ben do patrimonio dunha persoa con discapacidade; ou para decidir sobre a custodia dos menores cando os pais vivan separados; ou sobre a atribución a un só dos cónxuxes da facultade para realizar actos de administración ou disposición dos bens comúns. Non semella, ao meu xuízo, razoable que nos sinalados e noutros análogos supostos de XV, caiba cuestionar que o xuíz está a realizar unha actividade de axuízamento propia da potestade xurisdiccional, consistente en constituír, autorizar, habilitar ou complementar a capacidade dunha persoa, tutelar un interese público ou resolver un conflito cuxa relevancia non require, a xuízo do lexislador, que sexa dirimido nun proceso contencioso, mediante un procedemento contraditorio ou de exercicio pacífico do dereito, substanciado con todas as garantías da tutela xudicial efectiva.

É dicir, hai determinados aspectos que, ao meu xuízo, necesariamente deben permanecer no ámbito da reserva xurisdiccional, e iso está garantido unicamente polo 117.3. De xeito que o lexislador debe ser consciente que se mantén que a fundamentación da XV asenta tan só no parágrafo 4 do art. 117 CE, cumpriría que no futuro se decidise que algún ou todos os supostos mencionados fosen atribuídos a outros operadores xurídicos, que no marco da XV serían secretarios xudiciais, notarios ou rexistradores.

No sentido expresado pronunciouse, no seu preceptivo Ditame, o Consello Xeral do Poder Xudicial: páx. 23: «sin la nota de la exclusividad del apartado 3 del art. 117, el problema queda reducido a una mera opción del legislador, que podrá sustraer a la intervención judicial lo que constituyen manifestaciones de carácter constitutivo negocial, autorizaciones, aprobaciones u homologaciones.....» e Conclusión segunda, páx. 84: «Al considerar que la intervención judicial en los procedimientos de JV no reviste la nota de exclusividad, al tener encaje constitucional en el apdo. 4 del art. 117.....». No texto do anteproxecto elaborado na Comisión de Codificación, afirmábase que as competencias xudiciais de XV quedaban amparadas polos parágrafos terceiro e cuarto do artigo 117 da Constitución.

En definitiva, parece evidente, ao meu xuízo, que a fundamentación constitucional da XV, conforme á fundamental STS de 22 de maio de 2000, que se refire á XV de competencia xudicial, ten de residenciarse ou no parágrafo 3º do art. 117, ou nos parágrafos 3º e 4º do art. 117 da CE; ou se cadra ata podería resultar máis prudente que non se fixese referencia á

natureza xurídica da XV, nunha sede como a Exposición de Motivos, que non parece a máis apropiada para este mester, co agravante, a feixes, de tratarse dunha cuestión sometida a debate na doutrina europea, sen que exista unha posición maioritaria respecto diso.

Cómpre afirmar, para concluír este punto, que o procedemento de XV de competencia xudicial, para a protección de dereitos e intereses lexítimos, require un labor de axuizamento por parte do xuíz equiparable á propia da xurisdición contenciosa, e unha tramitación na que deben respectarse os principios e garantías inherentes a toda actuación xudicial, que debe concluír mediante unha resolución xudicial de fondo, por medio da cal o xuíz se pronuncie sobre a cuestión suscitada no curso do expediente, a fin de que o cidadán obteña a tutela xudicial efectiva no exercicio do seu dereito ou interese lexítimo. En definitiva, a perda de garantías supón, tamén no ámbito dos procedementos de XV, un menoscabo na tutela xudicial efectiva dos dereitos e intereses lexítimos dos xusticiables. Cómpre sinalar así mesmo que, do mesmo xeito que sucede no marco da xurisdición contenciosa, o cidadán pode suscitar unha cuestión de constitucionalidade sobre o procedemento de XV no seu conxunto ou sobre algún dos preceptos específicos da súa normativa.

- 3) O mantemento das expresións «administradores do expediente» e «administración e xestión do expediente», poderían resultar apropiadas en referencia á función propia dos notarios e dos rexistradores, pero aplicadas a xuíces e secretarios xudiciais obedece a unha concepción administrativista da XV que quedou por fortuna superada no texto aprobado en sede da Comisión de Xustiza, polo que sería desexable a súa substitución polas expresións: «operadores xurídicos competentes» e «tramitación do expediente», en atención ao seu maior tecnicismo e á súa utilización usual na linguaxe lexislativa, así como na propia da doutrina e a xurisprudencia. Daríase tamén con iso un paso adiante no desideratum expresado nas liñas que pechan o texto da Exposición de Motivos da Lei: «Quizá esta Ley constituya el punto de partida para la elaboración de una dogmática y una teoría general de la jurisdicción voluntaria, con principios informadores y reglas de procedimiento, que la incardine de forma definitiva en el campo de la ciencia procesal y la aleje de la mera técnica procedimental».

A denominación de forma indistinta a todos os titulares con competencia na materia, supón unha inadecuada administrativación terminolóxica da XV, que só produce confusiónismo, ao poñer no mesmo plano operadores xurídicos que non o están no marco do Ordenamento, nin pola natureza

xurídica das súas actuacións nin polo grao de independencia e imparcialidade de cada un deles, en relación cos cidadáns e cos outros órganos do Estado. Neste sentido pronunciouse o Consello Xeral do Poder Xudicial nas páxs. 34 e 35 do seu Informe: «El Anteproyecto denomina "administrador del expediente" a las autoridades o funcionarios a los que la ley, ésta u otra, designe para conocer y resolver los expedientes de JV (art. 2.1), denominación que por ir asociada a la idea de gestión, se considera inadecuada, como se ha indicado, tanto referida a la actividad que se realiza, como, en particular, a la función judicial», e páx. 20: «Lo que el Anteproyecto denomina administradores del expediente —parece que intentando encontrar una denominación genérica a todos ellos— constituye una denominación poco afortunada dado que los procedimientos de JV no son, en puridad, susceptibles de administración sino de tramitación y resolución.....».

- 4) En relación así mesmo coa terminoloxía cómpre sinalar q en materia de XV, en estrita técnica xurídica, a máis axeitada, ao meu xuízo, correspóndese coa utilización dos vocábulos acto, procedemento e expediente. En puridade, previsto na lexislación substantiva un acto de XV e atribuída a súa titularidade a un xuíz, secretario xudicial, notario ou rexistrador, requírese, para a realización do dereito subxectivo ou interese lexítimo que constitúa o seu obxecto, que se incoe un procedemento a solicitude de persoa lexitimada ou, se procede, de oficio ou a instancia do Ministerio Fiscal, de se tratar dun procedemento xudicial, no curso do cal se procederá á tramitación dun expediente. A utilización abusiva no Proxecto de Lei do termo expediente cun carácter totalizador que abrangue de forma indistinta a perspectiva material e a procedemental, constitúe un desaxeitado reduccionismo lingüístico.
- 5) A coherencia conceptual esixe que desde o propio artigo primeiro, no que se axexa unha especie de definición legal de XV, se prevexa que a discordancia previa entre os intervenientes ou suscitada na tramitación, se ventile no propio curso do expediente, agás que a lei dispoña o contrario. A reflexión exposta, que pretende ser un exercicio de realismo e de coherencia entre o establecido no art. 1 e o previsto no art. 7, respecto dos efectos da controversia, foi así mesmo esgrimida por varios dos voceiros dos grupos parlamentarios, no debate na Comisión. Coido que unha posible redacción do apartado 2º do art. 1 podería ser a seguinte: «Se considerarán procedimientos de jurisdicción voluntaria todos aquellos en que sea necesaria o se solicite la intervención de un Juez, Secretario Judicial, Notario o Registrador, sin estar empeñada o promoverse contienda relevante alguna

entre los interesados, sin perjuicio de que en ellos pueda suscitarse oposición, conforme a lo regulado en esta Ley».

- 6) En relación coa lexitimación, art. 3, habería que prever que o procedemento puidese ser incoado de oficio, como así está contemplado nos procedementos que afecten a menores ou incapaces —aínda que o impulso de oficio debería preverse, con carácter xeral, en todos os procedementos con reserva xudicial, en atención á relevancia do seu contido, así nun procedemento de declaración de ausencia ou falecemento ou de extracción de órganos—, ou a instancia do Ministerio Fiscal, como acontece en múltiples supostos. No sentido apuntado maniféstase o Ditame do Consello Fiscal, no comentario das Disposicións Comúns «.....sería conveniente incluir entre los sujetos legitimados al Ministerio Fiscal ya que, en ocasiones, el ordenamiento le encomienda la obligación de promover el expediente como, por ejemplo, en materia de tutela, ausencia o protección del patrimonio de las personas con discapacidad».
- 7) En relación coa litispendencia (identidade de obxectos) referida a procedementos substanciados ante operadores xurídicos de diferente natureza, prodúcese un discutible cambio de regulación en relación coa previsión do Proxecto de outorgar prioridade ao expediente que se iniciou con carácter previo, ao establecer no art. 2.2 que: «Cuando se tramiten simultáneamente ante administradores de diferente naturaleza dos o más expedientes con idéntico objeto y sujetos, proseguirá la tramitación del iniciado ante la Administración de Justicia, y se acordará el archivo de los otros expedientes incoados».
- 8) No Capítulo I relativo a Disposicións Comúns engádese un apartado, o 3º, ao artigo 5, rubricado como Medios de proba, no que se prevé o impulso de oficio por parte do xuíz nos procedementos relativos a menores ou incapaces, ao efecto de «ordenar la práctica de cuantas diligencias y actuaciones se estimen oportunas para asegurarse de la procedencia de lo solicitado o de cualquier extremo útil para la resolución del expediente», aínda que cómpre sinalar que:
 - a) Xa se contén na regulación do Procedemento Común a xuíces e secretarios un texto, art. 22.5, con análogo contido,
 - b) o impulso de oficio debe preverse tamén naqueles supostos nos que a resolución do expediente afecte a menores ou incapaces, aínda que este non sexa de titularidade xudicial, por ex. cando nun expediente de dominio resulten afectados intereses de menores, incapaces ou ausentes, tal e como se prevé no art. 113.4.

- c) o impulso de oficio debe preverse, con carácter xeral, en todos os procedementos con reserva xudicial, en atención á relevancia do seu contido, así nun procedemento de declaración de ausencia ou falecemento ou de extracción de órganos.
- 9) En materia de días e horas hábiles, vólvese á previsión realizada no art. 9 do texto do anteproxecto da Comisión de Codificación, que se atén ao previsto ao efecto na xurisdición contenciosa, aínda que, ao meu xuízo, debería incorporar unha cláusula de estilo do tipo «salvo que la ley disponga lo contrario», en atención a que o propio texto do Proxecto prevé a habilidade de todos os días e horas en materia de Dereito marítimo, art. 173, así como establece no art. 13.1 que «Fuera de las horas de audiencia del Juez encargado del Registro Civil, y siempre que la urgencia del asunto lo requiera, le sustituirá el Juez de Instrucción que atienda el servicio de guardia». Cumpriría logo, en materia de habilidade, volver ao réxime xeral do art. 1812 da LAC, cando estean en xogo intereses de menores ou incapaces, que non deberían ser obxecto dun réxime menos privilexiado que o que se outorga ao Dereito Marítimo; ou polo menos prever o réxime xeral de todos os días e horas hábiles en determinados supostos como: a restitución de menores nos supostos de subtracción internacional, respecto do que si se dispón a preferencia na tramitación do procedemento, art. 68; a autorización para a intromisión lexítima no honor, intimidade ou propia imaxe do menor ou incapacitado, arts. 78 e 79, ou os casos de discordancia no exercicio da patria potestade, que poden afectar por ex. á potestade de garda ou á realización ou non dunha operación ou dunha transfusión de sangue, ao menor ou incapaz, arts. 100 ss.
- 10) En materia de recursos cómpre sinalar que o reforzamento do principio de audiencia, de oficio ou a instancia dos interesados, implica a posibilidade de que se produza discordia, discrepancia, contraposición, controversia, contradición, en suma, entre os intervinientes, e que unha vez tramitada e resolta a contradición, o recurso contra a resolución, é dicir, a dobre instancia, parece inherente ao procedemento xudicial. A non admisión dos recursos ten sentido nun procedemento sen contradición, de exercicio pacífico dos dereitos, pero supón un menoscabo da seguridade xurídica e da tutela xudicial efectiva, nun procedemento no que se admite a posibilidade de controversia e oposición, agás que a lei dispoña o contrario.

Como foi subliñado polo decano do Colexio de Avogados de Madrid na súa intervención, «...Un diseño que dice que lo nuclear es el verbal tiene

contradicción.....y si no hay recursos es algo a corregir. El recurso no es un elemento de dilación, se interpone dentro de plazo o no existe, y lo que tarda es la resolución y no el recurso.... Así que si conseguimos que el recurso en esta materia se haga pronto por quien lo tiene que hacer, ya no hay dilación y ahorraría el pleito principal en muchas ocasiones. Además si el recurso se pone quiere decir que la parte que lo interpone está conforme en estar en jurisdicción voluntaria.....». A posición favorable do propio presidente do Colexio Nacional de Secretarios Xudiciais na súa intervención parlamentaria e do secretario xudicial Seoane Cacharrón en recentes estudos publicados sobre a XV, a que se articule un recurso contra o decreto do secretario, polo que resolve nun procedemento da súa competencia, é unha boa mostra da responsabilidade coa que os operadores xurídicos se sitúan ante o texto legal.

No sentido expresado, e de conformidade coa filosofía das intervencións dos comparecentes, que resultaron unánimes neste punto, aprobouse a razoable emenda 109 do Grupo Parlamentario Mixto, que se recolle no art. 26, conforme ao cal se reintroduce a previsión de recursos e ao que procede engadir o establecido no apartado 3 do art. 26. bis, que debe quedar sen efecto no resto do seu contido.

- 11) En materia de asistencia técnica e de representación procesal, foron así mesmo unánimes na súa filosofía as intervencións dos comparecentes ante a Comisión de Xustiza, no sentido de resaltar que a intervención de avogados e procuradores sempre serviu para reforzar as garantías do procedemento, a seguridade xurídica e, en consecuencia, a tutela xudicial efectiva. Nos arts. 19, 19 bis e 19 ter, procédese a regular de forma diversa o que corresponde á mesma rúbrica: Comparecencia dos interesados e defensa técnica. Parece evidente que o apartado 1 do art. 19 bis no que se establece: «En los expedientes de jurisdicción voluntaria no será preceptiva la intervención de Abogado ni Procurador», ten de considerarse derogado, en atención á aprobación de dúas emendas en sentido contrario: a 150, que se corresponde co art. 19 e reproduce o previsto no art. 6 do Anteproxecto da CXC, que establece o carácter preceptivo xeral da intervención de abogado, agás nunha serie de supostos; e unha emenda transaccional, que se corresponde co art. 19 ter e que establece: «La intervención preceptiva de Abogado y Procurador en los expedientes regulados en los títulos IV y V de esta Ley».

Non resulta xustificado, na miña opinión, o radical cambio de criterio lexislativo neste punto, consistente en suprimir a intervención preceptiva

de avogado. A propensión a equiparar ou aproximar, tamén neste aspecto, procedementos de XV de distinta natureza e atribuídos a distintos titulares de competencia, en aras da simplificación, da diminución de formalidades e do custo do expediente, pode supoñer, con todo, en determinados supostos, unha regresión no reforzamento das garantías dos intervinientes.

No A. de 2005, a representación dos interesados no procedemento regulouse cun criterio análogo á regulación vixente. O interesado debía ser dirixido por avogado, agás en casos de conciliación, expedientes de contía inferior a dous mil catrocentos euros, para presentar a solicitude en expedientes que teñan por obxecto a adopción de medidas urxentes ou que deban instarse en prazo perentorio, expedientes de recoñecemento de filiación extramatrimonial e para a intervención dos interesados, distintos do solicitante, sempre que non teña por obxecto formular oposición.

Pois ben, o reforzamento no PL dos principios de audiencia, dispositivo e achega de parte, a atenuación do dirixismo xudicial, a posibilidade da práctica de todo tipo de probas, o que redundará nunha superación da verosimilitude á que se atopan abocadas, en ocasións, as tradicionais informacións, acreditacións e xustificacións, previstas na regulación vixente, unido todo iso ao recoñecemento expreso da posibilidade de contradición e de recursos, nos procedementos nos que se vexan afectados intereses de menores ou incapaces, ao propio tempo que supoñerá unha mellora nas garantías dos intervinientes e na dialéctica entre os solicitantes, interesados —en especial naqueles supostos en que se manifeste un interese contrario ou diverxente do solicitante— ou terceiros non interesados, implicará, en determinados procedementos, unha maior dificultade e complexidade procesal.

Por outra banda, a transcendencia económica dos intereses en xogo, en ocasións, a necesidade de razoar con criterios de lóxica xurídica a utilidade ou conveniencia de adoptar unha ou outra toma de postura, noutras vicisitudes, a proposición ou práctica de probas, ou ben as propias tensións que xeran as controversias no exercicio da patria potestade, as relacións de menores co proxenitor que non sexa titular da patria potestade ou con parentes ou achegados, ou as diverxencias relativas á administración dos bens de menores ou incapaces ou na administración de bens gananciais no seo da comunidade conxugal etc., parecen razóns dabondo para que se reflexione sobre este punto, ao efecto de distinguir entre aqueles supostos nos que a previsible ausencia de dificultade técnica non fai necesaria ou conveniente a preceptiva asistencia letrada, e aqueloutros nos que a

posibilidade de contradición ou recursos prevista nos propios procedementos, como sucede nos casos de menores ou incapacitados, ou a existencia dunha discrepancia ou contradición atenuada a priori, o que ten lugar nos procedementos en materia de familia, fan aconsellable a obrigada intervención dun avogado. Podería mesmo resultar aconsellable o establecemento da preceptiva intervención de avogado, con carácter xeral, en todos aqueles procedementos cuxa titularidade se lles atribúa aos xuíces.

Cumpriría tamén preguntarse en que medida resultaría axeitado o carácter preceptivo da asistencia técnica de avogado en procedementos tramitados ante os SX que poden revestir unha especial complexidade, como os expedientes de dominio e de liberación de cargas e gravames, a fixación do prazo para o cumprimento das obrigacións, a testamentaría, ou a liquidación de avarías.

Semella así mesmo razoable argumentar que, en atención ao establecido no art. 22 do PL, PL «La comparecencia se sustanciará por los trámites del juicio verbal con las siguientes especialidades.....», resultase preceptiva a intervención de avogado e procurador, conforme ao criterio establecido ao efecto para o xuízo verbal, nos arts. 23 ss. LAC, en materia de primeira instancia e apelación.

Os títulos IV e V regulan os procedementos cuxa competencia atribuílles aos xuíces, e o seu contido incumbe á condición e estado civil da persoa e dereito de familia. Pois ben, a necesidade de harmonizar o texto de ambas as emendas, e a conveniencia de que en determinados procedementos de especial complexidade tramitados ante os secretarios xudiciais se establecese tamén o carácter preceptivo da asistencia técnica de avogado e da representación por procurador, como así foi mesmo recomendado polo presidente do Colexio de Secretarios na súa intervención, podería propiciar unha solución transaccional no sentido de engadir unha cláusula no art. 19 ter, apartado 1 do teor, «así como en aquellos otros expedientes tramitados ante los Secretarios Judiciales, en los que así lo disponga la Ley». Habería, conforme á devandita disposición, que determinar caso a caso en que expedientes sería aconsellable o carácter preceptivo da intervención destes profesionais. Certamente resulta difícil imaxinar a un particular tramitando, por exemplo, un expediente de dominio, un expediente de liberación de gravames, unha testamentaría, unha liquidación xudicial de avarías, ou un depósito e venda de mercancías e equipaxes no transporte marítimo etc., ante un secretario xudicial, que non ten obriga legal nin lle pode prestar asesoramento á persoa interesada ou afectada.

Parece razoable tamén recoñecerlles aos procuradores a capacidade de certificación nos actos de comunicación en que interveñan, en réxime de concorrencia e competencia cos servizos comúns, cun específico marco de responsabilidade, en atención á acreditada profesionalidade e eficacia demostradas por estes operadores xurídicos, no seu labor de colaboración coa Administración de Xustiza. A axilización no tráfico xurídico que se produciría con esta medida podería xustificar, ao meu xuízo, a súa toma en consideración nesta Lei, sen demorar, para unha eventual reforma, unha decisión, que ten moitos visos de asumirse, en todo caso, no futuro.

Aínda que se dá por suposta, en varios artigos, a intervención do secretario nos procedementos de reserva xudicial como, por exemplo, cando se afirma no art. 23.1, incurso na Sección correspondente a Procedemento Común, que: «El Secretario judicial controlará la existencia de posibles defectos u omisiones en las solicitudes y dará un plazo para subsanar los mismos.....», ou no art. 26 bis. 3 «..... que en los expedientes correspondientes al Juez, cabrá recurso de revisión, sin efecto suspensivo, contra las resoluciones interlocutorias dictadas por el secretario.....», sería conveniente reintroducir a previsión específica respecto diso contida no art. 5.3 do Anteproxecto da CXC: «En los casos en que la resolución definitiva del expediente corresponda al Juez, el Secretario Judicial llevará a cabo toda la tramitación, excepto la admisión y práctica de pruebas».

- 12) A regulación legal da cousa xulgada non resulta satisfactoria, dado que a dicción legal pode dar lugar a confusión. No ámbito da cousa xulgada formal, semella claro que as resolucións, ditadas en todo tipo de procesos e procedementos, que deveñan firmes resultan inimpugnables, polo que producen efectos de cousa xulgada formal. O art. 207 LAC refírese a iso cando afirma que «transcurridos los plazos previstos para recurrir una resolución sin haberla impugnado, quedará firme y pasada en autoridad de cosa juzgada.....», o que non obsta para iniciar un proceso contencioso, con independencia de que varíen ou non os suxeitos, o obxecto ou as circunstancias ou orzamentos propios do procedemento voluntario precedente e sen que iso teña de entenderse, de ningún xeito, como unha impugnación da resolución ditada no marco da XV.

Sucede, con todo, que o art. 25.2, pode xerar confusión e cómpre interpretar que entra en contradición co art. 2.2, ao negar efectos de cousa xulgada ao auto do xuíz e ao decreto do secretario e non distinguir entre cousa xulgada formal, que si se produce respecto das resolucións firmes no marco da XV, e cousa xulgada material, que así mesmo se produce, ao meu

xuízo, no seu efecto negativo, no ámbito da propia XV, cando se afirma no propio art. 2. 2 que «Resuelto un expediente de JV por cualquier administrador, no podrá iniciarse otro expediente sobre idéntico objeto y entre los mismos interesados», e non se produce, pola contra, no seu efecto negativo, fóra do ámbito da propia XV, o que se prevé no art. 2.3 ao dispoñerse que «La resolución de un expediente de JV no impedirá la incoación de un proceso judicial con el mismo objeto».

En definitiva, as resolucións de XV non comportan efectos de *cousa xulgada material* fóra do ámbito da propia XV, pero si neste ámbito, nos seus efectos negativo e positivo. Cumpriría afirmar, pola súa banda, en relación con este último, que calquera órgano xurisdiccional quedará vinculado en calquera proceso ou procedemento, e iso encaixaría no denominado efecto positivo da *cousa xulgada material*, polo contido dispositivo da resolución adoptada no expediente de XV, sempre que esta non se cuestione nun proceso ordinario; nese caso o xuíz non estará vinculado, en medida ningunha, polo decidido no procedemento de XV. Negar efectos de *cousa xulgada material* á xurisdición voluntaria no seu propio marco introduciría, ao meu xuízo, unha perigosa variable que só xeraría inseguridade xurídica aos xusticiables e ao propio funcionamento da Administración de Xustiza. Por dicilo con palabras utilizadas polo fiscal do Tribunal Supremo na súa comparecencia: «Estos expedientes producen efecto de cosa juzgada formal porque no se pueden impugnar en el mismo proceso y producen efecto de cosa juzgada material en otro expediente de jurisdicción voluntaria, no en un proceso contencioso posterior pero sí en otro de jurisdicción voluntaria y si se ha resuelto no lo vamos a resolver otra vez, aunque la materia de familia es susceptible de otra modificación».

A miña proposta é que o art. 25.2 quede redactado do seguinte teor: «Cuando el operador jurídico competente sea un Juez resolverá el expediente mediante auto, que no tendrá efectos de cosa juzgada material, fuera del ámbito de la jurisdicción voluntaria.

Si el operador jurídico competente es un Secretario Judicial, lo resolverá mediante decreto, que también carecerá de efectos de cosa juzgada material, fuera del ámbito de la jurisdicción voluntaria».

- 13) Debería valorarse a conveniencia de regular a mediación, no marco da XV, de conformidade coas observacións formuladas por varios comparecetes ante a Comisión de Xustiza e por varios dos voceiros de grupos parlamentarios. A regulación da mediación —diciase na Memoria Explicativa do Anteproxecto da CXC, que si procedeu a articular este procedemento,

suprimido no Proxecto— «se hace ex novo y es una de las grandes innovaciones de la ley. Se ha querido recoger esta figura para dar respuesta a las recomendaciones internacionales de realizar esfuerzos en aras de disminuir la conflictividad judicial y a la exigencia de un importante sector doctrinal que pedía su introducción».

Ao meu xuízo, a Lei de XV constitúe unha adecuada sede para regular un procedemento como a mediación, que contribúa a evitar a xudicialización de determinados conflitos no ámbito civil, mercantil e familiar, que podería ser o xa previsto no Anteprojecto, e que conforme expresou a decana do Colexio de Avogados de Barcelona na súa comparecencia: «Tal y como está previsto, reviste las garantías suficientes para su puesta en práctica». A regulación da mediación é, por outra banda, un compromiso previsto na DF 3ª da Lei 15/ 2005, de modificación do CC e da LAC, para os casos de separación e divorcio. No texto aprobado haberán de terse en conta, como así se contempla no procedemento do Anteprojecto, as disposicións aprobadas ao efecto pola Unión Europea, así como as notas caracterizadoras da actividade do mediador: profesionalidade, confidencialidade, imparcialidade e voluntariedade. A aprobación dunha Proposición de Lei de articulación da mediación e do estatuto xurídico do mediador, o día 26 de xuño de 2007, na Comisión de Xustiza do Congreso, é dicir, o día anterior á votación das emendas do Proxecto de lei de XV, constitúe unha clara vontade de regular esta materia, e o trámite pendente no Senado pode constituír unha boa oportunidade para aprobar unha emenda na que se faga efectivo o compromiso pendente, nos escasos meses que restan de lexislatura.

- 14) En relación cos procedementos que, na miña opinión, poderían ser obxecto de inclusión específica no texto da futura Lei de XV, aludirei a) as propostas do CERMI, b) a emenda 64 de Convergencia i Unió, de inclusión dun novo capítulo no Título IV, en materia de Persoas, baixo a rúbrica «Del procedimiento para la autorización biológica de la filiación, paternidad o maternidad», e c) supostos que incluídos na LAC poderían ser trasladados á futura Lei de XV, en atención á súa natureza voluntaria.

Desde o sector da discapacidade, representado polo CERMI, Comité español de representantes de persoas con discapacidade, solicitouse que: 1) Se articule o procedemento de XV previsto no art. 156 do Código penal, relativo á autorización xudicial da persoa incapaz que adoeza de grave deficiencia psíquica; 2) Se regule a autorización xudicial para impoñerlles tratamento médico forzoso aos enfermos psíquicos e 3) Se valore a conve-

nencia de que a autorización xudicial para o internamento de persoas que padecen trastornos psíquicos, sexa tramitada mediante un procedemento de XV.

A segunda proposta do CEMI, que fora xa asumida nunha Proposición de lei presentada por Convergencia i Unió en 2005 e articulada como procedemento específico no proxecto de lei, quedou sen efecto ao aprobarse unha emenda de supresión do capítulo polo que se procedeu á súa regulación. Agora ben, ao meu xuízo, a intervención dos representantes do CERMI na Comisión, así como a posición favorable de varios voceiros e comparecentes, con especial referencia pola súa significación neste Procedemento, do fiscal xefe da Sala Primeira do TS, deberían ser obxecto dunha nova valoración. As consideracións atinentes a que se trata dunha alternativa, en moitas ocasións, a unha incapacitación, ou a un internamento non voluntario, creo que non foron suficientemente desvirtuadas polos argumentos en sentido contrario. Trátase de que un acto sanitario como é o tratamento ou o período de observación dunha persoa que non ten conciencia clara da súa enfermidade, pero non ata o punto de requirir unha incapacitación ou un internamento, se articule nun procedemento con todas as garantías. O problema non está resolto e os afectados están de acordo na conveniencia e urxencia da medida. Quizais a ausencia dos preceptivos ditames do Consello Fiscal e do Consello Xeral do Poder Xudicial, si poida considerarse unha obxección relevante á articulación do procedemento no texto de referencia.

A terceira proposta é un claro reflexo do carácter variable e fluído entre ambas as dúas esferas da lexislación, manifestado en institucións como os alimentos provisionais, a incapacitación por loucura ou o internamento de persoas con trastornos psíquicos que se tramitaron por medio de procedementos de XV antes de pasar á esfera contenciosa. No suposto do internamento, o transvase materializouse coa súa inclusión na LAC 2000. Agora ben, configurado o Procedemento de XV con todas as garantías propias da tutela xudicial efectiva, establecida a súa efectiva aplicación a supostos nos que estean en xogo intereses de menores e incapaces, ata o límite ata de non proceder ao transvase da esterilización de persoa incapacitada ao marco da Xurisdición contenciosa, con maior razón debería considerarse de natureza voluntaria o internamento, o que redundaría por outra banda nunha maior harmonización do sistema. Semella razoable, así mesmo, que de se decidir, como así parece, manter a esterilización prevista no art. 156.2 do C. penal no marco da XV, sería conveniente proceder á articula-

ción do procedemento singularizado, en atención ás súas específicas particularidades. Por todo iso, ao meu xuízo, sería un acerto que se valorase en sentido positivo a súa regulación polo Senado.

A proposta sobre «Investigación biolóxica de la filiación, paternidad o maternidad» de Convergencia i Unió, está articulada con todas as garantías, pretende encher un baleiro legal sobre unha cuestión de crecente transcendencia social e ten un entronque claro, entre outros preceptos constitucionais, no art. 39.2 CE, conforme ao cal: «La Ley posibilitará la investigación de la paternidad».

Habería que ter en conta, finalmente, aos efectos do seu posible transvase á Lei de XV, que na LAC se regulan baixo a denominación de procesos supostos sen contradición de vontades e de clara natureza voluntaria. Así sucede por exemplo: nos denominados procesos matrimoniais de separación ou divorcio por mutuo consenso; nas demandas en solicitude de eficacia civil, das resolucións de Tribunais eclesiásticos sobre nulidade de matrimonio canónico e das decisións pontificias sobre matrimonio intre e non consumado, sempre que non se solicite a adopción ou a modificación das medidas establecidas; ou nas demandas en xuízo verbal nas que se pretende que o Tribunal poña en posesión de bens a quen os adquiriu por herdanza de non estiver sendo posuídos por ninguén a título de dono ou usufrutuário. Contéplase neste último suposto o tradicional interdito de adquirir a posesión, expresión que foi suprimida pola LAC, malia o mantemento, noutras ocasións, de termos, principios, regras e criterios de perenne valor, acuñados pola tradición xurídica e acolleitos nas leis procesais civís doutros países da nosa mesma área cultural, conforme se afirma, con acerto, na precisa e afortunada Exposición de Motivos da Lei procesal civil. Inclúense de igual xeito na LAC, en atención a motivacións diversas, institucións que teñen unha natureza basicamente de xurisdición voluntaria. Así sucede en relación coas previsións lexislativas referidas a dilixencias preliminares ou medidas provisionais previas ás demandas de nulidade, separación ou divorcio.

- 15) Parece razoable, finalmente, que na Exposición de Motivos da futura Lei se faga unha mención ao texto do Anteproxecto, que serviu de fundamento e referencia obrigada no debate e, chegado o caso, aprobación da Lei de XV. O texto legal mencionado, publicado polo Ministerio de Xustiza en outubro de 2005, é obra dun *relatorio* que, constituído no seo da Sección Segunda, que presidía naquel momento o profesor Aurelio Menéndez, da Comisión Xeral de Codificación, e composto por sete membros, presididos por D. José

María de Prada, foi nomeado no ano 2002 por D. José María Michavila e confirmado no ano 2004 por D. Juan Fernando López Aguilar, na súa condición de ministros de Xustiza.

5. A MODO DE CONCLUSIÓN

A seriedade con que, sen dúbida, se acometeu o estudo da XV, manifestada na constitución dun *Relatorio* no seo da Comisión Xeral de Codificación, que elaborou un valioso texto prelexislativo entre os anos 2002 a 2005, que serviu de base ao Proxecto do Goberno, a comparecencia, en trámite de asesoramento do Congreso dos Deputados, de 14 expertos sobre a materia e as 562 emendas presentadas por todos os grupos parlamentarios, así como o alto nivel técnico do texto legal aprobado en sede parlamentaria —a aprobación no Congreso de emendas contraditorias reduciase a tan só dous artigos en materia de asistencia técnica e recursos— viuse frustrada, con todo, ao meu xuízo, por:

- a) O cambio de concepción, respecto do previsto no texto do *Relatorio*, que supuxo a inclusión no proxecto dunha artificiosa equiparación entre procedementos de diferente natureza, como son o xudicial e o administrativo notarial e rexistral, o que se materializou na supresión da contradición, dos recursos e da asistencia técnica e a representación procesual, nos procedementos xudiciais.
- b) A oposición dalgúns dos operadores xurídicos afectados, de forma singular, secretarios xudiciais e avogados, ante a desacertada previsión que implicaba un estéril reduccionismo da XV ao ámbito negocial e administrativo, debido á supresión das connotacións xurisdicionais do procedemento xudicial.
- c) A articulación dun procedemento xudicial xeral unitario e garantista, en contraposición á vixente previsión legal, que carecía desta nota caracterizadora, e a súa aplicación tan só a menores e incapaces, co risco de ineficacia do procedemento substanciado ante os secretarios xudiciais, e de frustración destes operadores xurídicos, que se verían obrigados a tramitar tan só os supostos de ausencia de conflitividade, e a arquivar o expediente nos restantes, obrigando aos interesados en acudir a un xuízo ordinario.
- d) A polémica -xurdida, ao meu xuízo, por unha deficiente redacción legal-arredor da consideración de que non parece que a Lei de XV sexa unha lei adecuada para cambiar o actual modelo de seguridade xurídica preventiva e de fe pública, cuxa probada eficacia e prestixio entre os xusticiables e os operadores xurídicos está fóra de toda dúbida razoable.

- e) A inapropiada referencia á natureza xurídica da XV xudicial en sede de Exposición de Motivos. O carácter controvertido da cuestión na doutrina española e europea, unido á, ao meu xuízo, cuestionable ausencia de reserva xurisdiccional nos supostos de atribución de competencias aos xuíces, fan aconsellable ou ben incardinar a materia nos apartados 3 e 4 do art. 117 CE, ou ben mesmo, o que sería máis prudente, non abordar a cuestión da natureza da XV no texto legal.

É hora xa de que a xurisdición voluntaria deixe de ser un campo de experimentación do lexislador. Hai que elaborar unha lei o máis completa posible que, escrita con boa técnica xurídica, conforme ás esixencias da dogmática do dereito procesual:

- a) articule un procedemento xeral con todas as garantías inherentes a calquera actuación xudicial, entre as que cómpre destacar que a oposición non impida a continuación na tramitación do expediente, salvo que a lei dispoña o contrario, a posibilidade de recorrer en apelación o auto definitivo do xuíz ou, en revisión, o decreto do secretario xudicial e o mantemento, salvo as excepcións previstas na lei, do carácter preceptivo da asistencia técnica de avogado e a representación do procurador, xunto coa previsión do beneficio de xustiza gratuíta, fronte á actual identificación da institución con supresión ou diminución de garantías, prazos ou formalidades, en detrimento da tutela xudicial efectiva,
- b) suprima os procedementos obsoletos, reforme os aínda útiles, e traslade e incorpore doutros textos legais os que teñen natureza voluntaria
- c) desxudicialice competencias, en aras da racionalización do sistema, e que llelas atribúa a outros profesionais do dereito, notarios e rexistradores, de forma especial, as que razoablemente lles correspondan pola súa propia natureza,
- d) redistribúa competencias no seo do órgano xudicial entre xuíces e secretarios xudiciais, e
- e) recoñeza ao xusticiable a posibilidade de optar, en determinados procedementos respecto dos que non exista reserva xudicial, entre acudir a un secretario xudicial ou a un operador xurídico extraxudicial, notario ou rexistrador da propiedade ou mercantil, o que constitúe unha manifestación de confianza na madurez da sociedade civil.

Estamos, daquela, ante a necesidade de atender a unha urxente necesidade social e de modernizar a Xustiza nesta materia, caracterizada pola estreita

conexión coa vida diaria dos cidadáns e pola relevante transcendencia práctica de moitas das súas manifestacións, e de facelo con vontade de permanencia no tempo, co maior consenso político posible, nunha esfera do Ordenamento de marcado carácter técnico-xurídico, no que o debate non debe ser ideolóxico, senón en todo caso de concepción ou filosofía da xurisdición voluntaria. Trátase, en definitiva, de dar resposta, tamén nesta parcela do Ordenamento Xurídico, ao desafío dunha Xustiza máis moderna, racional e eficaz.

PROPOSTAS PARA O FUTURO DOS GOBERNOS LOCAIS. CRÓNICA DUNHA SUPERACIÓN

Borja Vereá Fraiz

Subdirector xeral de Réxime Xurídico Local

Dirección Xeral de Administración Local

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

"Ninguén mellor que os individuos dunha poboación coñecen as súas necesidades, os seus recursos, os medios de aumentar os seus bens e de diminuír as súas calamidades"
Alberto Lista, Revista de Madrid (1837)

Resumo: *É unha constante no debate da xestión pública o preguntármonos sobre a necesidade de continuar cō sistema actual municipal ou se este debe sufrir unha profunda reforma. Propóranse unha serie de melloras na administración local que van dende axustes puntuais no seu financiamento para acadar unha maior eficiencia ata un tratamento máis obxectivo e profesional para cōs empregados públicos locais, todo partindo dunha perspectiva histórica que intenta xustificar a necesidade e posibilidade de evolución progresiva dos gobernos locais.*

Palabras clave: *Gobernos locais, propostas, federalismo fiscal, impostos, empregados públicos, gasto público, mellora, evolución histórica.*

Abstract: *It is a constant debate in the public administration asking us on the need to continue with the current municipal system or whether it should undergo a thorough reform. It will propose a series of improvements to local governments ranging from one-off adjustments in funding for greater efficiency, to a more objective and professional with local civil servants, all from a historical perspective that attempts to justify the need and possibility of a gradual evolution of local governments.*

Keywords: *Local governments, proposals, fiscal federalism, taxation, civil servants, public expenditure, improvement, historical evolution*

Índice: *1. Servizo público coma orixe e esencia dos concellos 1.1. Orixe dos servizos públicos locais 1.2. As especialidades dos servizos públicos locais hoxe en día 2. Propostas de superación do sistema actual 2.1. En materia de financiamento 2.1.1. Dignificación das competencias municipais 2.1.2. Unha nova cultura na financiación local 2.1.3. Algúns axustes nos impostos locais existentes 2.2 No eido da función pública local 2.3. Un maior control do gasto público local 3. Bibliografía.*

1. O SERVIZO PÚBLICO COMA ORIXE E ESENCIA DOS CONCELLOS

Do mesmo xeito que no comezo do traballo premiado de Juan Francisco Parra Muñoz¹ podemos parafrasear a Ortega y Gasset nunha das súas máis famosas afirmacións – “*Castela fixo a España e Castela a desfixo*” – e modular a mesma para dicir que se o servizo público está no cerne dos concellos, na esencia da súa aparición, a problemática dos servizos públicos locais é sen dúbida a que está xerando hoxe en día os efectos máis devastadores nos mesmos. Non é demasiado novidoso dicir que a estrutura constitucional, lexislativa e financeira do eido local está acadando unhas constantes ineficiencias que someten aos concellos e deputacións á crítica constante e á concepción destas administracións como unha molestia ou contrapunto do que debe ser o futuro da xerencia pública.

Ao longo deste artigo intentaremos propoñer unha serie de modulacións concretas nos diferentes ámbitos xerenciais nos que ten potestades a administración local; axustes que non esixen unha reformulación traumática do sistema, senón que son de aplicación sinxela e case que inmediata e que entendemos poden corrixir algúns dos desaxustes detectados tanto pola doutrina como polos operadores xurídicos.

1.1. ORIXE DOS SERVIZOS PÚBLICOS LOCAIS

³⁴ SANCHEZ GALIANA, JOSÉ ANTONIO. “La necesaria reforma tributaria de las haciendas locales: algunas

as esixencias do principio de beneficio pois son os propietarios chamados a soportalos os directos beneficiarios dunha boa parte dos servizos municipais³⁵.

O paradigma destes impostos é sen dúbida o Imposto sobre Bens Inmóveis. Criticouse sempre a súa escasa flexibilidade e o seu carácter regresivo, e a maior parte da doutrina aposta pola adaptación do valor catastral que configura a súa base impositiva (art. 65 RDLex 2/2004, 5 de marzo da lei reguladora das facendas locais) pola súa proxección ás realidades de mercado³⁶; un valor de referencia representativo do comportamento do mercado inmobiliario. Tamén sería conveniente minimizar o uso de beneficios fiscais para ampliar así as súas posibilidades recatorias (volvendo na idea de non configurar a financiación local con aspiracións redistributivas). Outro aspecto esquecido ata o día de hoxe e o desenvolvemento regulamentario do termo vivenda desocupada que habilitaría aos concellos a establecer un recargo do 50% (art. 72.4 in fine RDLex 2/2004, 5 de marzo da lei reguladora das facendas locais) a esas vivendas co impacto extrafiscal que tería nestes momentos de crise; non ten sentido que a posibilidade legal do artigo non fose aínda executada. Especialmente interesante paréceme a idea de Suárez Pandiello no IBI rústico *"el IBI de los inmuebles rústico atópase dende fai un cuarto de século nunha situación de estancamento que é preciso superar tendo en conta o incremento da calidade de vida no sector agrario vinculado en gran medida ao esforzo financeiro realizado polo entes locais na maior provisión de servizos públicos en cantidade e calidade. Defendemos que este gravame debe reconsiderarse e vincularse aos investimentos e gastos realizados polos municipios no rural"*. Imaxinemos as consecuencias dunha medida así nos concellos galegos, maioritariamente rurais. Por último algún outro autor establecía algunha solución valente e que comparto, que dotaría ao IBI dunha flexibilidade da que carece e que evitaría moitas outras modificacións. Trátese de liberar os marxes do tipo de gravame³⁷ e que este seña case que libre para os concellos; ou polo menos que teña menos trabas evitando esa tutela pola lexislación estatal. Estes tipos de gravames poderían estar suxeitos a criterios idóneos que evitarían a total discrecional-

consideraciones sobre la imposición municipal". Quincena Fiscal Aranzadi. Num. 9/2010. Editorial Aranzadi SA. Pamplona.2010.

³⁵ SIMÓN ACOSTA, E. "Los impuestos sobre la riqueza inmobiliaria". Informes sobre el Proyecto de Ley reguladora de las Haciendas Locales. Instituto de Estudios Económicos.Madrid. 1988, pax. 39 y ss.

³⁶ Non ten a mesma opinión SANCHEZ GALIANA, JOSÉ ANTONIO en "La necesaria reforma tributaria de las haciendas locales:algunas consideraciones sobre la imposición municipal"

³⁷ Nesta liña de profundizar na flexibilidade do sistema financeiro local tamén VALENZUELA VILLARUBIA, ISIDRO. "El sistema de financiación de los entes locales:visión crítica y propuestas para su reforma". Instituto Andaluz de Administración Pública. Premios Blas Infante 2005. Sevilla. 2005. PAX. 213

lidade dos concellos³⁸. E por suposto esta mesma idea é aplicable ao resto de impostos locais.

O imposto municipal máis criticado, e máis hoxe en día, é o Imposto sobre Actividade Económicas. Aínda que o imposto, e especialmente dende 2002 cando se estenderon as exencións a todas as persoas físicas³⁹ e ás persoas xurídicas cuxa cifra de negocios non superara o millón de €, está en mínimos recadatorios e con pouca influencia nos orzamentos locais da maioría dos concellos. O imposto non responde ao seu nome, xa que á vista do ámbito subxectivo e obxectivo debería chamarse "Imposto sobre Certas Actividades Económicas das Grandes Compañías⁴⁰". É unánime a doutrina en que soamente cabe ou a súa desaparición ou o seu reaxuste en condicións máis asumibles de eficiencia e equidade. E aquí onde podemos poñer en conexión a proposta de facer partícipes a todos os concellos na recadación estatal e autonómica do IRPF e do IVE, actuación que debería ir acompañada en todo caso coa desaparición do IAE e ir así acomodando os diferentes feitos impositivos.

Como analizamos en apartados anteriores da fiscalidade municipal, os impostos locais teñen ademais do seu potente compoñente histórico unha finalidade de facenda contributiva, isto é, encamiñada a financiar os servizos municipais e a custear os gastos derivados da utilización destes servizos, nunha proxección do principio de beneficio. Así, dentro deste esquema, o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica como tributo que grava os vehículos sería consecuencia da necesidade de financiar os accesos rodados municipais e as vías de comunicación interna das entidades locais así como o seu mantemento. Seguindo esta lóxica xurídica o importante polo tanto sería non xa o titular do vehículo, nin sequera o seu potencial usuario; senón o lugar onde habitualmente o vehículo xera un consumo de vías de comunicación municipais. O concello que vai recibir o líquido da recadación deste tributo vai ser aquel que sexa o do domicilio legal de titular administrativo do vehículo, isto é, o que conste no DNI ou se xustifique con algún outro documento legal como un certificado de empadramento. É evidente que isto non garante que o municí-

³⁸ CHECA GONZÁLEZ, CLEMENTE. "Las últimas reformas sobre el IBI y en materia catastral". Las haciendas locales: situación actual y líneas de reforma. Serie claves del gobierno local, 4. Fundación Democracia y Gobierno Local. Barcelona. 2005 . Pax, 249.

³⁹ Exención que dende un punto de vista teórico ten moita lóxica, ver LOPEZ ESPADAFOR, CARLOS MARÍA. "La necesaria reforma del impuesto sobre actividades económicas: su articulación como recurso de las haciendas locales y su coordinación dentro del sistema tributario español". Documentos. Instituto de Estudios Fiscales. Doc 15/06.2006, pax.27.

⁴⁰ POVEDA BLANCO, FRANCISCO. "El nuevo impuesto sobre actividades económicas. Comentarios y análisis práctico". Deusto. Bilbao.2003

pio que sofre as consecuencias da utilización das súas vías por vehículos vaia recibir todo a recadación destes xa que precisamente a natureza ontolóxica do vehículo é o movemento e un vehículo pode estar "a consumir" estradas dun municipio ao que non lle aboará o imposto xa que o seu titular ten o seu domicilio legal noutro lugar. Unha análise dos requisitos que esixe a Dirección Xeral de Tráfico para proceder a un cambio de domicilio no permiso de circulación dun vehículo establece que se esixa unicamente como documentación xustificante ben o DNI, o certificado de empadramento, a tarxeta censual, etc. Se non hai cambio de municipio abondará cun recibo de auga, luz, gas, etc. Entendo que a característica do lugar de utilización físico do vehículo é máis importante dende a perspectiva do federalismo fiscal municipal que o seu titular ou o domicilio do seu titular e que no estado da tecnoloxía actual non debería de ser especialmente difícil ter perfectamente localizados consumos de vías de comunicación que leva a cabo cada vehículo e realizar así unha repartición da carga impositiva máis equilibrada, o que permitiría ademais evitar as astucias de derivar o imposto a municipios con menor carga impositiva cunha modificación de domicilio ou de cambio de titular fraudulenta e moi sinxela dende o punto de vista administrativo e tributario pero cunha importante desviación de fluxos recadatorios. Ademais a visión clásica do vehículo como obxecto que gasta e estraga estradas está hoxe superada e as perdas para o municipio que soporta a circulación destes vai máis alá dunha simple reposición de infraestrutura e afecta a outros ámbitos como o medio, o espazo, o ruído ou a calidade de vida dos seus veciños.

Hai outra posibilidade que permite a normativa básica estatal na Disposición Adicional Primeira do RDLex 2/2004 de 5 de marzo da Lei reguladora das facendas locais; e é que a administración autonómica estableza e esixa un imposto sobre a materia imponible gravada polo Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica; o exercizo desta potestade establecerá as compensacións a favor dos municipios mediante subvencións incondicionadas ou participación nos tributos da Comunidade Autónoma, xa que suprimiríanse os Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica de cada concello. As ventaxas desta posibilidade son claras dende un punto de vista de xestión do imposto e aplicación do uso territorializado do vehículo. Asemade pode permitir abrir o feito imponible a criterios máis profundos de corte medioambiental vinculados á contaminación do vehículo. Outro beneficio desta posibilidade é que permitirá artellar mellores estratexias da fiscalidade do automóvil ao ser impostos cedidos nas Comunidades Autónomas o Imposto de Hidrocarburos, parte do IVE e o Imposto de Matriculación. Esta posibilidade ademais non xeraría ningún desgaste na

suficiencia financeira xa que os concellos non poderán nunca percibir menos do que percibían nin supor unha merma nas posibilidades de crecemento futuro por dito imposto.

2.2. NO EIDO DA FUNCIÓN PÚBLICA LOCAL

Un dos principais problemas da función pública local é posiblemente a fragmentación das súa normativa, con fallas de estruturación. Estamos ante unha regulación superposta que vai dende Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, que aínda mantén algúns artigos vixentes da coñecida Lei 30/1984 ou que ata necesita suplirse en ocasións coa Lei de Funcionarios Civís do Estado ou o Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de postos de traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado; tamén de aplicación obrigatorio a todos os concellos é o regulamento que establece os programas e requisitos mínimos para o acceso á función pública local; RD 896/1991. A normativa autonómica galega tamén é aplicable ás entidades locais galegas ao incluírse no ámbito de aplicación do Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de función pública de Galicia no seu artigo 3.2. E por suposto a normativa administrativa específica de réxime local que afecta aos empregados públicos locais, isto é, os artigos vixentes da LBRL, o RD Lexislativo 781/1986 de 18 de abril polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Polo tanto é evidente que unha primeira proposta debe ir encamiñada á simplificación do ámbito normativo; responsabilidade que neste caso é compartida entre o lexislador estatal e o lexislador autonómico. Xa que logo, misión importante é unha nova articulación da cascada regulamentaria da función pública local, na que debemos destacar unha nova decisión que debe tomar o lexislador como ata onde quere chegar na organización administrativa municipal. Un desaxuste básico hoxe en día nos concellos, e por suposto nos galegos, é a falla dunha estrutura burocrática máis ou menos uniforme que poida servir xa non de molde, senón de límite ante posibles erros de xestión que xeran problemas de difícil solución. Un achegamento aos cadros de persoal dos municipios galegos, especialmente nos de poboación media e os máis pequenos, móstranos unha estrutura funcional dispersa e sen ningún tipo de parámetro que poida validar a eficiencia das mesmas. Varios concellos de poboación semellante, extensión parecida e similares orzamentos poden

ter un cadro de persoal nos seus servizos básicos completamente diferente, os funcionarios que desenvolven as funcións básicas presentan entre concellos diferenzas tanto cuantitativas como cualitativas, podemos atoparnos que nestes concellos, nuns haxa funcionarios da Escala de Administración Xeral, subescala Técnica (A1) e noutros non teñamos ningún pero sí un exceso da subescala de auxiliares. Isto ademais xera unhas consecuencias inmediatas no capítulo I dos orzamentos locais. O establecemento dunha configuración nuclear na burocracia da administración local sería moi interesante dende un punto de vista da ordenación e profesionalización dos funcionarios locais, configuracións de cadros de persoal segundo os habitantes, orzamentos e cunha marxe o suficientemente ampla que permita axustar as necesidades concretas de cada concello pero tamén o suficientemente lóxica que evite situacións ineficaces. A normativa habilita perfectamente para tomar estas decisións de mínimos nas organizacións locais e non afectaría ao cerne da autonomía local. A decisión dun goberno municipal de optar por crear prazas de funcionarios cando estas non son necesarias ten consecuencias de case imposible solución nas máis de 8.000 entidades locais que zarrapican o Estado e polo tanto é un erro tentador e de efectos de evolución progresiva. A creación de cada praza de funcionario debe axustarse a parámetros moi estritos de control financeiro a longo prazo. Na mesma liña de falla de certa limitación na función pública local e que *“os funcionarios representan pouco máis da quinta parte de todo o persoal ao servizo da Administración Local”*⁴¹; polo tanto o resto é persoal laboral. Case que o 75% dos empregados públicos locais en España son persoal laboral; unha mostra máis do defectuoso do sistema e de necesidade da súa corrección. É necesaria unha volta ao modelo estatutario da función pública. Nesta liña a figura xurisprudencial do persoal laboral indefinido non fixo, trasladada xa a normativa, presenta nos concellos galegos un problema case que endémico posto que a través de procesos selectivos (no mellor dos casos) para a contratación de persoal laboral por obra ou servizo determinado (laboral temporal) estanse creando nos orzamentos gastos estruturais derivados das sentenzas da xurisdicción laboral que esixen a creación da praza no cadro de persoal e no orzamento municipal e a posterior convocatoria da mesma con carácter permanente. Así, un erro na xestión polos gobernantes locais supón un gasto permanente aos veciños e ás arcas municipais, ademais de supor unha ineficiencia na xestión. Unha solución acaída para este problema sería a

⁴¹ LOPEZ PELLICER, JOSÉ ANTONIO. El régimen de la función pública local ante la anunciada reforma de la administración local y en anteproyecto de ley básica de esta. El Consultor de las Ayuntamientos y de los Juzgados.nº7. Quincena del 15 al 29 de abril. Editorial La Ley. 2006

redución ao máximo nas posibilidades de contratar persoal laboral temporal, substituíndo estas necesidades puntuais de empregados públicos pola figura xa establecida no artigo 10 do EBEP de funcionarios interinos para execución de programas de carácter temporal e que non teñen esa problemática de xerar gasto público estrutural permanente no caso de extenderse no tempo por un erro ou deixación dos gobernantes locais.

É certo que as últimas Leis de Orzamentos Xerais establecen uns límites ao crecemento do capítulo I de todo o sector pública, disposicións derivadas da situación coxuntural que temos e que en ningún caso soluciona o problema de fondo. Esta regulación de limitación e ordenación dos cadros de persoal das corporacións locais, a lo menos no que respecta aos servizos básicos administrativos, é xa unha cautela que ten a nosa normativa no seu artigo 169.1 do RD Lexislativo 781/1986 de 18 de abril polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local: *"A Administración do Estado fixará os criterios de poboación, clasificación da Secretaría respectiva e demais que sirvan para a determinación das Corporacións en que poidan existir postos de traballo a desempeñar por funcionarios de cada unha das Subescalas da Escala de Administración Xeral"*. Ademais de esto o problema non é normalmente a masa salarial global senón moitas veces os salarios de cada funcionario que son tremendamente diferentes entre os concellos para postos de igual categoría e nivel, xogando có complemento específico e producindo desaxustes e ineficacias; a intervención de marxes debería extenderse tamén hacia unha unificación de salarios entre as administracións locais con características parecidas.

Outro problema coñecido no eido da función pública local é as deficiencias que xera unha administración de cercanía nos procesos de selección do seu propio persoal, especialmente naqueles concellos máis pequenos. Unha solución que se debería estudar é o alonxamento do proceso selectivo o máis posible do órgano decisor que require ese persoal, para garantir a obxectividade e imparcialidade. Se ben, segundo a normativa básica actual, os tribunais de selección xa só poden estar formados por persoal técnico capacitado, non é menos certo que a opción continua polo concurso-oposición supón unha aparencia xeralizada de falla de igualdade de oportunidades entre os aspirantes á función pública. Unha solución que melloraría esta aparencia de obxectividade e polo tanto dignificaría aos empregados públicos locais sería que os procesos selectivos se realizasen a través dunha encomenda de xestión pola

Escola Galega de Administración Pública⁴² ou que fose necesario en todo caso pasar un curso selectivo na mesma que garantizase os coñecementos mínimos en toda a administración local galega e polo tanto unha profesionalización mínima obrigatoria en todos os funcionarios locais. Así se fai xa, por exemplo, cós Policias Locais.

Por último, unha función pública dignificada con algunhas destas propostas ten que concluír cunha maior responsabilidade da mesma, e polo tanto con maiores posibilidades dos funcionarios locais de controlar e fiscalizar as accións políticas para conseguir o seu axuste á legalidade. Como di Cuadrado Zuloaga⁴³ os políticos necesitan do concurso dos funcionarios públicos como xestores públicos, empregados públicos que coñezan o amplo panorama de posibilidades que ofrece a ciencia administrativa como eficaz garantía dunha adecuada execución das liñas programadas. A axuda dos funcionarios máis expertos e capacitados é imprescindible para levar adiante a política dos gobernantes con arranxo a criterios de boa Administración. Non semella conveniente estender o modelo introducido pola Lei 57/2003 de modernización da administración local que soamente conseguiu duplicar postos aislando ao Secretario e outorgando moitas das súas funcións a outros funcionarios. Incrementar o gasto burocrático duplicando postos ten moito menos sentido en concellos de menor tamaño onde os funcionarios con habilitacións de carácter estatal deben conxugar as funcións de xestores-directivos á vez que de fiscalizadores da legalidade. Esta función de control da legalidade debe ser potenciada na nova regulación outorgándolle unhas maiores consecuencias administrativas aos controis internos dos concellos, xa que estase vendo a falla de eficacia das depuracións contencioso-administrativas e contables polos órganos externos. Semella máis interesante aproveitar esta figura de fonda tradición nos nosos concellos que experimentar controis administrativos vía autorizacións por parte das administracións autonómicas e estatais sobre os actos locais, posibilidade habilitada pola xurisprudencia constitucional e que xa se fai nalgúns sectores como o patrimonial. Por en valor a figura destes funcionarios é unha garantía para o cidadán.

⁴² A normativa catalana establece esta previsión no seu artigo 286.4 do Decreto Lexislativo 2/2003, de 28 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Municipal e de Réxime Local de Cataluña: "Se o acorda o pleno da corporación local, a selección do seu persoal pode encomendarse á Xeneralidade, mediante a Escola de Administración Pública de Cataluña. Neste caso, a Xeneralidade aproba as bases e fai a convocatoria e o proceso de selección, no marco do que establece o apartado 3."

⁴³ CUADRADO ZULOAGA, DANIEL. Progresiva desprofesionalización de la Administración Pública. El Consultor de las Ayuntamientos y de los Juzgados. nº7. Quincena del 1 al 15 de junio. Editorial La Ley. 2009.

2.3. UN MAIOR CONTROL DO GASTO PÚBLICO LOCAL

O instrumento financeiro fundamental nas entidades locais galegas é o orzamento. Os problemas de tesourería que teñen a maioría dos concellos galegos teñan a súa orixe nunha mala planificación orzamentaria por unha banda e nunha defectuosa execución do mesmo por outra. A mala planificación xera uns orzamentos que non se axustan á realidade e cuns ingresos por riba dos que serán xa non recadados, senón nin tan sequera recoñecidos e polo tanto a posibilidade de gastar máis alá do posible. Ademais en moitas das administracións locais non se segue un procedemento administrativo de recoñecemento do gasto, especialmente nos gastos menores, o que supón a prestación de servizos e a subministración de produtos sen coñecer previamente a existencia do crédito necesario. Estas circunstancias, ampliadas por outras, xeran que sexa necesario acudir á figura do recoñecemento extraxudicial de crédito como figura habitual para aplicar ao orzamento todas as facturas atrasadas; procedemento que ten na normativa un carácter excepcional e que é utilizado como un ciclo diabólico e en ocasións supón consumir unha parte importante do crédito corrente. A esto podemos engadir que a falla de persoal capacitado e organizado por criterios estritamente administrativos para axudar nas súas funcións aos Interventores está a xerar que a fiabilidade dos datos contables poida non ser na maioría das ocasións o rigorosa que debería e polo tanto escurecendo aínda máis as solucións⁴⁴. Non cabe dúbida que aquí as Deputacións Provinciais teñen unha carencia xa que debería ser obrigatoria en todas elas unhas Unidades de apoio contable e orzamentario; que puidesen actuar con carácter inmediato en calquera concello que o solicitase e ter ao tempo unha contabilidade integrada provincial, o que xeraría unha cantidade de datos e indicadores que mellorarían a xestión económica financeira local ademais de permitir aproveitar mellor os recursos.

Xa relacionado coa evolución da economía nos últimos anos, é certo que esta xerou moitos ingresos puntuais vinculados especialmente ao urbanismo, que supuxeron a expansión dos gastos correntes estruturais que agora en época de recesión se ven ameazados. Gustaríame destacar aquí a recente Lei de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira aprobada polo Parlamento de Galicia que evitará precisamente que en épocas expansivas a autonomía orzamentaria poida voltar a xerármonos estes gastos estruturais. Sería unha medida apropiada a extensión do ámbito de aplicación desta nor-

⁴⁴ RODRÍGUEZ CASTAÑO, ANTONIO RAMÓN. “Propostas para a mellora da xestión económico-financieira das corporacións locais”. No Libro “Estudios sobre a modernización da Administración Local: teoría e práctica”. Editorial El Consultor de los Ayuntamientos e dos Xulgados, Madrid, 2009.

ma ás entidades locais galegas; medida que entendo perfectamente legal xa que o Estatuto de Autonomía de Galicia establece no seu artigo 49 que *"corresponde á Comunidade Autónoma galega a tutela financeira sobre os entes locais respectando a autonomía que a estes recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución e de acordo co artigo 27. 2 deste Estatuto"* e ademais o artigo 27.2 do mesmo establece que a *"organización e réxime xurídico das comarcas e parroquias rurais como entidades locais propias de Galicia, alteracións de termos municipais comprendidos dentro do seu territorio e, en xeral, as funcións, que sobre o Réxime Local correspondan á Comunidade Autónoma ao abeiro do artigo 149.1.18 da Constitución e o seu desenvolvemento"*; e, por suposto, o establecido no artigo 30.1: *"fomento e planificación da actividade económica en Galicia"*. Tradicionalmente, ao falar dos principios reitores das Facendas locais, veñen instantaneamente á cabeza os principios anteditos de autonomía e suficiencia financeiras. Non obstante, ás Facendas locais, como parte integrante da Facenda Pública española e galega, sonlle de aplicación as regras xerais de funcionamento da Facenda Xeral, que presiden as relacións entre as distintas facendas do Estado.

En palabras inmejorables de Valenzuela Villarubia⁴⁵, e seguindo a súa exposición ao respecto, ademais dos principios de autonomía e suficiencia financeira hai outros principios que tamén son de aplicación ás entidades locais galegas, como é sen dúbida o principio de legalidade, que precisamente ten unha importante proxección no que respecta tanto aos ingresos locais, como ao gasto público local, e por suposto en todo o que se refire á lexislación orzamentaria.

Polo que respecta ao gasto público local, as Entidades locais aparecen vinculadas na xestión dos seus gastos polo disposto no art. 133.4 CE, que obriga as Administracións Públicas a contraer obrigas financeiras e realizar gastos só no marco que lles permiten as leis. Este mandato significa que as Entidades Locais deberán prever o seu gasto (orzamentar), e executalo, conforme ás normas básicas que determina a Lei de Facendas Locais, a normativa de desenvolvemento e a lexislación orzamentaria.

Ademais a doutrina do Tribunal Constitucional no que se ven en chamar "Facenda de coordinación" habilita ao establecemento de regras financeiras ás facendas locais por parte das facendas estatais e autonómica.(STC

⁴⁵ VALENZUELA VILLARUBIA, ISIDRO. "Os principios xenéricos das Facendas locais españolas e a súa limitación sobre a política fiscal local". El Consultor de los Ayuntamientos y de los Juzgados, N^o 20, Sección Colaboraciones, Quincena del 30 Oct. al 14 Nov. 2010, Ref. 2965/2010, pág. 2965, tomo 3, Editorial LA LEY

27/1987 de 27 de febreiro⁴⁶).

O nova lei de disciplina orzamentaria plantexa grandes novidades para garantir a sustentabilidade financeira das finanzas públicas galegas, polo que non tería moito sentido deixar fora desta normativa ás finanzas locais galegas cando estas supoñen cerca do 20% do total do gasto do sector público galego. Unha das medidas máis importantes desta Lei é o establecemento dun límite de gasto non financeiro autorizado polo Parlamento de Galicia que evitará que ingresos extraordinarios se incorporen á estrutura administrativa a través do gasto corrente, e que significará o destino destes ingresos extraordinarios para amortizar débeda. A flexibilidade dos tributos locais supuxo no anterior ciclo expansivo que precisamente estes ingresos extraordinarios xerasen un incremento do gasto fixo dos concellos e deputacións polo tanto enténdoa como unha medida imprescindible no eido local galego. O control do incremento do gasto máis alá das previsións desta Lei tamén sería interesante pero como dicíamos no apartado anterior, dotar de maiores efectos aos controis internos dos concellos pode xerar unha primeira barreira de especial relevancia ante a constante tentación de orzamentos non axustados á realidade.

⁴⁶ De entre todos os pronunciamentos do Alto Tribunal, destacamos a *Sentenza 27/1987, do 27 de febreiro*, que definiu o contido e límites do que se veu a denominar «a Facenda de coordinación», coas seguintes conclusións:

- Contido. A coordinación implica unha rede de relacións interadministrativas tendente a conseguir a información recíproca, a homoxeneidade técnica, e a acción conxunta das Administracións coordinadas, co obxectivo de alcanzar o interese común, evitando disfuncionalidades.
- Límites. Os límites xenéricos de toda acción de coordinación veñen dados polas seguintes pautas:
 - A coordinación non entraña limitación ás competencias dos entes coordinados, senón límite ao exercicio destas.
 - A coordinación non pode traducirse na imposición de instrucións esgotadoras para o ente coordinado, de modo que este vexa suprimida totalmente a súa capacidade de influencia ou decisión na acción conxunta.. Os medios e técnicas empregados deben respectar a discrecionalidade dos entes coordinados.
 - En cumprimento destas chamadas do intérprete constitucional, a lexislación administrativa ideou unha serie de técnicas e medios para facer efectiva a coordinación entre Administracións Públicas. Estas técnicas son requiridas especialmente naquelas situacións nas que se cruzan competencias ou funcións de distintos entes, como acontece co establecemento do sistema financeiro para a Facenda Pública. Así, a coordinación financeira local pódese alcanzar dende varios estadios(...) Coordinación normativa. Lógrase mediante a articulación do trinomio lexislación básica/lexislación de desenvolvemento/Ordenanzas e Regulamentos locais, integrando todas elas o conxunto normativo financeiro aplicable ás Entidades locais (o ordenamento xurídico-financeiro local).

3. BIBLIOGRAFÍA

- ÁLVAREZ RENDUELES, J. R. (1973): La Teoría de los Bienes Públicos en la Hacienda Pública Moderna. *Revista de Hacienda Pública Española*, 23.
- CADAVAL SAMPEDRO, M. y CARAMÉS VIETEZ, L.. (2007): *Os municipios galegos: entre o minifundismo e a ineficacia*. USC-Xunta de Galicia.
- CHECA GONZÁLEZ, C. (2005): "Las últimas reformas sobre el IBI y en materia catastral". Las haciendas locales: situación actual y líneas de reforma. (Serie claves del gobierno local, 4). Barcelona: Fundación Democracia y Gobierno Local.
- CUADRADO ZULOAGA, D. (2009): Progresiva desprofesionalización de la Administración Pública. *El Consultor de los Ayuntamientos y de los Juzgados*, 7, Quincena del 1 al 15 de junio. Editorial La Ley.
- DE TOCQUEVILLE, A. (2005): *La Democracia en América*. Madrid: Alianza Editorial.
- FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, F.J. (1995): *La intervención del municipio en la actividad económica. Los títulos que la legitiman*. Civitas, Ayuntamiento de Gijón.
- GARCÍA DE ENTERRÍA, E. (1981): Turgot y los orígenes del municipalismo moderno. En *Revolución Francesa y Administración Contemporánea*. Madrid.
- GARCÍA MARTÍNEZ, A. (2008): La participación en el IVA como recurso de la hacienda municipal en Alemania. *Cuadernos de Derecho Local*, 18, Octubre. Fundación Democracia y Gobierno Local.
- GARCÍA NOVOA, C. (2008): Aproximaciones al objeto de imposición en el Impuesto sobre Vehículos de Tracción Mecánica. *Tributos Locales*, 83, septiembre.
- GARCÍA TREVIJANO, J.A. (1971): Las Haciendas Locales y el Estado en el momento presente, *Revista de Hacienda Local*, I (1, Enero-Abril), p. 26
- GARCÍA VILLAREJO, A. y SALINAS SÁNCHEZ, J. (1985): *Manual de Hacienda Pública General y de España*. Madrid: Tecnos.
- HERRERA MOLINA, P. M. (1998): *Capacidad económica y sistema fiscal. Análisis del ordenamiento español a la luz del sistema alemán*. Barcelona: Monografías Jurídicas. Marcial Pons.
- LÓPEZ ESPADAFOR, C. M. (2006): *La necesaria reforma del impuesto sobre actividades económicas: su articulación como recurso de las haciendas locales y su coordinación dentro del sistema tributario español*. Documentos. Instituto de Estudios Fiscales. Doc 15/06.
- LÓPEZ PELLICER, J. A. (2006): El régimen de la función pública local ante la anunciada reforma de la administración local y en anteproyecto de ley básica de esta. *Él Consultor de los Ayuntamientos y de los Juzgados*. 7, 15 al 29 de abril. Editorial La Ley.
- MORTON, N.: New England,s Memorial.
- OATES, W. E. (1977): *Federalismo Fiscal*. Colección Nuevo Urbanismo. Madrid: Instituto de Estudios de Administración Local.
- PARRA MUÑOZ, J. F. (2006): *El Servicio Público Local, ¿una categoría a extinguir?*, IAAP,

- Consejería de Justicia y Administración Pública, Sevilla.
- PÉREZ ZÚÑIGA, J. M. (2004): *La reforma del régimen legal de la tasas y precios públicos en los servicios locales: las tasas locales*. Granada: CEMCI Publicaciones.
- POVEDA BLANCO, F. (2003): *El nuevo impuesto sobre actividades económicas. Comentarios y análisis práctico*. Bilbao: Deusto.
- RAMOS PRIETO, J. (2010): La participación de las haciendas locales en los tributos de las Comunidades Autónomas. *Claves del gobierno local, 10*. Barcelona: Fundación Democracia y Gobierno Local.
- RODRÍGUEZ CASTAÑO, A. R. (2009): Propuestas para la mejora de la gestión económico-financiera de las corporaciones locales. En el Libro *Estudios sobre la modernización de la Administración Local: teoría y práctica*. Madrid: El Consultor de los Ayuntamientos y de los Juzgados.
- SÁNCHEZ ALBORNOZ, C. (1943): *Ruina y extinción del municipio romano en España: e instituciones que le reemplazan*. Buenos Aires: Universidad de Buenos Aires.
- SANCHEZ MORÓN, M. (1990): *La autonomía local: antecedentes históricos y significado constitucional*. Madrid: Civitas Ediciones, Monografías Civitas.
- SIMÓN ACOSTA, E. (1988): *Los impuestos sobre la riqueza inmobiliaria*. Informes sobre el Proyecto de Ley reguladora de la Haciendas Locales. Madrid: Instituto de Estudios Económicos.
- SUÁREZ PANDIELLO, J. (2010): *Cómo abordar la reforma de la financiación local*. Informe sobre financiación local. Balance y propuesta de reforma. Barcelona: Fundación Democracia y Gobierno Local.
- VALENZUELA VILLARUBIA, I. (2005): *El sistema de financiación de los entes locales: visión crítica y propuestas para su reforma*. Sevilla: Instituto Andaluz de Administración Pública. Premios Blas Infante 2005.
- VALENZUELA VILLARUBIA, I. (2010): Los principios genéricos de las Haciendas locales españolas y su limitación sobre la política fiscal local. *El Consultor de los Ayuntamientos y de los Juzgados, 20*, Sección Colaboraciones, Quincena del 30 Oct. al 14 Nov. , Ref. 2965/2010, Editorial LA LEY.
- VALLE SÁNCHEZ, V. (1973): Una nota sobre la caracterización de los bienes públicos. *Revista de Hacienda Pública Española, 23*.
- VILLAR ROJAS, F. J. (2000): *Tarifas, tasas, peajes y precios administrativos. Estudio de su naturaleza y régimen jurídico*. Fundación de Estudios de Regulación. Granada: Editorial Comares.

A ORDENACIÓN DO LITORAL EN GALICIA: BASES CONCEPTUAIS, PRESUPOSTOS POLÍTICOS E RÉXIME XURÍDICO VIXENTE

Dr. Francisco Javier Sanz Larruga

Catedrático de Dereito Administrativo
Director do Observatorio do litoral
Universidade da Coruña

Resumo: *Despois de expoñer as bases conceptuais e xurídicas da ordenación do litoral en Europa e en España, analízanse os precedentes normativos de ordenamento da Comunidade Autónoma de Galicia sobre a ordenación e planificación das súas zonas costeiras. Finalmente, estúdase o Plan de ordenación do litoral de Galicia aprobado polo Decreto 20/2011.*

Palabras clave: *litoral, xestión integrada de zonas costeiras, ordenación do territorio, urbanismo, medio natural, Galicia.*

Abstract: *After exposing the conceptual and legal bases for integrated coastal zone management in Europe and in Spain, we analyze the previous regulatory system of the Autonomous Community of Galicia on the planning and management of their coastal zones. Finally, we study the Coastal Management Plan of Galicia approved by Decree 20/2011.*

Keywords: *coast, integrated coastal zone management, spatial planning, urban planning, environment, Galicia.*

Índice: *1. Introducción. 2. Bases conceptuais e presupostos xurídicos para a ordenación das zonas costeiras. 2.1. O indeterminado concepto de "ordenación do litoral". 2.2. A elaboración doutrinal sobre a xestión integrada das zonas costeiras. 2.3. A ordenación do litoral na Unión Europea. 2.4. A frustrada Estrategia Española de Gestión Integrada de Zonas Costeras. 2.5. As iniciativas e experiencias sobre ordenación do litoral das comunidades autónomas. 3. Cara á ordenación integrada e sustentable do litoral de Galicia. 3.1. A previsión estatutaria sobre ordenación do litoral. 3.2. A ordenación do litoral na Lei 10/1995 de ordenación do territorio de Galicia. 3.3. As referencias ao litoral na Lei de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia de 2002. A previsión do "Plan sectorial de ordenación do litoral". 3.4. O relanzamento do Plan de ordenación do litoral pola Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral. 4. O Plan de ordenación de litoral de 2011. 4.1. Fitos fundamentais na tramitación do POLGA. 4.2. Unha previa e obrigada referencia á recente reforma da Lei 9/2002 en virtude da Lei 2/2010 e as súas repercusións sobre o litoral. 4.3. As Directrices de ordenación do territorio de Galicia e as súas determinacións sobre o litoral. 4.4. A aprobación definitiva do Plan de ordenación do litoral do Galicia polo Decreto 20/2011. 5. Reflexión final. 6. Referencias bibliográficas.*

1. INTRODUCCIÓN

Desde a aprobación do Estatuto de autonomía de Galicia en 1981 —en cuxo artigo 27,3 se contempla como competencia exclusiva da Comunidade Autónoma a "ordenación do territorio e *do litoral...*"— ata a recente aprobación do "Plan de ordenación do litoral de Galicia" (en diante, POLGA), en virtude do Decreto 20/2011 de 10 de febreiro, transcorreron tres décadas ao longo das cales se foron desenvolvendo, non sen problemas, os contidos esenciais do noso ámbito autonómico.

Salientar que o litoral en Galicia é un elemento fundamental da nosa identidade e un dos máis valiosos compoñentes do noso patrimonio natural resulta obvio. Desde hai moito tempo algúns viñemos reclamando que a ordenación do litoral era unha prioridade para a nosa Comunidade Autónoma¹ e, con todo, é agora cando podemos vangloriarnos de contar cun plan que está chamado a encher este baleiro histórico do noso ordenamento xurídico.

Para chegar a este punto tivéronse que superar moitas "batallas" xurídicas que teñen que ver coa regulación xurídica do Estado en materia de costas e co alcance das competencias autonómicas sobre as zonas costeiras. No ámbito da Unión Europea púxose de manifesto a necesidade de ordenar de forma racional e sustentable as costas nas que vive a meirande parte da poboación. E doutra banda, as comunidades autónomas litorais "aventuráronse" a desenvolver iniciativas de xestión integrada das súas costas que acabaron por xeneralizarse a toda España. De todo isto tratamos no apartado II deste traballo.

A previsión xurídica dun "plan de ordenación do litoral" viría da man do dereito urbanístico coa aprobación da vixente Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de 2002 como analizamos no apartado III.

E agora, en plena crise financeira e, polo tanto, "crise do ladrillo", que re-

¹ Neste sentido cómpre salientar a pioneira obra de E. PENAS: *Elementos para unha ordenación integral dos usos do medio litoral de Galicia*, Consellería de Pesca, Acuicultura e Marisqueo, Xunta de Galicia, Santiago, 2000. Trátase do primeiro traballo científico no que se propón para Galicia, aínda que desde unha óptica na que predomina a preocupación pola ordenación e protección dos recursos pesqueiros e marisqueiros, unha verdadeira ordenación e planificación dos usos do litoral de Galicia. Pouco anos despois publiquei a miña monografía *Bases doctrinales y jurídicas para un modelo de gestión integrada y sostenible del litoral de Galicia* (editado pola Consellería de Medio Ambiente, Xunta de Galicia, Santiago, 2003) cunha especial atención aos elementos xurídicos da xestión, ordenación e planificación do litoral de Galicia. Tamén cómpre salientar o libro colectivo coordinado por T. CARBALLEIRA RIVERA: *Ordenación del litoral*, Xunta de Galicia, Santiago, 2001, que recolle os relatorios dunhas Xornadas que con tal título se celebraron —organizadas pola Escola Galega de Administración Pública— en Ferrol en abril de 2000. E moito máis recente o libro que recolle as intervencións realizadas nun seminario organizado polo CEIDA: VALES VÁZQUEZ, C. (Director): *A Xestión do litoral*, Xunta de Galicia, Consellería de Innovación e Industria, CEIDA, 2009.

baixou a enorme presión urbanizadora á que estiveron sometidas moitas das zonas costeiras do noso litoral de Galicia, contamos cun recentemente aprobado "Plan de ordenación do litoral de Galicia" (ao que dedicamos o apartado IV do presente traballo). Un plan que haberá que analizar en profundidade nos próximos anos na medida en que a súa aplicación concreta vai requirir, sen dúbida, interesantes debates xurídicos de diversa índole (urbanística, ambiental, etc.).

En previsión de futuras investigacións, propoñémonos neste traballo a máis modesta tarefa de enmarcar esta importante iniciativa no ámbito das políticas públicas e co obxectivo de ofrecermos unha breve historia do seu desenvolvemento normativo.

2. BASES CONCEPTUAIS E PRESUPOSTOS XURÍDICOS PARA A ORDENACIÓN DAS ZONAS COSTEIRAS

2.1. O INDETERMINADO CONCEPTO DE "ORDENACIÓN DO LITORAL"

Qué se debe entender por "ordenación do litoral" suscita considerables dificultades ante a propia indeterminación xurídica do concepto de litoral. Con anterioridade á STC 149/1991, de 4 de xullo (sobre a Lei de costas, en diante, LC) algunha doutrina defendera a separación entre os conceptos de "ordenación do territorio" e "ordenación do litoral". Así, por exemplo, MEILÁN GIL afirma que "la concreta competencia sobre ordenación del litoral supone algo no reconducible e identificable agotadoramente con la ordenación del territorio y del urbanismo. *Ha de salvarse en la medida de lo posible la singularidad de aquella competencia, sin subsumirla en la genérica de ordenación del territorio y sin reducirla al urbanismo*"².

Unha interpretación diferente era a de quen opinaban que o litoral forma parte do territorio das comunidades costeiras e que, xa que logo, a ordenación do litoral non é mais ca unha especialidade da ordenación do territorio³. Nesta mesma dirección, PÉREZ CONEJO defende que a interpretación adecuada sobre

² "Comunidades Autónomas y dominio público marítimo-terrestre. El proyecto de Ley de Costas", en *Revista de Derecho Urbanístico*, 108 (1988), p. 18. A cursiva é miña. En parecido sentido VIVER, T.: "Ordenación del litoral", en *Comentarios a l'Estatut d'Autonomia de Catalunya*, Vol. I, Institut d'Estudis Autonòmics, Barcelona, 1988, p. 529.

³ Neste sentido, por exemplo: SAINZ MORENO, F.: "Término municipal y dominio marítimo", en *Revista de Administración Pública*, 112 (1987), p. 194, e PERALES MADUEÑO, F.: "Legislación urbanística y legislación sectorial. Un ejemplo: Proyecto de la Ley de Costas", en *Revista de Derecho Urbanístico*, 108 (1988), p. 123 e 124. Tamén é a postura de PÉREZ ANDRÉS, A. A.: *La ordenación del territorio en el Estado de las Autonomías*, Marcial Pons, Instituto Universitario García Oviedo, Madrid, 1998, pp. 381 e ss.

a "ordenación del litoral" parece ser a dunha ordenación baseada no criterio da "planificación en profundidade", é dicir, "una ordenación racional hacia el interior del territorio en contraposición al asentamiento de actividades y localización de los usos efectuados, tradicionalmente, en la primera franja adyacente al mar"⁴.

No tocante á lexislación local e urbanística dedúcese das súas disposicións, como sinala PONS CANOVAS, que "las funciones de planificación, ejecución y disciplina urbanísticas se refieren exclusivamente a la porción de superficie terrestre de los Municipios y de las Comunidades Autónomas"⁵. Con todo non faltaron autores que, desde a perspectiva da expansión das facultades territoriais e urbanísticas, consideran que as augas interiores e o mar territorial forman parte do termo municipal e do territorio autonómico⁶.

Por outra banda, nunha reiterada xurisprudencia do Tribunal Supremo que chega ata os nosos días —que recolle PONS CANOVAS⁷— négase a viabilidade xurídica de concorrencia das competencias —autonómicas e locais— urbanísticas e de ordenación do territorio sobre as augas marítimas. Nela insístese en que os diferentes instrumentos municipais de ordenación urbanística —o cal sería extensible aos instrumentos autonómicos de ordenación territorial— non poden planificar os espazos marítimos mentres non exista un soporte físico ou terreo que pase a formar parte da zona marítimo-terrestre; e, xa que logo, que as augas interiores e o mar territorial non forman parte do termo municipal nin do territorio autonómico litoral. Como sinala o mesmo autor, este criterio xurisprudencial "constata una grave desconfianza respecto al papel de los planes de ordenación territorial y urbanística y priva completamente a las Comunidades Autónomas y a los Municipios de las facultades para ordenar las superficies marítimas más próximas a la ribera del mar y controlar las actividades proyectadas en tales superficies"⁸.

⁴ *Las costas marítimas: régimen jurídico y competencias administrativas*, Comares, Granada, 1999, p. 378, nota 103. Onde se citan, para apoiar este criterio —utilizado ademais pola maioría dos países europeos—, entre outros, os traballos de GARCÍA ÁLVAREZ (Dir.), *Análisis del litoral español. Diseño de las políticas territoriales*; MICHAUD, J. L.: *Ordenación de las zonas litorales*, trad. Por J. Vioque Lozano, Madrid, 1981.

⁵ PONS CANOVAS, F.: *El régimen jurídico de los espacios portuarios*, CEDECS, Barcelona, 2001, p. 191.

⁶ PONS CANOVAS cita os autorizados traballos de GUAITA (no seu *Derecho Administrativo Especial*), de BOQUERA OLIVER (no seu traballo sobre "Las licencias urbanísticas en las zonas marítimo-terrestre, marítima y portuaria"), GUTIÉRREZ COLOMINA (no seu traballo sobre o *Régimen jurídico urbanístico del espacio rural*), etc. Mesmo unha STC de 18 de maio de 1984 (Ar. 2905) na que se recoñece a competencia dos municipios sobre incrementos do seu territorio por accesoión natural ou artificial.

⁷ *El régimen jurídico de la ordenación de los espacios portuarios*, cit. pp. 187 e 188.

⁸ *Ibidem*. p. 189. Outros autores que tamén mostraron oposición á devandita doutrina son BOQUERA

Para rematar, o TC foi taxativo ao proclamar na súa STC 149/1991 (sobre a Lei de costas) que: "es obvio que la competencia autonómica sobre la ordenación del territorio *no se extiende al mar...*" (FJ 7º A) a) b'). Aínda que tal conclusión non afecta á competencia autonómica sobre a autorización de vertidos —non só os industriais e contaminantes, como pretendía o art. 110, h da LC, declarado inconstitucional— desde terra ao mar e ás actividades relacionadas coa acuicultura —que lle leva a anular a referencia a esta materia no artigo 111,1, d)—.

No fondo desta doutrina dominante —que priva ás comunidades autónomas de proxectar a súa competencia de ordenación do litoral sobre a zona marítima— subxace a concepción tradicional "patrimonialista" dos poderes da soberanía ou xurisdición do Estado sobre os bens do dominio público marítimo (o mar territorial e as augas interiores) coa imposibilidade de que outras administracións públicas poidan exercer competencias sobre el. Trátase dunha tese baseada na concepción do dominio público como propiedade que foi rebatida moi convincentemente pola profesora GARCÍA PÉREZ por ser pouco apropiada no caso do mar territorial⁹. Na mesma liña, MENÉNDEZ REXACH mantén que "en el mar territorial y en las aguas interiores (...), el Estado ejerce 'soberanía', es decir, 'poder', 'jurisdicción' y no 'dominio' o 'propiedad'"¹⁰. Conclúe PONS CANOVAS que sobre o mar territorial e as augas interiores o "Estado no sólo ostenta la mera titularidad demanial, sino que también ejerce un conjunto de potestades sobre una diversidad de materias... (...). Pero de ahí a entender que estas potestades impiden el desarrollo en las superficies marítimas de las competencias autonómicas y municipales sobre ordenación del litoral y urbanismo hay un abismo"¹¹.

Coa LC vixente, a ordenación do litoral debe entenderse como unha regulación e determinación dos usos do espazo costeiro —non como un réxime de utilización e aproveitamento do demanio marítimo-terrestre que é facultade do Estado— "a través de la planificación territorial y/o urbanística, si bien el contenido de tales planes que incidan sobre el litoral ha de poseer un carác-

OLIVER, ROMEU HERNÁNDEZ, GUTIÉRREZ COLOMINA e GARCÍA PÉREZ (citados por PONS CANOVAS).

⁹ Na súa monografía *La utilización del dominio público marítimo-terrestre (Estudio especial de la concesión demanial)*, Marcial Pons, Madrid, 1995. pp. 54 e ss.

¹⁰ No seu traballo: "La configuración del dominio público marítimo-terrestre en la Ley de Costas", *Estudios Territoriales*, 34 (1990), p. 17.

¹¹ *El régimen jurídico de la ordenación de los espacios portuarios*, cit. pp. 194-195. E cita unha antiga STS de 2 de outubro de 1967 na que se chegaba a recoñecer a xurisdición local non só sobre a zona marítimo-terrestre, senón "aún las superficies que la continúan dentro de las aguas territoriales...".

ter máis específico y unas determinaciones máis pormenorizadas al ser planeamiento de detalle y desarrollo, lo que en última instancia supone que esa ordenación debe integrar todas las políticas sectoriales, incluida por supuesto la propia del demanio ribereño”¹². Resulta indubidable que a LC incide substancialmente sobre o planeamento territorial (ordenación do territorio) e o urbanístico¹³, o cal é posible “siempre que dicha repercusión se limite a establecer un régimen especial de protección, que condicione, pero que no impida, el ejercicio propio de las competencias de la Administración planificadora – autonómica y/o local–”¹⁴.

Dado que no litoral concorren diversos tipos de planificación, tanto sectoriais coma xerais (ou territoriais) é preciso determinar a súa xerarquía de acordo cun criterio de prioridade que, ordinariamente é o seguinte¹⁵:

- 1º.- a planificación ambiental
- 2º.- a planificación derivada da ordenación do territorio
- 3º.- a planificación demanial (hidrolóxica, costeira, viaria, agás a portuaria)
- 4º.- a planificación urbanística

Convén, no entanto, recordar aquí algúns dos pronunciamentos do TC nas citadas sentenzas que deberán orientar as actuacións competenciais das diferentes administracións implicadas na xestión do litoral¹⁶:

- todas as comunidades autónomas costeiras posúen competencia exclusiva sobre a ordenación do litoral, incluíndose neste, polo menos, a ribeira do mar e as zonas de protección e influencia, que forman parte do territorio das correspondentes comunidades autónomas litorais e dos municipios costeiros;
- a política de ordenación do territorio –que tamén é de competencia autonómica– parte da necesidade de coordinar ou harmonizar, en canto á súa proxección territorial, os plans de actuación das diversas adminis-

¹² PÉREZ CONEJO, *Las costas marítimas...*, cit. pp. 390-391.

¹³ Sobre este tema existe unha abundante doutrina: PIÑAR MAÑAS: “Repercusiones jurídico-públicas de la Ley de Costas, con especial referencia al Derecho Urbanístico”; TRAPERO: “Aspectos urbanísticos de la protección del territorio litoral”; POVEDA DÍAZ: “La Ley de Costas de 28 de julio de 1988 y la planificación territorial y urbanística”; PÉREZ MORENO: “La Ley del Costas y el planeamiento urbanístico”; ORTEGA GARCÍA: “Implicaciones urbanísticas de la Ley de Costas”; BORRAJO INIESTA: “La incidencia de la Ley de Costas en el Derecho Urbanístico”, *Revista de Administración Pública*, 130 (1993), pp. 131-153.

¹⁴ PÉREZ CONEJO, op. cit. p. 393.

¹⁵ *Ibidem*. p. 393.

¹⁶ *Ibidem*. pp. 393-400.

tracións públicas, incluída a do Estado (as derivadas da titularidade que ostenta sobre o demanio costeiro);

- nin as comunidades autónomas poden descoñecer as competencias que constitucionalmente se atribúen ao Estado, nin este pode ignorar os títulos competenciais exclusivos daquelas. En todo caso, a ordenación territorial que dalgún xeito realiza a Administración do Estado ao establecer o réxime xurídico do demanio litoral debe realizarse dentro dos seus límites propios¹⁷;
- sobre os terreos privados lindeiros co dominio público marítimo-terrestre, o condicionamento da ordenación territorial por parte do Estado fundaméntase en varios títulos competenciais: igualdade básica nas obrigas de todos os propietarios (art. 149,1,1ª CE), lexislación básica sobre medio natural (art. 149,1,23ª CE) —aínda que esta pode ser complementada polas “normas adicionais de protección” que poden dictar as comunidades autónomas—, portos de interese xeral, iluminación das costas e sinais marítimos (art. 149,1,23ª), etc.

Finalmente, malia as indubidables semellanzas entre as técnicas —ou políticas— de “ordenación do territorio” e de “ordenación do litoral”, son da opinión de quen afirma que esta última é unha materia con substantividade propia. E, como imos ver deseguido, esta singularidade da ordenación do litoral deu lugar a unha específica metodoloxía chamada “xestión integrada das zonas costeiras”.

2.2. A ELABORACIÓN DOUTRINAL SOBRE A XESTIÓN INTEGRADA DAS ZONAS COSTEIRAS

En 1972, o Congreso dos Estados Unidos de América aprobou a pioneira *Lei federal de xestión das zonas costeiras (Coastal Zone Management Act)*, que deu lugar ao desenvolvemento dunha metodoloxía e a unha nova disciplina científica denominada “xestión integrada das zonas costeiras” (coñecida baixo as siglas XIZC) que serviu de exemplo a outros instrumentos de ordenación territorial noutros países do mundo¹⁸.

¹⁷ A titularidade dominical do Estado sobre a zona marítimo-terrestre comporta unha serie de facultades, fundamentalmente para asegurar a súa integridade física e xurídica, así como para garantir a satisfacción dos valores sociais propios dela (así, por exemplo, o caso das praias).

¹⁸ Sobre a XIZC nos Estados Unidos: HERRERA XIMENEZ, M. D.: “La gestión costera en los Estados Unidos: *Coastal Zone Management Act, 1972* y la estructura del programa asociado *Coastal Zone Management Program*”, en SANZ LARRUGA, F. J. (Dir.) e GARCÍA PÉREZ, M. (Coord.): *Estudios sobre la ordenación, planificación y gestión de litoral: Hacia un modelo integrado y sostenible*, Fundación

En España o Profesor BARRAGÁN MUÑOZ —catedrático de Xeografía da Universidade de Cádiz— tivo o mérito de introducir no noso país os estudos sobre esta modalidade de ordenación territorial sobre a idea do litoral como “espazo disputado” e como “espazo problema”¹⁹. A necesidade dunha ordenación específica do litoral nace da súa realidade como ben escaso e progresivamente valorado para a localización de usos e actividades que entran en competencia. A ordenación do litoral require dun proceso de xestión integrada: unha fase preliminar (de fixación de criterios de coherencia), unha fase de descrición e análise, unha fase de valoración e diagnóstico, unha fase de xeración e selección de alternativas, e unha última fase de execución e seguimento²⁰.

No mundo xurídico este concepto da XIZC foi callando na doutrina malia que aínda é preciso incorporar moitas das ideas que supón aplicar plenamente un sistema de xestión integrada e sustentable das zonas costeiras²¹. Desde unha perspectiva interdisciplinar constitúe un bo punto de partida nesta liña de traballo a actividade de investigación e difusión que vén desenvolvendo o Observatorio do litoral da Universidade da Coruña²².

Pedro Barrié de la Maza e Observatorio do litoral da Universidade da Coruña, A Coruña, pp. 81-90.

¹⁹ Cfr. o seu traballo BARRAGÁN MUÑOZ, J. M.: *Ordenación, planificación y gestión del Espacio Litoral*, Oikos-tau, Barcelona, 1993, pp. 238-239.

²⁰ Cfr. BARRAGÁN MUÑOZ, J. M.: *Ordenación, planificación y gestión...*, cit. pp. 154-164. Así mesmo poden consultarse os seus máis recentes traballos: *Medio ambiente y desarrollo en áreas litorales: introducción a la planificación y gestión integradas*, Servicio de Publicaciones de la Universidad de Cádiz, Cádiz, 2003; *Las áreas litorales de España. Del análisis geográfico a la gestión integrada*, Ariel, Barcelona, 2004; *Política y gestión de áreas litorales en España, La gestión de áreas litorales en España y Latinoamérica*, Universidad de Cádiz, Cádiz, 2005. Recentemente este profesor constituíu a Red Española de Gestión Integrada de Áreas Litorales (REGIAL) cuxa páxina web pode consultarse na dirección de internet: <http://www.uca.es/grupos-inv/HUM117/grupogial/paginas/proyectos/REGIAL/proyectorregial> (consultada o 20 de xuño de 2011).

En canto a unha guía do proceso de xestión de áreas litorais cómpre salientar igualmente o traballo coordinado por DOMENECH, J. L. e SANZ LARRUGA, F. J.: *Guía para la implementación de un sistema de gestión integrada de zonas costeras*, Netbiblo, Oleiros, 2010.

²¹ Unha boa mostra da recepción da xestión integrada de zonas costeiras é o traballo recente dun dos “autores intelectuais” da Lei de costas de 1988, MENÉNDEZ REXACH, A.: “La gestión integrada del litoral” en NÚÑEZ LOZANO, M. C. (Dir.): *Hacia una política marítima integrada de la Unión Europea*, Iustel, Madrid, 2010, pp. 135-185.

²² Cfr. a súa páxina web: <http://www.observatoriodellitoral.es> e a obra colectiva dirixida e coordinada por SANZ LARRUGA, F. J. e GARCÍA PÉREZ, M. (Dir.): *Estudios sobre la ordenación, planificación y gestión del litoral: Hacia un modelo integrado y sostenible*, Fundación Pedro Barrié de la Maza e Instituto de Estudios Económicos de Galicia - Observatorio do litoral, A Coruña, 2009.

2.3. A ORDENACIÓN DO LITORAL NA UNIÓN EUROPEA²³

O crecente interese pola ordenación e planificación das zonas costeiras en Europa afunde as súas raíces nos comezos dos anos oitenta do século XX, baixo o impulso do Consello de Europa, tendo como punto de partida a aprobación da *Carta Europea do Litoral* (Knaia, Creta, outubro de 1981).

No seo da Unión Europea, a preparación dunha "estratexia comunitaria para a xestión integrada das zonas costeiras" foi cobrando forza, desde mediados dos anos noventa do pasado século, a instancias do Consello de Ministros comunitario (Resolución de 6 de maio de 1994) e materializouse no *Programa de Demostración da Comisión Europea sobre xestión integrada das zonas costeiras* (1996/1999). Os resultados deste "Programa de Demostración" –froito das experiencias desenvolvidas nos trinta e cinco proxectos locais e rexionais de toda Europa (Huelva, Valencia e Barcelona, no caso de España)– plasmáronse con posterioridade en dous importantes documentos da Comisión publicados en 1999: "Cara a unha estratexia europea para a xestión integrada das zonas costeiras: principios xerais e opcións políticas" e "Leccións do programa de demostración da Comisión Europea sobre a xestión integrada das zonas costeiras".

A experiencia obtida polo referido Programa de Demostración da Comisión e outros informes que foron elaborados por diferentes expertos e institucións, determinaron a publicación, en setembro de 2000, da proposta da Comisión para a posta en marcha na Unión Europea do proceso de XIZC²⁴. Esta proposta culminou dous anos despois coa aprobación polo Parlamento Europeo e o Consello da *Recomendación 2002/413/CE sobre a aplicación da xestión integrada das zonas costeiras en Europa*. Sobre a base dunha formulación fundamentada na "estratexia europea para un desenvolvemento sustentable", destacou algúns principios programáticos que deberían seguir, no seu caso, as "estratexias nacionais":

- unha "perspectiva ampla e global" (temática e xeográfica),
- "a longo prazo" que teña en conta o principio de cautela;

²³ Sobre o proceso de desenvolvemento da estratexia de XIZC na Unión Europea cfr. SANZ LARRUGA, F. J.: "La Unión Europea y la estrategia sobre gestión integrada y sostenible del litoral", en *Noticias de la Unión Europea*, nº 217 (2003) Ano XIX, pp. 117-131. Máis recentemente o traballo do mesmo autor: "La Unión Europea y la estrategia comunitaria sobre gestión integrada de las zonas costeras", en SANZ LARRUGA, F.J. (Dir.) y GARCÍA PÉREZ, M. (Coord.): *Estudios sobre la ordenación, planificación y gestión de litoral: Hacia un modelo integrado y sostenible*, Fundación Pedro Barrié de la Maza e Observatorio do litoral da Universidade da Coruña, A Coruña, 2009, pp. 29-54.

²⁴ Para obter información sobre esta iniciativa de XIZC na Unión Europea pode consultarse a páxina web: <http://ec.europa.eu/environment/iczm/home.htm> (consultada o 20 de xuño de 2011).

- "unha xestión modulada nun proceso gradual"; unha "sólida base científica";
- "solucións específicas e medidas flexibles";
- un "traballo en sintonía cos procesos naturais e que respecte a capacidade de carga dos ecosistemas";
- a "participación de todas as partes interesadas";
- o "apoio e a participación de todas as instancias administrativas competentes a escala nacional, rexional e local"; e
- "o recurso a unha combinación de instrumentos".

Como paso previo á elaboración das citadas "estratexias nacionais" de XIZC, os Estados membros debían crear uns "inventarios nacionais" cuxo obxectivo é "determinar os principais axentes, as normas e as institucións que inflúen na xestión das zonas costeiras" e cuxos criterios deberían abordar os seguintes aspectos:

- "Ter en conta diferentes sectores e ámbitos" relacionados co litoral (pesca e acuicultura, transportes, enerxía, xestión de recursos, protección de especies e hábitats, patrimonio cultural, emprego, desenvolvemento rexional tanto en zonas rurais coma urbanas, turismo e ocio, industria e minas, xestión dos residuos, agricultura e educación),
- "abarcar todos os niveis administrativos",
- "analizar os intereses, cometido e preocupacións dos cidadáns, as organizacións non gobernamentais e o sector empresarial",
- "determinar as organizacións e estruturas de cooperación interrexionais pertinentes", e
- "consignar as políticas e medidas legislativas aplicables".

Con posterioridade, o Informe da Comisión ao Parlamento e a Consello sobre "a avaliación da xestión integrada das zonas costeiras en Europa" (COM(2007) 308 final, de 7 de xuño de 2007) puxo de manifesto a súa importancia para a futura política mariña da Unión Europea, a súa utilidade para tratar os problemas de degradación ambiental das zonas costeiras (entre outros, os efectos do cambio climático) e, en definitiva, a validez da Recomendación 2002/413/CE para a aplicación das estratexias nacionais de XIZC.

2.4. A FRUSTRADA ESTRATEGIA ESPAÑOLA DE GESTIÓN INTEGRADA DE ZONAS COSTERAS²⁵

En resposta aos requirimentos do Capítulo VI da Recomendación 2002/413/CE do Parlamento Europeo e do Consello, o Goberno español —a través da Dirección Xeral de Costas (dependente do Ministerio de Medio Ambiente)— fixo público, a finais de 2005, un documento que contén a *Estrategia Española de Gestión Integrada de Zonas Costeras*. Esta estratexia —que se propón como obxectivos estratéxicos o desenvolvemento sustentable e a adopción do modelo de XIZC— proxectábase ata o horizonte do ano 2010 e prevía entre outras medidas: a elaboración e aprobación do *Plan Director para la Sostenibilidad de la Costa*; a creación do *Observatorio de Sostenibilidad del Litoral Español* que ten por finalidade desenvolver accións de investigación, selección e cálculo de indicadores relativos ao litoral que servirán para a toma de decisións e información pública sobre as zonas costeiras; a promoción de *convenios de colaboración coas comunidades autónomas litorais* para impulsar a xestión integrada das respectivas zonas costeiras do litoral español; a constitución do *Consejo Nacional de la Costa*, que representará un papel consultivo e que pretende integrar a representantes de todos os sectores relacionados coa xestión do litoral; a *compra de terreos nas zonas costeiras* para a súa protección e restauración, co obxectivo de incluílos no dominio público marítimo-terrestre, etc.²⁶

Noutro documento publicado en setembro de 2007 polo Ministerio de Medio Ambiente co título *Estrategia para la Sostenibilidad de la Costa*, tras destacar a singularidade e variedade dos ecosistemas de confluén na franxa cos-

²⁵ Cfr. os traballos de AGUIRRE i FONT, J. M.: *L'ordenació del litoral català: els plans directors urbanístics del sistema costaner*, Atelier, Barcelona, 2007; SANZ LARRUGA, F.: “La Administración General del Estado y las políticas y estrategias sobre la ordenación y gestión de las costas (1988-2009)”, *El Derecho de Costas (1989-2009)*, Dir. SÁNCHEZ GOYANES, Editorial La Ley, Madrid, pp. 1359-1420; e CARLÓN RUIZ, M.: “La ordenación del litoral y su entrecruzamiento con la legislación de costas: una visión panorámica (Parte primera)”, *Revista Aranzadi de Urbanismo y Edificación*, nº 20 (2009), pp. 53-72.

²⁶ A estratexia española determinaba un período temporal de oito anos (2002-2010) que incluía:

- 1^a.- a fase de “*preparación*” dos anos 2002 a 2005, iniciada coa celebración —durante o mandato español na Presidencia do Consello Europeo no primeiro semestre de 2002— a mediados do mes de abril de 2002, no municipio de Villajoyosa (Alacante, España) do *I Foro Europeo sobre Xestión Integrada das Zonas Costeiras*. Despois desta reunión seguíronlle varios actos públicos e reunións relacionados coa Recomendación 2002/413/CE;
- 2^a.- a fase de “*planificación y organización*” (2006-2007), na que debería elaborarse o Plan Director para la Sostenibilidad de la Costa, a sinatura dos convenios coas comunidades autónomas litorais para a colaborar na XIZC e a creación e constitución dos órganos públicos do Consejo Nacional de la Costa e o Observatorio de Sostenibilidad del Litoral Español.
- 3^a.- a fase de “*execución y revisión*” (2008-2010), sobre a posta en marcha das accións e instrumentos dirixidos a conseguir os obxectivos da Estratexia.

teira, defínense varios "retos e desafíos": frear a ocupación masiva da costa; recuperar a funcionalidade física e natural do litoral; mitigar os efectos do cambio climático; e cambiar o modelo de xestión da costa²⁷.

Pero o certo é que, ao día de hoxe (mediados do ano 2011), desde a reordenación do Ministerio de Medio Ambiente a mediados de 2008 coa integración no mesmo do "Medio Rural e Mariño" tales estratexias non se aplicaron, agás algunhas medidas concretas (como os convenios de colaboración, compra de terreos no litoral, etc.)²⁸.

2.5. AS INICIATIVAS E EXPERIENCIAS SOBRE ORDENACIÓN DO LITORAL DAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS²⁹

En virtude das competencias recoñecidas sobre "ordenación do territorio e do *litora*" —nos Estatutos de autonomía primeiro, e, na propia Lei de costas de 1988, despois (cfr. o seu art. 114)— á meirande parte das comunidades autónomas marítimas, son moitas as iniciativas que, relacionadas coa XIZC, se desenvolveron nesas comunidades desde primeiros dos anos noventa do pasado século. A primeira actuación autonómica que propiamente aborda a

²⁷ Esta Estratexia debía iniciarse coa elaboración dun documento en que se recollese "el diagnóstico preliminar de la costa y un avance de las propuestas de actuación", realizado coa colaboración e participación das Administracións Públicas, expertos, cidadanía, etc. Así mesmo determinábase que no ámbito espacial da Estratexia —seguindo a delimitación das demarcacións hidrográficas da Directiva Marco da Auga— distinguíranse: o litoral mediterráneo,unca atlántica, Guadiana e Guadalquivir, os dous arquipélagos e "las costas de Galicia" e o Cantábrico. Para esta tarefa o Ministerio de Medio Ambiente promovería a "Comisión para la sostenibilidad de la Costa" —que "estará integrada por los actores principales concernidos"— e creará un "Consejo científico de expertos" cuxa misión será a de apoiar á citada Comisión. Ademais, a Estratexia contemplaba tres fases no seu proceso de elaboración: unha primeira fase de información e participación de todos os actores para alcanzar un consenso suficiente para a integración dos seus respectivos intereses; unha segunda fase sobre o avance e discusión de propostas estratéxicas de actuación por parte das Administracións Públicas concernidas; e unha terceira fase sobre o establecemento definitivo de propostas e alternativas estratéxicas de actuación, e a súa posterior avaliación.

²⁸ Cfr. o apartado específico da páxina web do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño sobre a xestión integrada das zonas costeiras onde desapareceu toda referencia ás devanditas Estratexias: <http://www.marm.es/es/costas/temas/el-litoral-zonas-costeras/default.aspx> (consultado o 20 de xuño de 2011).

²⁹ Sobre esta materia cfr. os traballos contidos no libro colectivo de SANZ LARRUGA, F. J. e GARCÍA PÉREZ, M. (Dir.): *Estudios sobre la ordenación, planificación y gestión del litoral: Hacia un modelo integrado y sostenible*, cit. pp. 257 e ss.; SANZ LARRUGA, F. J.: "Estado compuesto e iniciativas y estrategias sobre ordenación y gestión del litoral en las Comunidades Autónomas", *El Derecho de Costas (1989-2009)*, Dir. SÁNCHEZ GOYANES, Editorial La Ley, Madrid, 2010, pp. 1425-1495; tamén o traballo de CARLÓN RUIZ, M.: "La ordenación del litoral y su entrecruzamiento con la legislación de costas: una visión panorámica (Parte segunda)", *Revista Aranzadi de Urbanismo y Edificación*, nº 22 (2010), pp. 15-49. Tamén poden consultarse os resultados do Informe do Grupo REGIAL da Universidade de Cádiz: <http://www.uca.es/grupos-inv/HUM117/grupogial/paginas/proyectos/REGIAL/resultadosydescargas> (consultado o 20 de xuño de 2011).

xestión integrada das zonas costeiras son as *Directrices Regionales del Litoral de Andalucía*, aprobadas por Decreto 118/1990, de 17 de abril, formuladas con "la finalidad de servir de marco de referencia para el desarrollo de las políticas sectoriales y el planeamiento urbanístico que sobre dicho ámbito se efectúe, los cuales deberán asegurar la compatibilización del uso y aprovechamiento de las potencialidades del litoral con la preservación y renovación de sus recursos" (art. 1º,1); con todo, a súa aplicación resultou un verdadeiro fracaso. Na actualidade estanse a aprobar plans territoriais específicos como, por exemplo, o "Plan de Ordenación del Territorio de la Comarca del Litoral Occidental de Huelva" (Decreto 130/2006). Ademais, cómpre destacar que se iniciou nesta comunidade autónoma o proceso de elaboración da *Estrategia Andaluza de Gestión Integrada de Zonas Costeras*, pero non seguiu o programa de aplicación previsto³⁰.

Outra das normas pioneiras nesta materia son as *Directrices Subregionales de Ordenación del Territorio para la Franja Costera del Principado de Asturias* aprobadas —en desenvolvemento da Lei 1/1987 de Coordinación y Ordenación Territorial del Principado de Asturias— polo Decreto 107/1993, de 16 de decembro, e que en maio de 2005 acabaron cristalizando no *Plan Territorial Especial de Ordenación del Litoral de Asturias* (POLA). Igualmente, os *Planes de Ordenación del Litoral* de la Comunidad Autónoma de Baleares, aprobados polo Decreto 72/1994, de 26 de maio —que parte dunha concepción ampla e flexible do litoral— foron outro bo exemplo dos primeiros e máis específicos instrumentos de ordenación do litoral³¹.

Desde primeiros do século XXI viñéronse sucedendo novos instrumentos de ordenación das zonas costeiras. Así, as *Directrices de Ordenación General* e as *Directrices de Ordenación del Turismo de Canarias*, incorporadas á Lei 19/2003, de 14 de abril, nas que a ordenación do litoral aparece vinculada coa ordenación turística e territorial, aínda que tales directrices aínda non foron aprobadas. Pola súa banda, a Comunidade de Murcia introduciu nas súas Normas Reguladoras del Suelo —aprobadas pola Lei 1/2001 reformada con posterioridade, en 2005— a figura dos "*Planes de Ordenación del Litoral*" que tampouco foron aprobados. No caso de Cantabria, tras moita conflitividade política, o Parlamento da Comunidade Autónoma aprobou, en setembro de 2004, o *Plan*

³⁰ Sobre o caso da Comunidade Autónoma andaluza e as súas iniciativas de xestión de zonas costeiras cfr. as monografías citadas de BARRAGÁN MUÑOZ.

³¹ Para o caso das Illas Baleares —e desde unha perspectiva de ordenación turística— cfr. o traballo pioneiro de SOCÍAS CAMACHO, J. M.: *La ordenación de las zonas turísticas litorales*, Universidad Carlos III, Instituto Pascual Madoz, BOE, Madrid, 2001.

de *Ordenación del Litoral* (POL) —previsto pola Ley 2/2001, de 25 de junio, de Ordenación Territorial y Régimen Urbanístico del Suelo de Cantabria— que foi recorrido por algúns municipios cántabros ante o Tribunal Constitucional, pendente de resolución.

Con posterioridade, outras comunidades autónomas litorais publicaron os seus plans de ordenación do litoral. É o caso de Cataluña co seu *Plan Estratégico para la Gestión Integrada de las Zonas Costeras de Cataluña* (elaborado polo Departamento de Medio Ambiente e Vivenda da Generalitat de Catalunya, e publicado en xullo de 2004) que non foi aplicado e, con todo, foron aprobados os “Planes directores urbanísticos del Sistema Costero” de 2005 como intento para frear a urbanización do litoral. Polo que se refire ao País Vasco, aprobouse en virtude do Decreto 43/2007 do Goberno Vasco, o *Plan Sectorial Territorial de Protección y Ordenación del Litoral del País Vasco*. E finalmente, no caso da Comunidade Valenciana, sobre a base da Ley 4/2004 de Ordenación del Territorio y Protección del Paisaje, está a piques de aprobarse o “Plan de acción territorial del litoral de la Comunidad Valenciana”.

Deste apertado resumo cómpre destacar que todas as comunidades autónomas con maior ou menor acerto, desde unha perspectiva de ordenación do territorio ou urbanística, antes ou despois, apostaron pola aprobación de instrumentos de ordenación do litoral³². Isto significa que, como imos ver, a Comunidade Autónoma de Galicia foi a última en poñer en marcha a elaboración e aprobación dun instrumento similar.

3. CARA Á ORDENACIÓN INTEGRADA E SUSTENTABLE DO LITORAL DE GALICIA

3.1. A PREVISIÓN ESTATUTARIA SOBRE ORDENACIÓN DO LITORAL

O marco normativo galego que necesariamente debe terse en conta para desenvolver unha política de xestión do seu litoral ten a súa norma esencial no Estatuto de autonomía, aprobado por Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril³³. Nesta norma fundamental do ordenamento xurídico galego interézanos especialmente a referencia ás competencias que lles atribúe aos poderes públicos

³² Segundo a opinión —moi crítica— de CARLÓN RUIZ “las Comunidades Autónomas costeras han ejercido de forma modesta las competencias para la ordenación del litoral que varias de ellas invocaron ante el Tribunal Constitucional para impugnar precisamente, la LC y el Reglamento aprobado para su desarrollo” (“La ordenación del litoral y su entrecruzamiento...” Parte Segunda, cit. e loc. cit., p. 49).

³³ BOE nº 101, de 28 de abril de 1981.

no que afecta máis directamente ao litoral. No seu Título II, relativo ás competencias de Galicia, pódense identificar, de acordo co grao de alcance do seu contido, as seguintes materias:

- 1º.- dentro das competencias exclusivas da Comunidade Autónoma (art. 27):
 - "ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda" (27,3)
 - "*portos (...) non cualificados de interese xeral polo Estado e os portos de refuxio e portos (...) deportivos*" (27,9)
 - "*a pesca nas rías e demais augas interiores, o marisqueo, a acuicultura, (...)*" (27,15)
 - "Confrarías de pescadores, (...), sen prexuízo do que dispón o artigo 149 da Constitución" (27,29)
 - "Normas adicionais de protección *do medio ambiente e da paisaxe* nos termos do artigo 149,1,23º" (da CE) (27,30)
- 2º.- dentro das competencias de desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado (art. 28):
 - "ordenación do sector pesqueiro" (28,5)
 - "portos pesqueiros" (28,6)
- 3º.- dentro das competencias de execución da lexislación do Estado (art. 29):
 - "salvamento marítimo" (29,3)
 - "vertidos industriais e contaminantes nas augas territoriais do Estado correspondentes ó litoral galego" (29,4)

Dos títulos competenciais sinalados cómpre destacar aos efectos deste traballo a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia para a "ordenación do litoral". Unha competencia que aínda que expresada como "exclusiva" debe ter en conta as competencias que sobre o dominio público marítimo e marítimo-terrestre ten o Estado (art. 132 da CE) como xa tivemos ocasión de analizar. Como no caso doutras comunidades autónomas costeiras, o devandito título competencial sobre "ordenación do litoral" estaba estatutariamente recoñecido pero tardaría moito en facerse valer salvo no previsto pola Lei de costas.

3.2. A ORDENACIÓN DO LITORAL NA LEI 10/1995 DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO DE GALICIA

Aínda moito antes de que se concretase o instrumento específico para ordenación do litoral de Galicia (o cal non se produciría explicitamente ata o ano 2002) non cabía dúbida ningunha de que, xunto aos relativos á protec-

ción ambiental e á ordenación urbanística, a súa plasmación debía atoparse nalgún dos previstos pola lexislación sobre ordenación do territorio e, particularmente, na Lei 10/1995, de 23 de novembro, de *ordenación do territorio de Galicia*³⁴ (en diante, LOTG). En efecto, esta Lei vén desenvolver a competencia exclusiva que, de acordo co disposto nos artigos 148.1.3 da Constitución española e 27.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, corresponde á Comunidade Autónoma galega en materia de "*ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda*".

Como sinala a súa exposición de motivos, a LOTG pretende resolver unha serie de problemas que veu padecendo ata o momento na súa política territorial e das actuacións das distintas Administracións Públicas: "... a acumulación de iniciativas carentes dun claro sentido territorial, que permitise acadar unha distribución espacial de actividades capaces de aproveitar as potencialidades propias de cada zona (...) A falta endémica dunha visión integradora e combinada da actuación administrativa...". E a continuación, destacaba a necesidade de aplicar unha política integradora, cuxa tarefa encomendáalle á ordenación do territorio: "Á ordenación do territorio, pola forza mesma dos principios de que trae causa, correspóndenlle o papel *integrador das distintas perspectivas* e a consecución dunha visión superadora da parcialidade inherente a estas, determinando o seu carácter organizador das funcións sectoriais, presidido pola *idea central do principio de coordinación* (...) esixe a articulación dos procesos de decisión nun dobre sentido: *asegurando a necesaria integración das políticas sectoriais no seo de cada instancia territorial e establecendo os eixes de interconexión das distintas instancias territoriais entre si*". Resulta meridiano que se está a reclamar unha política integrada da ordenación territorial.

E como finalidade primordial, a LOTG propónse, no seu artigo 1º: "... establece-los obxectivos fundamentais e crea-los instrumentos necesarios para a coordinación da política territorial e a ordenación do espazo da Comunidade Autónoma de Galicia, co obxecto de *favorece-la utilización racional do territorio galego e protexe-lo medio natural, mellora-la calidade de vida e contribuír ó equilibrio territorial*." Polo tanto, canda a ordenación integrada o seu obxectivo da sustentabilidade ambiental.

Este obxectivo fundamental preséntase particularmente propicio para instrumentar xuridicamente a ordenación integral do litoral de Galicia, ao que a LOTG só se refire expresamente á hora de concretar os obxectivos xerais. Efec-

³⁴ DOG nº 233, de 5 de decembro de 1995.

tivamente, o artigo 3º, c) sinala entre estes, a:

"Compatibilización do proceso de desenvolvemento do sistema productivo, da urbanización e da ordenación turística coa racional utilización dos recursos naturais, *sobre todo no referente ó litoral*, ós recursos hidráulicos e á paisaxe."

Sexa como for, esta referencia expresa ao litoral dentro da ordenación do territorio non a atopamos nos instrumentos específicos que a Lei prevé para tales obxectivos. No tocante aos concretos instrumentos de ordenación do territorio, a LOTG contempla cinco tipos:

- 1º.- *Directrices de ordenación do territorio.*
- 2º.- *Plans territoriais integrados.*
- 3º.- *Programas coordinados de actuación.*
- 4º.- *Plans e proxectos sectoriais*³⁵.
- 5º.- *Plans de ordenación do medio físico.*

Ademais estes instrumentos preséntanse como "complementarios e non excluíntes" dos previstos pola lexislación urbanística (cfr. art. 5º LOTG).

Polo que se refire ás "*Directrices de ordenación do territorio*" (cfr. arts. 6 a 11 da LOTG), estas constitúen o instrumento principal mediante o cal debe deseñarse a ordenación do territorio de Galicia, establecendo as pautas espaciais de asentamento das actividades de acordo coas políticas sociais, económicas e culturais emanadas da Comunidade Autónoma. Preséntase cunha clara pretensión integradora de todas as políticas sectoriais que inciden sobre o territorio, cunha ampla perspectiva que afecta aos plans, programas e accións desenvolvidas por todas as Administracións públicas radicadas en Galicia (a Administración autonómica e as Administracións locais), e cunha marcada finalidade de coordinación. Ademais, a súa formulación proxéctase tanto sobre as actuacións públicas coma privadas.

Dado o extenso ámbito de aplicación deste instrumento e a súa orientación holística sobre todas aquelas accións que afectan ao territorio, as "*Directrices*" ofrecen un mecanismo de ordenación de grande importancia para a política de xestión integrada do litoral. Neste sentido, a relación terra-mar que, como vimos, resulta imprescindible para esta finalidade, pódese articular adecuadamente mediante este instrumento. Efectivamente, repasando os contidos que deben ter as *Directrices* atopamos moitas determinacións que poden achegar

³⁵ Este tipo de plans foron desenvolvidos polo Decreto 80/2000, de 23 de marzo.

elementos de ordenación moi valiosos. Así, por exemplo:

- a formulación dun diagnóstico dos problemas existentes en relación cos asentamentos urbanos e produtivos, co medio físico e os recursos naturais e coas previsibles pautas de desenvolvemento territorial (cfr. art. 7,1,a) LOTG); uns asentamentos que cada vez son máis importantes na franxa litoral de Galicia e que fan presión sobre o sensible medio físico costeiro;
- a delimitación de áreas de protección que deben quedar subtraídas ao desenvolvemento de actividades urbanas, co fin de ser destinadas á preservación ou explotación dos recursos naturais (cfr. art. 7,1,f) LOTG); pensemos nas rías galegas ou nas zonas húmidas sobre as que existe un réxime de protección especial;
- a determinación dos criterios e condicións ás que deben someterse as propostas de desenvolvemento urbano, industrial, agrícola, etc., en función das dispoñibilidades de recursos enerxéticos, hidráulicos ou de saneamento (cfr. art. 7,1,i) LOTG); basta sinalar aquí os problemas derivados dos vertidos industriais e de augas residuais das cidades costeiras de Galicia.

En canto ao procedemento de formulación e aprobación das "Directrices", previsto no art. 10 da LOTG, permite facer valer o criterio de participación de todos os actores —públicos e privados— implicados na ordenación territorial. Así, correspóndelle ao Goberno da Xunta de Galicia acordar a iniciación do procedemento de elaboración; á Consellería de Política Territorial, a dirección e preparación do *avance de Directrices*; prevese a participación doutras consellerías con competencias de proxección territorial e as Administracións locais; mesmo se abre á participación doutras entidades públicas e privadas para que presenten cantas observacións, propostas e alternativas estimen oportunas. Logo da súa aprobación inicial vólvese abrir outro prazo para a audiencia das devanditas entidades. Posteriormente, o Goberno da Xunta dá traslado das Directrices ao Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no seu Regulamento (para a tramitación específica de plans e programas). Por fin, apróbase, no seu caso, por Decreto da Xunta de Galicia. Así mesmo deberase determinar o procedemento que regule o seguimento e, se é preciso, a súa posta ao día.

En definitiva, as Directrices de ordenación do territorio de Galicia constitúen un instrumento de grande interese para, entre outros obxectivos, proceder ao deseño dunha xestión do litoral en toda a Comunidade Autónoma. Os principios de integración, coordinación e participación, verdadeiras liñas mes-

tras da xestión integrada da costa, teñen nelas un potencial encaixe.

O segundo nivel da ordenación do territorio en Galicia atribúese aos "*Plans territoriais integrados*", que en desenvolvemento daquelas Directrices están dirixidos á "organización de áreas xeográficas supramunicipais de características homoxéneas" (cfr. art. 12 LOTG). O ámbito territorial que están chamados a cubrir estes plans semella ser o de áreas metropolitanas ou comarcais. En todo caso, sobre aquelas zonas que precisen dunha planificación infraestrutural, de equipamento ou recursos, de carácter integrado. Desde a perspectiva que orienta este traballo, ben podería aplicarse esta figura de planificación territorial sobre as dúas áreas de configuración metropolitana e situación costeira como son as conurbacións de Vigo e A Coruña, ou tamén sobre os asentamentos existentes nas diferentes rías galegas. Igualmente, no seu procedemento de elaboración (regulado no art. 15 LOTG) cuxo protagonismo corresponde ao Goberno da Xunta —no tocante á súa iniciación e á súa aprobación definitiva— prevese a participación das entidades locais afectadas e a apertura dun trámite de información pública por un período de dous meses.

3.3. AS REFERENCIAS AO LITORAL NA LEI DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA E DE PROTECCIÓN DO MEDIO RURAL DE GALICIA DE 2002. A PREVISIÓN DO "PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DO LITORAL"³⁶

Como xa adiantamos outra técnica que adquire suma importancia na xestión integrada do litoral é o urbanismo ou os sistemas de planificación dos usos do solo. De feito, nalgúns países (Francia, por exemplo) o sistema de planificación é o mecanismo principal de xestión e protección na costa. Con todo, o seu alcance é máis limitado que o pretendido pola ordenación do territorio e moitas veces adoce de falta de flexibilidade. Os tipos de planificación dos usos do solo que apoian mellor a xestión integrada das zonas costeiras seguen algúns principios:

- as autoridades responsables da planificación necesitan un mandato para executar os plans e conceder autorizacións;
- á hora de tomar unha decisión é preciso ter en conta o contexto máis amplo e debe introducirse coherencia no sistema para evitar efectos acumulativos non desexados de moitas decisións menores. Neste sentido, a avaliación de impacto debe ser o máis ampla e exhaustiva posible.

Por outra banda, necesítanse mecanismos para garantir o cumprimento dos requisitos da autorización e no proceso de planificación deben introducirse as

³⁶ Cfr. *in totum* a monografía de FERNÁNDEZ CARBALLAL, A.: *Dereito Urbanístico de Galicia*, Thomson-Civitas, Madrid, 2003. E máis recentemente, MEILÁN GIL, J.L. (Dir.): *Comentarios á Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia*, Thomson-Aranzadi, Cizur Menor, 2009.

máis amplas oportunidades de consulta ou participación. Ademais, debe establecerse unha coordinación estreita entre a planificación dos usos do solo e as administracións sectoriais.

Polo que se refire á lexislación urbanística de Galicia a *Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural*³⁷ (en diante, LOUPMR) tratou de incorporar os profundos efectos que a aprobación da Lei estatal 6/1998 deixara na lexislación urbanística sobre urbanismo e solo. Desta forma, a Comunidade Autónoma de Galicia —no exercicio das súas competencias (art. 27,3 EAG) e co respecto dalgúns dos contidos básicos do Texto Refundido estatal—, viña establecer un completo marco xurídico do réxime urbanístico de Galicia, nos seus diferentes aspectos (planificación, réxime do solo, distribución de cargas e beneficios, execución do planeamento, disciplina urbanística, etc.). Dela imos extraer unicamente as determinacións legais que afectan ás cuestións ambientais e que, polo tanto, poden proxectarse sobre unha xestión sustentable do litoral galego.

No Preámbulo da Lei explícase a orixe da reforma da lexislación urbanística de Galicia: trátase dun *Acordo Marco* para a reforma do urbanismo de Galicia de 27 de xullo de 2001, entre o conselleiro de Política Territorial, os alcaldes de varios municipios de Galicia e a Federación Galega de Provincias e Municipios, coa finalidade dobremente especificada no seu apartado I:

"contribuír ó desenvolvemento harmónico do territorio, *preserva-lo* patrimonio arquitectónico de Galicia, o medio *ambiente urbano e rural* e conseguir unha *ciudades máis habitables e sostibles* (...) A finalidade esencial da Lei debe ser mellorar substancialmente a calidade da ordenación urbanística de Galicia cara a favorece-lo *desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio*, contribuír a eleva-la calidade de vida e a cohesión social da poboación, protexer e potencia-lo patrimonio natural e cultural e garanti-lo dereito constitucional a desfrutar dunha vivenda digna".

Así mesmo no apartado II do Preámbulo destácase a vital importancia do litoral en Galicia e as *bases de sustentabilidade* que debe rexer o proceso de planificación urbanística de Galicia. En efecto, declárase o seguinte:

"Galicia conta (...) cunha arquitectura rural de excepción e cun *territorio de incalculable valor paisaxístico*, cunhas terras eminentemente fértiles e con vocación agrícola, gandeira e forestal, e *cun litoral de extraordinario valor económico, ambiental, histórico e cultural*. Sen embargo, a anarquía

³⁷ DOG nº 252, de 31 de decembro de 2002.

de construcións e usos que está proliferando nos últimos anos, a deterioración das edificacións, a falta de conclusión de moitas delas e a *degradación da paisaxe*, provocada polos moitos movementos de terra inadecuados e o desenvolvemento tecnolóxico aplicado, moitas veces, de forma incontrolada ó medio rural, xustifican esta lei que trata de harmonizar o desenvolvemento e *benestar do mundo rural coa preservación e revitalización dos bens culturais e naturais tan prezados e fonte de recursos e patrimonio que se deben conservar para legarllelos ás xeracións futuras deste país*³⁸.

Tomando como marco de referencia o último *Programa de Acción Ambiental da Unión Europea* afírmase:

"o Sexto programa comunitario en materia de medio ambiente 'Medio ambiente 2010: o futuro nas nosas mans' establece como un dos seus cinco eixes prioritarios de acción estratéxica *ter en conta o medio ambiente na xestión e ordenación do territorio mediante a difusión e o fomento das mellores prácticas relativas á planificación sostible*. Así mesmo, no ámbito de acción prioritario relativo á biodiversidade, propón a protección, conservación e restauración dos solos e as paisaxes, o desenvolvemento sostible dos bosques e *a protección e restauración do litoral*, a importancia e fragilidade do cal determinou que o Consello invitase os estados membros a redobrar *os esforzos encamiñados á protección das zonas costeiras*, así como ao establecemento da estratexia para a súa xestión e ordenación integrada baseada na súa perdurabilidade e sostibilidade".

En canto ao propio texto normativo chama a atención a integración dos fins e valores ambientais e culturais na actividade urbanística que se manifesta no art. 4º:

- "d) *Preserva-lo medio físico*, os valores tradicionais, os sinais de identidade e a memoria histórica de Galicia (...)
- e) *Harmoniza-las esixencias de ordenación e conservación dos recursos naturais e da paisaxe rural e urbana* co mantemento, diversificación e desenvolvemento sostible do territorio e da súa poboación, para contribuír a eleva-la calidade de vida e a cohesión social da poboación (...)"³⁹.

Ao regular a clasificación do solo —no Capítulo 2º do Título I— leva a cabo

³⁸ A cursiva é do autor.

³⁹ A cursiva é do autor.

unha das reformas máis significativas en relación co obxecto central deste traballo; trátase da determinación recolleita no art. 13º sobre o "*solo de núcleo rural*" —que orixinou certo rebumbio nos municipios costeiros de Galicia— dispoñendo no último parágrafo do seu número 3:

*"Os núcleos rurais situados na franxa de 200 metros desde o límite interior da ribeira do mar non poderán ser ampliados en dirección ó mar agás nos casos excepcionais nos que o Consello da Xunta o autorice expresamente, pola especial configuración da zona costeira onde se atopen ou por motivos xustificadas de interese público, xustificando a necesidade da iniciativa, a oportunidade e a súa conveniencia en relación co interese xeral"*⁴⁰.

Trátase dun precepto no que, aínda que se parte da boa vontade de protexer o litoral de Galicia aplicando de xeito maximalista a marxe de manobra prevista na LC, as excepcións que prevé obrigarán a esperar cales son os concretos criterios aplicativos. Doutra parte, ao regular o réxime do "*solo rústico*" coa finalidade de "ser preservados dos procesos de desenvolvemento urbanístico" especifica no art. 15º os supostos protexidos, entre outros:

"a) Os terreos sometidos a un *réxime específico de protección incompatible coa súa urbanización*, de conformidade coa lexislación de ordenación do territorio ou coa *normativa reguladora do dominio público, as costas, o medio ambiente, o patrimonio cultural, as infraestructuras e doutros sectores que xustifiquen a necesidade de protección*".

Dentro da mesma categoría de "*solo rústico*"⁴¹ distínguense varias categorías entre as que se atopa a do "*solo rústico especialmente protexido*", "constituído polos terreos que polos seus valores agrícolas, gandeiros, forestais, ambientais, científicos, naturais, paisaxísticos, culturais, suxeitos a limitacións ou servidumes para a protección do dominio público ou doutra índole deban estar sometidos a algún réxime especial de protección incompatible coa súa transformación, de acordo co disposto neste apartado" (art. 32, 2), que, pola súa vez prevé varias categorías e, entre outras, a seguinte:

"e) *Solo rústico de protección de costas*, constituído polos *terreos, situados fóra dos núcleos rurais e do solo urbano, que se atopen a unha distancia inferior a 200 metros do límite interior da ribeira do mar*. Excepcional-

⁴⁰ A cursiva é do autor.

⁴¹ Cfr. a Circular 2/2003, de 31 de xullo, da Consellería de Política Territorial, sobre réxime de autorizacións en solo rústico (DOG nº 150, de 5 de agosto).

mente, logo do informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia, o plan xeral de ordenación municipal poderá reducir por razóns cumpridamente xustificadas a franxa de protección ata os 100 metros contados desde o límite interior da ribeira do mar".

- g) *Solo rústico de protección de interese paisaxístico*, constituído polos terreos lindantes coas estradas e demais vías públicas, exteriores ós núcleos rurais e ó solo urbano, que ofrezan *vistas panorámicas do territorio, do mar*, do curso dos ríos ou dos vales, dos monumentos ou edificacións de singular valor, así como os accesos a fitos paisaxísticos significativos e os propios fitos".

Ao establecer as "condicións de uso" destas categorías de solo rústico o art. 39º da LOUPMRG, sobre "*solos rústicos de protección das augas, das costas e de interese paisaxístico*" dispón o seguinte:

"O réxime xeral dos solos rústicos de protección das augas, das costas e de interese paisaxístico, *sen prexuízo do establecido na súa lexislación reguladora en materia de augas e costas*, ten por obxecto *preserva-lo dominio público* hidráulico e *marítimo e o seu contorno*, así como os espazos de interese paisaxístico, quedando suxeitos ó seguinte réxime:

1. *Usos permitidos por licenzia municipal*: os relacionados no apartado 1, letras b) e c)⁴², e no apartado 2, letra i)⁴³, do artigo 33 desta lei.
2. *Usos autorizables pola Comunidade Autónoma*: os relacionados no apartado 1, letra a)⁴⁴, e no apartado 2, letras e) e f)⁴⁵, do artigo 33 desta lei, sempre que estean vinculados á conservación, utilización e desfrute do

⁴² Trátase de:

- b) Actividades de lecer, tales como práctica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes.
- c) Actividades científicas, escolares e divulgativas.

⁴³ Trátase dun "Cerramento ou valado de predios con elementos opacos ou de fábrica, cunha altura máxima de 1,5 metros e o resto das características determinadas polo planeamento municipal".

⁴⁴ É dicir, "Accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragaxes, defensa de ríos e rectificación de leitos, abancalamientos, desmontes, recheos e outras análogas".

⁴⁵ Polo tanto:

- e) Construcións e rehabilitacións destinadas ó turismo rural e que sexan potenciadoras do medio onde se localicen.
- f) As infraestruturas e obras públicas en xeral, tales como os centros e as redes de abastecemento de auga; os centros de produción, servizo, transporte e abastecemento de enerxía eléctrica e gas; as redes de saneamento, estacións de depuración e os sistemas vinculados á reutilización de augas residuais; os centros de recollida e tratamento dos residuos sólidos; os ferrocarrís, portos e aeroportos; as telecomunicacións; e, en xeral, tódalas que resulten así cualificadas en virtude da lexislación específica, dos instrumentos de ordenación territorial ou do planeamento urbanístico.

dominio público e do medio natural, as piscifactorías e instalacións análogas, así como os que se poidan establecer a través dos instrumentos previstos na lexislación de ordenación do territorio.

3. *Usos prohibidos*: Tódolos demais, especialmente os usos residenciais e industriais”.

Polo que se refire ao “Planeamento Urbanístico” —regulado no Título II— declárase a vinculación xerárquica dos plans de ordenación urbanística “ás determinacións das directrices de ordenación do territorio e ós demais instrumentos establecidos pola LOTG” (art. 45, 2). Nas determinacións da documentación que debe achegarse á conformación do “Plan xeral de ordenación municipal” (cfr. arts. 52 a 61), contéplase a relativa ao “estudio de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico” (art. 61, 4) que:

“O estudio *de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico* terá por obxecto a análise e ponderación dos efectos da execución e desenvolvemento das determinacións do plan xeral sobre os recursos naturais e o medio físico, a adopción das medidas correctoras necesarias para minimizar os seus impactos e a valoración da adecuación das infraestruturas e servizos necesarios para garantir os novos desenvolvementos en condicións de calidade e sostibilidade ambiental, así como a súa coherencia cos obxectivos de protección do dominio público natural”⁴⁶.

Tamén ten grande interese a previsión que se contén no apartado da planificación a través dos “*plans especiais de protección*” do art. 69º, que establece: “1. Os plans especiais de protección teñen por obxecto preservar o medio ambiente, as augas continentais, o litoral costeiro, os espazos naturais, as áreas forestais, os espazos productivos, as vías de comunicación, as paisaxes de interese, o patrimonio cultural e outros valores de interese”⁴⁷.

Das “*normas de aplicación directa*” do art. 104 sobre “adaptación ó ambiente” destacamos a do seu apartado b):

“Nos lugares *de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítimo*, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou

⁴⁶ A cursiva é do autor.

⁴⁷ A cursiva é do autor. Cfr. o art. 87 sobre a tramitación destes plans especiais de protección.

altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contempla-las belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto."

Finalmente o máis relevante para o obxecto deste traballo é a determinación contida na Disposición Transitoria 8ª da LOUPMRG na que sucintamente se dispoñía que "a Xunta remitiralle ó Parlamento no prazo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei o Plan *sectorial de ordenación do litoral onde se recollerán as condicións específicas deste ámbito territorial*". Tratouse no seu momento, sen dúbida, dunha gran noticia para os que defendemos a necesidade da xestión integrada das costas de Galicia, pero a dificultade para elaborar o devandito Plan sectorial —que máis que "sectorial", debería ser "integral" como se recoñeceu máis adiante— está en que nin a LOTG nin a presente Lei facilitan as mínimas determinacións que debe comprender aquel. E de feito, o prazo dos dous anos incumpríuse.

En definitiva, pensamos que con todas estas determinacións que ofrece a LOUPMRG cun expreso obxectivo de abordar os problemas do medio natural en Galicia —e derivadamente, os do litoral— podería darse un considerable avance, sempre, está claro, que as Administracións urbanísticas competentes tivesen unha firme vontade de aplicala.

3.4. O RELANZAMENTO DO PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL POLA LEI 6/2007 DE MEDIDAS URXENTES EN MATERIA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E DO LITORAL⁴⁸.

Co cambio de executivo da Xunta de Galicia, logo das eleccións autonómicas de 2006, o presidente da Xunta manifestou publicamente que a ordenación do litoral constituía unha prioridade do seu Goberno. A nova Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes comezou a incrementar o seu control sobre certos municipios con desenvolvementos urbanísticos desproporcionados e promoveu a suspensión das facultades urbanísticas nalgúns deles⁴⁹.

⁴⁸ Cfr. o traballo de RODRIGUEZ-CAMPOS, S.: "Sobre la necesidad de ordenar y proteger el litoral de Galicia: reflexiones al hilo de la nueva Ley de medidas urgentes", en *Revista de Urbanismo y Edificación*, nº 17 (2008), pp. 71-84.

⁴⁹ Cfr. por exemplo o Decreto 15/2007, do 1 de febreiro, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Barreiros e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento.

Pero o fito máis significativo desta nova política de protección de litoral plasmouse na *Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia*. O seu Preámbulo comeza xustificando as medidas que contén no "constante crecemento urbano" que están a experimentar algúns municipios do litoral de Galicia e que resulta moi daniño para o seu desenvolvemento equilibrado e sustentable:

"Este modo de ocupación do territorio non é compatible co desenvolvemento equilibrado e sostible de Galicia e causa graves prexuízos económicos, sociais e ambientais, como son, entre outros, a ineficiencia económica polos elevados custos enerxéticos, de construción e mantemento das infraestruturas e de prestación dos servizos públicos; a segregación social e espacial; a contaminación atmosférica e das augas; a perda de espazos de cultivo e da biodiversidade; a degradación da paisaxe e do patrimonio cultural, e a perda da identidade territorial".

Tras destacar a necesidade de levar a cabo —de acordo cos criterios recolectados en varios documentos da Unión Europea (como a "Estratexia Territorial Europea")— un adecuado modelo de desenvolvemento urbano e ocupación do territorio, destaca a necesidade de proceder á súa definición conforme aos instrumentos xurídicos dispoñibles no ordenamento propio de Galicia (a Lei 10/1995 de ordenación do territorio e a Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural). A falta de aprobación do "Plan sectorial de ordenación do litoral" previsto pola Disposición Transitoria 8ª da Lei 9/2002 e tamén a aprobación de novas normas de protección de espazos de maior valor e fragilidade do litoral (o Decreto 72/2004, de abril, polo que se declaran determinados espazos como zonas de especial protección dos valores naturais —os lugares de interese comunitario integrados na Rede europea Natura 2000 e as zonas de especial protección das aves, entre outros—, e o Decreto 110/2004, de 27 de maio, polo que se regulan os humidais protexidos; ámbitos de protección que afectan a un total de setenta e tres dos oitenta e sete municipios costeiros) son circunstancias que :

"determinan que, transcorrido o prazo legal establecido na disposición transitoria segunda da Lei 9/2002, para a necesaria adaptación dos plans de ordenación urbanística ás súas prescricións, cómpre adoptar con urxencia as medidas necesarias para impedir accións de transformación do solo, ao abeiro de plans obsoletos e desconformes coa lexislación vixente, que resultan contrarias á futura ordenación urbanística dos municipios costeiros adaptada á lexislación urbanística e ambiental e adecuada aos requiri-

mentos de sostibilidade económica, social e ambiental.

Por outro lado, a necesaria protección dos intereses autonómicos ínsitos na franxa do litoral de 500 metros demanda, como xa establecera a disposición transitoria oitava da Lei 9/2002, *elaborar un plan de ordenación do litoral no que se recollan as condicións específicas deste ámbito territorial*".

Polo que se refire á ordenación do litoral a Lei 6/2007 establecía o seguinte:

1º.- "O *Plan sectorial de ordenación do litoral* ao que fai referencia a disposición transitoria oitava da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, *terá a natureza dun plan territorial integrado* regulado na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, co obxecto de establecer os criterios, os principios e as normas xerais para a ordenación urbanística da zona litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sostibilidade, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras" (cfr. art. 2,1). As súas determinacións "serán directamente aplicables e prevalecerán de forma inmediata sobre as do planeamento urbanístico, que deberá ser obxecto de adaptación" (cfr. art. 2,2). E en canto ao seu procedemento de aprobación debe terse en conta a medida de suspensión introducida pola Disposición Adicional 2ª da mesma Lei 6/2007 (cfr. art. 2,3)⁵⁰.

2º.- *A suspensión cautelar, urxente e transitoria de novos desenvolvementos urbanísticos na zona litoral.* En particular, esta suspensión afectaba:

- SUBXECTIVAMENTE, aos municipios costeiros que se relacionaban no Anexo da Lei⁵¹.

⁵⁰ O Artigo 5 bis sobre *Suspensión motivada pola formulación dun instrumento de ordenación do territorio*, establece o seguinte:

"1. Acordada polo Consello da Xunta a iniciación do procedemento de elaboración de calquera instrumento de ordenación do territorio, a persoa titular da consellaría competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, de forma motivada, *poderá suspender cautelarmente os procedementos de aprobación do planeamento urbanístico, dos instrumentos de xestión ou execución do planeamento e de outorgamento de licenzas para ámbitos ou para usos determinados*, coa finalidade de elaborar o instrumento de que se trate. Esta suspensión haberá de publicarse no "Diario Oficial de Galicia".

2. A suspensión á que se refire o número 1 anterior extingúese coa aprobación definitiva do instrumento de ordenación do territorio que motivou a adopción da medida cautelar de suspensión e, en todo caso, polo transcurso do prazo de dous anos contados desde a data do acordo de suspensión, prorrogable por un ano máis. Extinguidos os efectos da suspensión por aplicación deste artigo, non poderán acordarse novas suspensións no mesmo ámbito e por idéntica finalidade no prazo de catro anos".

⁵¹ En concreto, por provincias:

- **FUNCIONALMENTE**, a "a tramitación e aprobación dos plans especiais de reforma interior, plans parciais, plans de sectorización e instrumentos de equidistribución que teñan por obxecto a transformación urbanística de terreos situados a unha distancia inferior a 500 metros, medidos en proxección horizontal terra a dentro, desde o límite interior da ribeira do mar dos municipios que se relacionan no anexo" (art. 3,1)⁵².
- **OBXECTIVAMENTE**, de acordo cos tipos de solo, segundo o art. 3,2:
 - a) *En todos os municipios costeiros*, nos terreos clasificados como solo urbanizable, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico.
 - b) *Nos municipios costeiros con poboación inferior a 50.000 habitantes*, nos terreos clasificados como solo urbano que, no momento da entrada en vigor desta lei, non reúnan os requisitos establecidos nos artigos 11 e 12.a) en relación co artigo 16.1 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (sobre determinacións para a clasificación do solo urbano consolidado), e, en todo caso, nos incluídos en polígonos, unidades de actuación ou de execución.
- **TEMPORALMENTE**, "durante o prazo de dous anos que se contarán desde a entrada en vigor desta lei" nos municipios con planeamento xeral non adaptado á Lei 9/2002, ou "ata a aprobación do Plan de ordenación do litoral ou do Plan xeral de ordenación municipal adaptado integramente á Lei 9/2002" (art. 4,1).

a) Na provincia de Lugo: Trabada, Ribadeo, Barreiros, Foz, Burela, Cervo, Xove, Viveiro e O Viñado.

b) Na provincia da Coruña: Mañón, Ortigueira, Cariño, Cedeira, Valdoviño, Narón, Ferrol, Neda, Fene, Mugarodos, Ares, Cabanas, Pontedeume, Miño, Paderne, Coirós, Betanzos, Bergondo, Sada, Oleiros, Cambre, Culleredo, A Coruña, Arteixo, A Laracha, Carballo, Malpica, Ponteceso, Cabana de Bergantiños, Laxe, Vimianzo, Camariñas, Muxía, Cee, Fisterra, Corcubión, Dumbría, Carnota, Muros, Outes, Noia, Porto do Son, Ribeira, A Pobra do Caramiñal, Boiro, Rianxo, Dodro e Padrón.

c) Na provincia de Pontevedra: Pontecesures, Valga, Catoira, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, A Illa de Arousa, Cambados, Ribadumia, Meaño, O Grove, Sanxenxo, Poio, Pontevedra, Marín, Bueu, Cangas, Moaña, Vilaboa, Soutomaior, Redondela, Vigo, Nigrán, Baiona, Gondomar, Oia, O Rosal, A Guarda, Tomiño, Tui e Salvaterra de Miño.

Segundo a información da Consellería de Política Territorial, a superficie afectada é só o 13 % do solo urbanizable dos municipios costeiros (unhas 3.000 ha.).

⁵² O art. 4,2 engade que tal suspensión abarca: "A suspensión abrangue a todos os plans especiais de reforma interior, plans parciais e plans de sectorización que, no momento da entrada en vigor desta lei, non estean aprobados definitivamente. Así mesmo, a suspensión abrangue todos os instrumentos de equidistribución do planeamento urbanístico respecto dos que, no momento da entrada en vigor desta lei, transcorrese o prazo establecido no instrumento de planeamento que conteña a ordenación detallada para a súa aprobación definitiva ou xa transcorresen tres anos contados desde a aprobación do antedito plan que se executa".

3º.- Do mesmo xeito que outros instrumentos de ordenación do territorio —e de acordo coa Lei estatal 9/2006, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas do medio ambiente—, o Plan sectorial de ordenación do litoral será obxecto de "avaliación ambiental estratéxica" (cfr. art. 5,1,a)⁵³.

O 24 de maio de 2007 o Consello da Xunta acordou iniciar o procedemento de elaboración e aprobación do POLGA de acordo cos disposto no art. 2,3 da Lei 6/2007 en relación co art. 15,1º da LOTG (trátase do primeiro fito histórico do POLGA).

En setembro de 2008 a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes aprobou e fixo público o "documento de inicio" das *Directrices de ordenación do territorio de Galicia* co obxecto de sometelo ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica por parte da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. No devandito documento hai diversas referencias ao litoral como "un ámbito de excelencia territorial" que hai que preservar, un de cuxos elementos básicos son os "núcleos de identidade do litoral". Entre as determinacións das Directrices sobre o litoral, ademais da previsión da aprobación do "Plan de ordenación do litoral" recollíanse as de completar o deslinde do dominio público marítimo-terrestre, a promoción de accións para a súa ampliación, a renovación da fachada litoral nos plans municipais con criterios de calidade e integración do contorno, a creación de itinerarios costeiros, etc.

En febreiro de 2009 enviouse o "documento de inicio" ao órgano ambiental para comunicar o inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica e, en abril dese mesmo ano, emitíuse o "documento de referencia" por parte do órgano ambiental que ía guiar ao promotor do POLGA no seu proceso de avaliación estratéxica (terceiro fito histórico do POLGA). E aquí quedou parado o proceso de aprobación do POLGA pola celebración das eleccións autonómicas.

4. O PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL DE 2011

4.1. FITOS FUNDAMENTAIS NA TRAMITACIÓN DO POLGA

O novo Goberno do PP triunfante nas eleccións autonómicas de abril de 2009 tamén se propuxo como prioridade política a aprobación inmediata do

⁵³ Cfr. os arts. 6, 7 e 8 da Lei 6/2007 sobre o procedemento desta avaliación ambiental estratéxica na que intervén a Consellería competente en materia de medio natural.

aínda pendente "Plan de ordenación do litoral". A Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe da mesma Consellería de Medio Ambiente fixo público (mediante Resolución de 8 de maio de 2009)⁵⁴ o acordo de inicio do procedemento de elaboración e aprobación do Plan de ordenación do litoral. E como o 17 de maio caducaba a suspensión cautelar sobre o urbanismo litoral prevista pola Lei 6/2007, a nova Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas decidiu por Orde de 14 de maio de 2009 prorrogala ata o 2010 (segundo fito do POLGA)⁵⁵.

De xaneiro a maio de 2010 transcorreu o trámite de audiencia e exposición pública do proxecto do POLGA na web⁵⁶, para o que tivo lugar a súa aprobación inicial⁵⁷. Tamén se someteu a informe das corporacións locais afectadas, ás deputacións provinciais e ás entidades de carácter supramunicipal con incidencia na área cuberta polo POLGA. Este trámite tivo unha duración total de tres meses (cuarto fito do POLGA).

Por Orde de 30 de abril de 2010 (efectiva desde o 3 de maio) acordouse a extensión dos efectos da suspensión cautelar da Orde de 15 de maio de 2009 ata que se producise a aprobación inicial do POLGA⁵⁸ (quinto fito do POLGA).

Recibidas todas as alegacións no trámite de audiencia preparouse o documento para a aprobación inicial do POLGA incluíndo o Informe de sostibilidade ambiental redactado de acordo co disposto no art. 8 da Lei 9/2006 e segundo os criterios contidos no documento de referencia emitido polo órgano ambiental. E a partir de aquí, da aprobación inicial do POLGA iniciouse a exposición pública por un prazo de dous meses.

No mes de xullo de 2010 publicouse a Orde do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de aprobación inicial do POLGA e dispoñíase o inicio da exposición pública durante dous meses⁵⁹. De agosto a setembro de 2010 estivo aberto o devandito proceso para a recepción de alegacións, observacións e suxestións, tanto dos particulares coma de organismos públicos (sexto fito histórico do POLGA).

⁵⁴ DOG nº 93 de 14 de maio de 2009.

⁵⁵ DOG nº 94 de 15 de maio de 2009. Deste xeito as medidas de suspensión do art. 1º da Lei 6/2007 foron de aplicación aos municipios co planeamento xeral non adaptado á Lei 9/2002 durante o prazo dun ano contado desde a entrada en vigor de dita Orde ou ata a aprobación inicial do POLGA ou a aprobación definitiva do Plan xeral de ordenación municipal adaptado integramente á Lei 9/2002.

⁵⁶ Cfr. a páxina web: <http://www.xunta.es/litoral/> (consulta o 20 de xuño de 2011).

⁵⁷ O 25 de xaneiro de 2010 tivo lugar no Hostal de San Francisco en Santiago de Compostela unha presentación a cargo do Presidente Feijoo e outras autoridades do documento que contiña o POLGA.

⁵⁸ DOG nº 82 de 3 de maio de 2010.

⁵⁹ DOG nº 145 de 30 de xullo de 2010.

Finalizado o período de consultas e información pública, e con carácter previo á aprobación provisional, o órgano promotor enviou ao órgano ambiental a documentación completa do Plan tomando en consideración o Informe de sostibilidade ambiental, as alegacións e os informes presentados no período de consultas, así como unha proposta de memoria ambiental, de conformidade co disposto no artigo 12 da Lei 9/2006, do 28 de abril. Enviáronse, así mesmo, os informes sectoriais e o informe sobre o proceso de participación pública. Con data do 29 de decembro de 2010 a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación ambiental emitiu a Resolución da memoria ambiental do POLGA (sétimo fito do POLGA).

E, finalmente, a Orde de 30 de decembro de 2010, do conselleiro de Medio Ambiente resolvía a aprobación provisional do POLGA⁶⁰ (oitavo fito do POLGA) que non sería definitiva ata a súa aprobación polo Decreto 20/2011, de 10 de febreiro⁶¹, ao que nos referiremos máis adiante.

4.2. UNHA PREVIA E OBRIGADA REFERENCIA Á REFORMA DA LEI 9/2002 EN VIRTUDE DA LEI 2/2010 E AS SÚAS REPERCUSIÓNS SOBRE O LITORAL⁶²

A norma esencial do urbanismo en Galicia —a Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural— xa experimentara unha primeira reforma coa Lei 15/2004. Agora a segunda xustifícase na súa exposición de motivos unha reformulación dalgúns dos seus contidos polos "novos e inaprazables requirimentos das actuais circunstancias económicas", e especial para avanzar "cara a unha ordenación do solo rústico máis consecuente coa natureza do medio rural como medio produtivo". En realidade esta reforma —que finalmente só foi apoiada polo partido gobernante (PP) e rexeitada polo Bloque Nacionalista Galego; o partido socialista abstívose— respondeu a unha petición formulada, desde principios de 2007, pola Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para revisar a normativa urbanística ante a preocupante situación da actividade urbanística nesta Comunidade Autónoma.

Esta importante reforma vira, ao meu xuízo, en torno a dous eixes funda-

⁶⁰ DOG nº 1 de 3 de xaneiro de 2011. E ademais mantíñase a suspensión cautelar acordada pola Orde de 23 de xullo de 2010.

⁶¹ DOG nº 37, de 23 de febreiro de 2011.

⁶² Cfr. unha visión crítica desta reforma urbanística en SANZ JUSDADO, I. e SÁNCHEZ GOYANES, E.: "Las medidas urgentes de reforma de la legislación gallega (marco teórico de una política urbanística) y su interrelación con el plan de ordenación del litoral tras ellas ya aprobado inicialmente (plasmación práctica de otra), en *Revista de Urbanismo y Edificación*, nº 22 (2010), pp. 51-77.

mentais: a axilización da tramitación dos plans urbanísticos, e en xeral dos procedementos urbanísticos, e a reformulación do concepto de núcleo rural que ten grande importancia en Galicia. E para o logro destes obxectivos recóñeceselles ás Administracións locais (aos municipios) unha maior responsabilidade na actividade urbanística do seu respectivos termos municipais.

Polo que se refire ao litoral, atopamos na Lei 2/2010 as seguintes modificacións:

- 1ª.- ao reformular o "solo de núcleo rural" —que se descompón en tres modalidades (o "histórico-tradicional", o "común" e o "complejo")— establécese no novo art. 13, 4 que:

"A delimitación dos *núcleos rurais existentes situados na franxa de 200 metros desde o límite interior da ribeira do mar* non poderá ser ampliada en dirección ao mar agás nos casos excepcionais nos que o Consello da Xunta o autorice expresamente, pola especial configuración da zona costeira onde se atopen ou por motivos xustificadas de interese público, polo que se xustificará a necesidade da iniciativa, a oportunidade e a súa conveniencia en relación co interese xeral".

- 2ª.- ao regular as categorías de solo rústico especialmente protexido, distínguense no novo art. 32º:

"e) *Solo rústico de protección de costas*, constituído polos terreos, situados fóra dos núcleos rurais e do solo urbano, que se atopen a unha distancia inferior a 200 metros do límite interior da ribeira do mar.

Excepcionalmente, logo de informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia, o plan xeral de ordenación municipal poderá reducir, por razóns debidamente xustificadas, a franxa de protección ata os 100 metros, contados desde o límite interior da ribeira do mar. (...)

- g) *Solo rústico de protección paisaxística*, constituído polos terreos que determine o planeamento urbanístico ou os instrumentos de ordenación do territorio coa finalidade de preservar as vistas panorámicas do territorio, *do mar*, do curso dos ríos ou dos vales, e dos monumentos ou edificacións de singular valor".

Esta disposición debe complementarse co novo art. 38º sobre as condicións de uso dos "solos rústicos de protección das augas, das costas, de interese paisaxístico e de patrimonio cultural", cuxo réxime xurídico ten por obxecto "preservar o dominio público hidráulico e marítimo e o seu contorno, así como os espazos de interese paisaxístico e o patrimonio cultural" e que se concreta nas seguintes determinacións:

"1. *Usos permitidos por licenza municipal.*

Os relacionados na alínea 1, letras a), b) e c), e na alínea 2, letras f) e i), do artigo 33º desta lei⁶³.

2. *Usos autorizables pola Comunidade Autónoma:*

Os relacionados na alínea 2, letras e) e l), do artigo 33º desta lei⁶⁴, así como as actividades e construcións vinculadas directamente coa conservación, utilización, aproveitamento e gozo do dominio público, do medio natural e do patrimonio cultural, e os que poidan establecerse a través dos instrumentos previstos na lexislación de ordenación do territorio, sempre que non leven á transformación da súa natureza rústica e quede garantida a integridade dos valores obxecto de protección.

Ademais dos usos anteriormente indicados, no solo rústico de protección de patrimonio poderá autorizarse a ampliación de cimiterios preexistentes, e *nos de protección de costas* e de protección das augas poderán autorizarse, así mesmo, *as construcións e instalacións necesarias para actividades de talasoterapia, augas termais, sistemas de tratamento ou depuración de augas, estaleiros e instalacións imprescindibles necesarias para a implantación de aparcadoiros abertos ao uso público para o acceso ás praias, á práctica dos deportes náuticos e para a implantación de paseos marítimos ou fluviais*, así como os previstos na alínea 2, letra j),

⁶³ É dicir, como establece o citado novo art. 33:

"1. Actividades e usos non construtivos:

- a) Accións sobre ou só ou subsolo que impliquen movementos de terra, tales como dragaxes, defensa de ríos e rectificación de leitos, abancalamientos, desmontes, recheos e outras análogas.
- b) Actividades de lecer, tales como práctica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes.
- c) Actividades científicas, escolares e divulgativas. (...)

2. Actividades e usos construtivos: (...)

- f) Instalacións necesarias para vos servizos técnicos de telecomunicacións, a infraestrutura hidráulica e as redes de transporte, distribución e evacuación de enerxía eléctrica, gas, abastecemento de auga e saneamento, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dúas terreos polos que discorren. (...)
- i) Muros de contención, así como cerramentos ou valado de predios".

⁶⁴ É dicir, en virtude do repetido art. 33:

"2. Actividades e usos construtivos: (...)

- e) Construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo no medio rural e que sexan potenciadoras do medio onde se localicen. (...)
- l) Construcións e instalacións destinadas a establecementos de acuicultura".

do artigo 33º desta lei⁶⁵, sempre que quede garantida a integridade dos valores obxecto de protección.

3. *Usos prohibidos*: Todos os demais."

3ª.- ao regular os "plans especiais de protección" que teñen por obxecto, como establece o novo art. 69, 1 "preservar o medio ambiente, as augas continentais, o litoral costeiro, os espazos naturais...". Poden afectar a calquera clase de solo e estenderse a varios termos municipais (cfr. art. 69, 2). Estes plans deberán "estar en consonancia cos instrumentos para a protección, xestión e ordenación da paisaxe, segundo recolle a Lei 7/2008 de protección da paisaxe de Galicia" (cfr. art. 69, 5).

4ª.- ao regular as "condicións xerais das edificacións en solo rústico" establece no seu art. 42, 1, c) que:

"Nos solos rústicos de protección ordinaria, agropecuaria, forestal ou de infraestruturas, de augas e de costas, a altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta. Excepcionalmente, poderá exceder os 7 metros de altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, fixesen imprescindible excedelos nalgún dos seus puntos".

5ª.- ao regular no art. 85 o longo "procedemento de aprobación do plan xeral", no que se prevé, para resolver a aprobación definitiva "a incidencia do plan sobre as materias de competencia autonómica (...) de desenvolvemento sustentable e a articulación das infraestruturas de carácter local cos elementos vertebradores do territorio de alcance supramunicipal" (cfr. art. 85, 9), engadindo que:

"En todo caso, dado o valor do litoral como recurso natural e ambiental non renovable, entenderase que a ordenación urbanística dos terreos situados na franxa de 500 metros desde a ribeira do mar afecta os intereses autonómicos".

6ª.- ao establecer na Disposición Transitoria Primeira o "réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado" dispón que:

"En todo caso, aos ámbitos sen plan parcial aprobado definitivamente"

⁶⁵ É dicir, en virtude do referido art. 33:

"2. Actividades e usos construtivos: (...)

j) Instalacións de praia e actividades de carácter deportivo, sociocultural, recreativo e de baño, que se desenvolvan ao aire libre, coas obras e instalacións imprescindibles para o uso do que se trate".

te antes da entrada en vigor da Lei 9/2002 que *se atopen no ámbito da servidume de protección establecida pola Lei 22/1988, de costas, ou no ámbito sometido a algún réxime de protección da Lei 9/2001, de conservación da natureza, aplicaráselles o réxime establecido por esta lei para o solo rústico de protección de costas ou de espazos naturais, respectivamente*".

7º.- Finalmente, en virtude da Disposición Transitoria Terceira, sobre "edificacións sen licenza" que permite a posibilidade de incorporar ao patrimonio do seu titular "as edificacións e construcións realizadas sen autorización autonómica preceptiva, existentes con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2003, e respecto das cales no momento de entrada en vigor desta lei transcorre o prazo legalmente establecido no seu artigo 210º.2 sen que a administración adoptase ningunha medida dirixida á restauración da legalidade urbanística ou medioambiental", a solicitude ao concello correspondente que o devandito titular debe realizar para que tales edificacións e construcións sexan declaradas "en situación legal de fóra de ordenación", necesitará o previo informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo, se estas edificacións "están localizadas en solo rústico de protección de costas...".

4.3. AS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO DE GALICIA E AS SÚAS DETERMINACIÓNS SOBRE O LITORAL

Tanto o Goberno bipartito (PSG-BNG) como o Goberno do Partido Popular decidiron tramitar paralelamente á elaboración do POLGA a das Directrices de ordenación do territorio (DOT)⁶⁶. Á chegada do PP ao Goberno acordouse — pola Orde de 9 de novembro de 2009— retrotraer o expediente de tramitación das DOT ao comezo do proceso da tramitación ambiental. Elaborouse un novo "documento de inicio" das DOT (en outubro de 2009) aos efectos de sometelo á avaliación ambiental estratéxica e en febreiro de 2010 redactouse o "documento de referencia" no seu proceso de avaliación. Logo en xuño de 2010 o

⁶⁶ Desde o punto de vista histórico a tramitación das DOT ten unha longa traxectoria e un tortuoso proceso cheo de desfalecementos por parte do planificador: desde a proposta de acordo do Consello da Xunta de 14 de febreiro de 1996 sobre inicio do procedemento de aprobación, que se reiterou por acordo de 6 de marzo de 1997 e que concluíu nun documento de información e diagnóstico publicado en xuño de 1999; a apertura de canles de participación institucional —de agosto a setembro de 2001— que desembocaron na publicación do documento "hipótese do modelo territorial" o 25 de febreiro de 2002; de novo un "documento de avance das DOT de xullo de 2004 aberto a consultas en decembro de 2004; ata a aprobación inicial polo Goberno bipartito o 28 de agosto de 2008 e publicación no DOG da Orde de 15 de setembro pola que se aprobaban inicialmente as DOT.

documento das DOT foi aprobado inicialmente⁶⁷.

En virtude do Decreto 19/2011, de 10 de febreiro da Xunta de Galicia⁶⁸ apróbanse definitivamente as "Directrices do ordenación do territorio" (en diante, DOT) que, como establece a Lei 10/1995 de ordenación do territorio de Galicia, constitúen "un instrumento de carácter global, expresión da política territorial, que han de constituí-lo marco xeral de referencia establecendo as pautas espaciais de asentamento das actividades, de acordo coas políticas sociais, económicas e culturais emanadas da Comunidade, integrando, se é o caso, as emanadas desde o Estado así como as propostas que xurdan desde as entidades locais". Na determinación do modelo territorial de Galicia as DOT toman como referencias fundamentais:

- a) O desenvolvemento *económico equilibrado e sustentable*, para que Galicia se siga aproximando aos niveis de renda e de riqueza das rexións máis desenvolvidas.
- b) *A cohesión social e a mellora da calidade de vida* da poboación, de modo que todas as persoas dispoñan dun nivel adecuado de servizos e de oportunidades.
- c) *A utilización racional do territorio e a sustentabilidade ambiental*, mediante a xestión responsable dos recursos naturais e a protección do medio ambiente.

As DOT foron elaboradas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de acordo co previsto no art. 10 da Lei 10/1995 de ordenación do territorio de Galicia e cuxo proceso de elaboración se describe no preámbulo do citado Decreto 19/2001⁶⁹. As determinacións contidas nas DOT poden ser

⁶⁷ Cfr. a web: <http://www.cmati.xunta.es/portal/cidadan/lang/gl/pid/2467> (consulta o 20 de xuño de 2011).

⁶⁸ DOG nº 36 de 22 de febreiro de 2011. As DOT foron aprobadas inicialmente e sometidas a información pública por Orde de 24 de xuño (DO de Galicia de 30 de xuño de 2010). Durante os meses de xullo e agosto de 2010 puidéronse realizar alegacións a este instrumento de ordenación que ao amparo da Lei 10/1995 iniciara o seu proceso de elaboración por un Acordo do Consello de Goberno da Xunta de 29 de febreiro de 1996. Nada menos que catorce anos, e despois acordar mediante unha Orde de 9 de novembro de 2009 (DO de Galicia de 19 de novembro) retrotraer o procedemento para realizar a Avaliación Ambiental Estratéxica que debía realizarse conforme á normativa vixente desde 2006, ven a luz estas directrices esenciais para a ordenación territorial de Galicia.

⁶⁹ Para máis información pode consultarse a páxina web <http://www.cmati.xunta.es/portal/cidadan/lang/gl/pid/2687> (consultada o 20 de xuño de 2011).

As DOT recibiron un total de 88 alegacións das que trinta proceden de concellos e dez de asociacións ecoloxistas. Os puntos de discrepancia principal teñen que ver co modelo de desenvolvemento territorial, agrupado en torno a áreas metropolitanas e áreas urbanas que potencia a área litoral e esquece o interior máis despoboado, e pola falta de engarce entre estas directrices e outra

de dous tipos: *excluíntes* (de calquera outro criterio, localización ou deseño territorial ou urbanístico) e *orientativas* (debendo a Administración competente concretar a proposta que conteñan as DOT).

Limitándonos ao obxecto deste traballo en relación co litoral podemos sintetizar os contidos das DOT do seguinte xeito:

1º.- Entre os obxectivos xerais e a estrutura básica do modelo territorial recóllese entre os seus obxectivos prioritarios:

"Estruturar o litoral como un ámbito de excelencia territorial, que integre zonas naturais, centros urbanos e núcleos tradicionais, reorientando os procesos de urbanización difusa cara a un sistema caracterizado pola súa calidade e pola diversidade de posibilidades de vida e traballo" (apartado 1.2. s)

2º.- Para o logro dos seus obxectivos as DOT estruturan o modelo territorial en varios elementos: sistemas de asentamentos (grandes cidades, sistema urbano intermedio, etc.), plans territoriais integrados (nos que se concretará a delimitación do seu ámbito respectivo e se definirá o modelo territorial específico do espazo en cuestión), redes de infraestruturas (de transportes, de telecomunicacións, etc.) e, ademais:

"Os espazos litorais, os recursos e patrimonio naturais, a paisaxe, o patrimonio cultural e a calidade ambiental son sinais de identidade que singularizan o territorio de Galicia aportando elementos de dinamización e desenvolvemento social" (apartado 1.3.4).

3º.- Ao establecer as determinacións sobre o "desenvolvemento e ordenación dos asentamentos, das áreas empresariais e das actividades produtivas" e máis en particular, as relativas ao "desenvolvemento de actividades produtivas no medio rural" con relación á "pesca e acuicultura" considérase excluínte a seguinte determinación:

"Os instrumentos de ordenación territorial e o planeamento urbanístico, na formulación das súas propostas de ordenación, terán presente o valor do litoral e das augas interiores como soporte da pesca, o marisqueo e a acuicultura" (apartado 3.3.21).

4º.- Con relación ás "infraestruturas e os vectores ambientais do modelo territorial" recóllese diversas determinacións excluíntes e orientativas relativas ás "infraestruturas portuarias" (cfr. apartado 4.4) e sobre "infraestruturas de xeración e abastecemento enerxético" (cfr. apartado

planificación en vigor ou en trámite, ademais do esquecemento de consideracións ambientais relevantes.

4.7). E neste último suposto establecer concretas determinacións orientativas sobre a "posible implantación de instalacións de produción de enerxía mariña" que pode afectar directamente á ordenación do litoral ou ás actividades mariñas (cfr. apartado 4.7.6).

5º.- Sobre as determinacións relativas ao "ciclo integral da auga" (cfr. apartado 4.8) importantes indicacións excluíntes e orientativas intimamente relacionadas coa xestión integral do litoral e a súa necesaria coordinación coa planificación hidrolóxica.

6º.- As máis relevantes determinacións sobre o litoral atópanse no apartado 6º do que só recolleemos aquí as excluíntes⁷⁰:

6.1. A Xunta de Galicia elaborará un *plan de ordenación do litoral que terá natureza de Plan territorial integrado*. Este Plan terá por obxecto o diagnóstico integrado do sistema litoral, no que se inclúen todos os terreos e elementos nos que se produce algunha relación natural, cultural, funcional, urbanística ou visual coa costa. Ademais, concretará as medidas de protección necesarias e establecerá as condicións para o desenvolvemento urbanístico e a implantación de instalacións destinadas a usos produtivos, turísticos e recreativos.

6.2. As actuacións en solo rústico de protección de costas, incluída a adecuación de espazos para uso e gozo público, procurarán o mantemento da máxima naturalidade e, no seu caso, a restauración da calidade ambiental e a protección do patrimonio cultural costeiro.

7º.- Nas determinacións sobre o "patrimonio natural" (cfr. apartado 7º) só destacamos aquí a específica referencia ao litoral ao referirse ás "redes de áreas de interpretación da natureza e de itinerarios de interese ambiental e paisaxístico", establecendo como determinación orientativa

"A rede de Áreas de interpretación da natureza estará integrada polos ámbitos compatibles con usos de ocio considerando as restantes propostas do modelo territorial relativas á *recualificación do litoral*, o aumento do atractivo urbano das principais cidades e o aproveitamento das oportunidades singulares dos espazos rurais, sempre nos termos que estableza a normativa específica de cada caso" (apartado 7.3.2).

8º.- Finalmente, en canto ao apartado sobre a "aplicación, desenvolvemento-

⁷⁰ Para as determinacións orientativas cfr. os apartados 6.3 a 6.13 das DOT, que tratan sobre temas tan diversos como o fomento das relacións de colaboración e coordinación interadministrativa, dos núcleos de identidade do litoral, dos seus instrumentos de ordenación territorial e urbanística, da renovación das fachadas litorais, das praias, dos aparcamentos, dos itinerarios costeiros, etc.

to e revisión" sinálase que as DOT serán completadas e desenvolvidas por medio doutros instrumentos como é o caso dos "plans territoriais integrados" entre os que se cita o "Plan de ordenación do litoral" (cfr. apartado 10.1.4).

As DOT constitúen en definitiva a clave de bóveda do sistema de ordenación territorial de Galicia sobre a que han de edificarse o resto das pezas do edificio ou modelo territorial de Galicia.

4.4. A APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL DO GALICIA POLO DECRETO 20/2011

A piques de rematar o 2010, o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas dictaba a Orde de 30 de decembro de 2010 pola que se aproba provisionalmente o Plan de ordenación do litoral de Galicia (POLGA) e adóptanse medidas cautelares. Culminaba así un longo proceso histórico para a elaboración deste importante instrumento de ordenación territorial —que viñeramos demandando nas últimas edicións dos nosos comentarios— e que foi rematado en datas recentes coa súa elevación ao Consello da Xunta de Galicia para a súa aprobación definitiva mediante o Decreto 20/2011, de 10 de febreiro de 2011⁷¹, unha vez que acababa de recibir o informe favorable do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, a través da Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar, tanto no que se refire ás DOT coma ao POLGA.

Como xa sabemos, a orixe da elaboración deste Plan atópase na Disposición Transitoria 8ª da *Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural* na que se instaba á Xunta (daquela gobernada polo PP) a remitir ao Parlamento de Galicia no prazo de dous anos desde a súa entrada en vigor "o Plan sectorial de ordenación do litoral onde se recollerán as condicións específicas deste ámbito territorial". O seguinte fito é a *Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia* —norma que foi promovida polo Goberno bipartito (PSOE-BNG)—, determinando que o citado Plan tería (conforme ao previsto na Lei 10/1995 de ordenación do territorio de Galicia) a natureza de "un plan territorial integrado" coa finalidade de "establecer os criterios, os principios e as normas xerais para a ordenación urbanística da zona litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sostibilidade, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras" (cfr. art. 2, 1); ademais esta-

⁷¹ DO de Galicia nº 37 de 23 de febreiro de 2011.

blecíase nesta lei que as súas determinacións "serán directamente aplicables e prevalecerán de forma inmediata sobre as do planeamento urbanístico, que deberá ser obxecto de adaptación" (cfr. art. 2, 2).

Poucos días antes das eleccións autonómicas do 1 de marzo de 2009 (en que o PP gañou por maioría absoluta as eleccións que lle permiten gobernar desde entón en solitario) poñíase en marcha o proceso avaliación ambiental estratéxica do Documento de inicio do POLGA (o 2 de febreiro de 2009) ao que seguiría o seu Informe de sostibilidade ambiental e o posterior sometemento á información de diversas institucións públicas. Ata que, finalmente, por Orde do 23 de xuño de 2010 do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas aprobouse inicialmente o Plan de ordenación de Galicia, incluíndo o seu Informe de sostibilidade ambiental, e acordou sometelos a información pública; unha vez transcorrido o prazo preceptivo e analizados os informes e alegacións presentados durante o mesmo, concluír coa aprobación definitiva do POLGA que estamos comentando.

Baixo a dirección do director xeral de Sostibilidade e Paisaxe (pertencente á citada Consellería de Medio Ambiente) na elaboración do Plan de ordenación do litoral contouse co equipo técnico que redactou o Plan de ordenación do litoral de Cantabria de 2004.

O contido esencial do "Plan de ordenación do litoral de Galicia" —que foi dado a coñecer á opinión pública a comezos do ano 2010— componse dun numeroso conxunto de documentos e complementos gráficos (desde aquela atópanse integramente dispoñibles na páxina web: <http://www.xunta.es/litoral/>). Só de forma moi superficial podemos describir aquí os seus elementos integrantes:

- 1º.- No seu Título I recóllese a "metodoloxía de elaboración do Plan" coa exposición do "marco xurídico" (marco legal vixente, obxectivos e contido, e o seu procedemento de elaboración e tramitación), os "criterios metodolóxicos para a súa formulación" (baseados en criterios de sustentabilidade e mediante a formulación dos principios orientadores do Plan), e o proceso de participación social e institucional (segundo o método DELPHI) seguido para a súa elaboración (gobernanza).
- 2º.- No Título II analízase un dos elementos estruturais máis importantes do Plan que é a paisaxe ou, mellor dito, as paisaxes das sete comarcas costeiras en que se divide o litoral galego (desde a Mariña lucense, as Rías Altas, o Golfo Ártabro, ao Arco Bergantiño, a Costa da Morte, as Rías Baixas ata a Costa Sur). O documento acompáñase dunha completa categorización e caracterización dos tipos de paisaxes que se identifica-

ron no litoral de Galicia. Por tal motivo, dise que o POLGA constitúe un "catálogo de paisaxe"⁷².

- 3º.- No Título III recóllese os aspectos máis importantes da estrutura territorial e socioeconómica de Galicia (a "síntese territorial"), a través da análise sintética das súas características territoriais (capítulo 1º), a súa dinámica socioeconómica (capítulo 2º), a súa dinámica turística costeira (capítulo 3º) e o estudo da infraestrutura enerxética (capítulo 4º).
- 4º.- O Título IV dedícase ao "modelo de xestión" que ten unha particular relevancia xa que identifica as "áreas do Plan": de "protección" —ambiental (intermareal, costeira, bosques e ecolóxica) e "de corredor"—, de "mellora ambiental e paisaxística" e de "ordenación litoral", que malia non clasificar nin cualificar o solo van delimitar os seus desenvolvementos urbanísticos. Tamén se identifican aquí unha serie de "espazos de interese" (xeomorfolóxico, de taxon, paisaxístico, con protección recoñecida e núcleos de identidade do litoral) que requiren unha particular protección, así como a determinación de "ámbitos de recualificación" que deberán ser revisados e adaptados ao POLGA. Tamén se definen unha serie de "estratexias" (posta en valor de elementos identitarios do litoral, corredores ecolóxicos e culturais, sendas patrimoniais, etc.) e a chamada "senda dos faros" como unha específica modalidade de posta en valor do litoral.
- 5º.- O Título V comprende o réxime xurídico do Plan estruturado nun Título preliminar e sete Títulos cun total de 102 artigos, cinco disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias e varios anexos.
- 6º.- O Título VI contén o "Programa de Actuación" do Plan concretado en seis modalidades de actuación para mellorar a cooperación e coordinación coas diferentes administracións, para a protección dos valores naturais e patrimoniais existentes, para suplir os déficits en materia de infraestruturas, para fomentar o coñecemento e regulación do uso público do litoral, así como o coñecemento a través da investigación e

⁷² A Lei 7/2008 de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, regula estes "Catálogos da paisaxe" no seu art. 9º, no que, por certo, é unha da dúas veces en que esta lei se refire ao litoral. O citado art. 9, 1 establece que os Catálogos da paisaxe son:

"1. Son os documentos de referencia que fundamentándose nas distintas áreas xeográficas, morfolóxicas, urbanas e *litorais* existentes no territorio galego deberán delimitar, con base nos diferentes estudos e traballos existentes na materia, as grandes áreas paisaxísticas de Galicia, polo que identificarán os diversos tipos de paisaxes existentes en cada unha delas e as súas características diferenciais".

A outras referencia ao litoral é máis indirecta e realízase con respecto aos "estudos de impacto e integración paisaxística" (cfr. art. 11, 4 in fine).

divulgación técnica e científica, e, finalmente, para a promoción e investigación da paisaxe litoral.

7º.- O Título VII recolle unha serie de anexos coa identificación de diversos elementos (espazos de interese paisaxístico, núcleos de identidade litoral, praias, marco xurídico, etc.).

8º.- O Título VIII contén o "Informe de Sostibilidade Ambiental".

9º.- Finalmente incorpórase unha exhaustiva documentación gráfica e os informes e alegacións recibidos no trámite das consultas públicas.

Para a elaboración do POLGA realizouse un importante labor de cartografía que permite identificar de forma gráfica a caracterización da franxa de 500 metros (desde o límite interior da ribeira do mar) de 2555 km da costa de Galicia. A análise realizada concretouse nun ámbito de xestión de 215 360 hectáreas —correspondentes a 82 municipios vinculados coa dinámica costeira nos que vive case a metade da poboación da Comunidade Autónoma— das que o 46 % constitúen espazos de protección directa.

O modelo territorial do POLGA estrutúrase en tres áreas diferenciadas: as "áreas continuas" (protección ambiental —intermareal e costeira—, mellora ambiental e paisaxística e ordenación litoral), as "áreas descontinuas" (corredores ecolóxicos e espazos de interese natural) e os "sistemas xerais territoriais". Sobre cada unha das devanditas áreas a regulamentación do plan establece os principios xerais que deben orientar a regulación de cada un dos elementos territoriais que as compoñen e os usos —permitidos, incompatibles ou compatibles— que pode —ou non— realizarse no ámbito do Plan, así como os posibles desenvolvementos urbanísticos. Esta normativa e as súas correspondentes determinacións deben incorporarse aos plans xerais de ordenación municipal.

Unha das directrices máis importantes do POLGA foi o compromiso cunha política activa da paisaxe conforme á Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia. No seu ámbito de xestión identificáronse 428 unidades de paisaxes litorais e 214 unidades de paisaxes prelitorais.

Na elaboración do Plan realizouse un grande esforzo informativo a través da páxina web antes citada, así como pola apertura dun perfil do Plan na rede social *Facebook* que permitiu a máxima participación cidadá. Doutra parte, a partir de abril de 2010 creouse unha Comisión Parlamentaria no Parlamento de Galicia co obxectivo de abrir o debate sobre o POLGA aos grupos políticos e aos axentes sociais; reuniuse en 11 ocasións e nelas interviñeron 18 diferentes expertos e representantes do mundo académico, profesional, etc.

5. REFLEXIÓN FINAL

Con carácter xeral o POLGA parécenos un bo instrumento de ordenación do litoral de Galicia, un bo punto de partida nas bases que han orientar cara ao futuro as costas galegas que aínda conservan gran número de espazos de especial valor ambiental e paisaxístico. Pero o éxito deste Plan dependerá, por unha banda, da súa implantación real na Administración local e os seus plans de ordenación urbanística e, por outra, do seu respecto por parte dos poderes públicos e da cidadanía. Como xa vimos con anterioridade, o control e a disciplina urbanística son fundamentais para manter intactas as áreas —continuas e descontinuas— que son obxecto dunha protección directa polo POLGA. Para rematar, queremos salientar que, aínda que na elaboración do Plan se seguiron moitas das pautas e directrices da chamada “xestión integral do litoral”, aínda estamos lonxe de lograr este obxectivo no que deben colaborar estreita e coordinadamente as diferentes administracións territoriais e os sectores sociais e económicos vinculados co litoral. É un pequeno pero importante paso nesa dirección.

6. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AGUIRRE i FONT, J. M. (2007): *L'ordenació del litoral catalá: els plans directors urbanístics del sistema costaner*. Barcelona: Atelier.
- BARRAGÁN MUÑOZ, J. M. (1993): *Ordenación, planificación y gestión del espacio litoral*. Barcelona: Oikos-tau.
- BARRAGÁN MUÑOZ, J. M. (2003): *Medio ambiente y desarrollo en áreas litorales: introducción a la planificación y gestión integradas*. Cádiz: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Cádiz.
- BARRAGÁN MUÑOZ, J. M. (2004): *Las áreas litorales de España. Del análisis geográfico a la gestión integrada*. Barcelona: Ariel.
- BARRAGÁN MUÑOZ, J. M. (2005): *Política y gestión de áreas litorales en España, La gestión de áreas litorales en España y Latinoamérica*. Cádiz: Universidad de Cádiz.
- CARBALLEIRA RIVERA, T. (Coordinadora) (2001): *Ordenación del litoral*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- CARLON RUIZ, M. (2009): La ordenación del litoral y su entrecruzamiento con la legislación de costas: una visión panorámica (Parte primera). *Revista Aranzadi de Urbanismo y Edificación*, 20, 53-72.
- CARLON RUIZ, M. (2010): La ordenación del litoral y su entrecruzamiento con la legislación de costas: una visión panorámica (Parte segunda). *Revista Aranzadi de Urbanis-*

mo y Edificación, 22, 15-49.

³² Nin tan sequera o Concello pode desistir do planeamento logo da aprobación provisoria e a súa remisión á Administración competente para á súa aprobación definitiva, así o apreciou a STS, Sec. 5ª, 15.12.2009, no Recurso de Casación número 4606/2005, porque “el Ayuntamiento carece (...) de competencia al no encontrarnos en un procedimiento en el que quien formula el desistimiento es titular de un interés particular, ya que, por el contrario, lo que el Ayuntamiento gestiona en el ejercicio de la potestad de planeamiento son intereses públicos cuya disponibilidad se encuentra restringida. El Ayuntamiento no es, pues, procedimentalmente libre desde el momento de la aprobación provisional del expediente y de su coetánea remisión a la Administración Foral, careciendo, por ello ---desde tal momento--- de la potestad de desistir en relación con la tramitación concluida. Esto es, carece de la potestad de renunciar a sus supuestos derechos que, en realidad, son intereses públicos, y, mucho menos, carece de la potestad de hacerlo sin la previa notificación de tal posibilidad a los terceros interesados que, por su parte, como dispone el artículo 91.2 de la LRJPA, se encuentran habilitados para solicitar la continuación del procedimiento iniciado, en el término de diez días a contar desde la notificación de la posible adopción del acuerdo de desistimiento. Posibilidades habrá, si se considera oportuno, para el ejercicio de la acción de lesividad” (F) 5ª).

su objeto cuando circunstancias posteriores les privaban de eficacia hasta el punto de determinar la desaparición real de la controversia (así en sentencias de 31-5-1986 (RJ 1986, 2783), 25-5-1990 [RJ 1990, 4564], 5-6-1995 [RJ 1995, 4867] y 8-5-1997 [RJ 1997, 3921]).”

Este suposto si que se aplica con certa frecuencia na práctica, e así pode terminarse o procedemento cando o plan que está sendo obxecto do recurso é substituído por un novo plan xeral, tal é o caso da STSXG 479/2010, de 29.4.2010, ditada no procedemento ordinario 4816/1993:

“sobre la pérdida sobrevenida de objeto del recurso afirma la constante jurisprudencia que cuando se impugna una disposición de carácter general, su derogación supone la desaparición sobrevenida del objeto del recurso y, en consecuencia, a terminación del proceso contencioso-administrativo, y no porque en su momento no estuviese vigente y fundado, sino porque la derogación sobrevenida de la norma priva a la controversia de cualquier interés o utilidad real (...). En el mismo sentido, el artículo 72.2 de la vigente LRJCA (no la anterior, que nada disponía) corrobora la no necesidad de que exista un pronunciamiento judicial que elimine del ordenamiento la disposición normativa, con eficacia general “ex nunc”, pues, a tenor de aquel precepto, “las sentencias firmes que anulen una disposición general tendrán efectos generales desde el día en que sea publicado su fallo y preceptos anulados en el mismo periódico oficial en que lo hubiera sido la disposición anulada”. / Y este es el caso, por lo que debe acogerse el motivo de inadmisibilidad planteado de oficio, al perder este recurso su objeto (artículo 69.c) de la LJCA), lo que impide que se deba entrar en el análisis de fondo.”

Outro exemplo ofrécenolo a STS de 5.3.2010 que declara a desaparición do obxecto do recurso, pois neste impugnábase a revisión dun plan xeral que foi totalmente anulado en sentenza firme anterior e explica que:

“Así las cosas, sólo cabe concluir que este recurso de casación carece de objeto, pues es doctrina jurisprudencial reiterada de esta Sala (expresada en sentencia de 25 de noviembre de 2008 -casación 7405/2004-, 21 de julio de 2003 -casación 11865/1998 - y las que en ellas se citan) la que afirma que la anulación total de una disposición de carácter general por sentencia firme hace desaparecer el objeto de los procesos ulteriores promovidos contra la misma disposición, porque priva a la controversia de cualquier interés o utilidad real. Por añadidura, esta tesis excluye la posibilidad de sentencias contradictorias, con respeto a los principios de seguridad jurídi-

ca e igualdade consagrados, respectivamente, en los artículos 9.3 y 14 de la Constitución, evitando la contradicción con el fallo de una sentencia firme anterior dictada sobre el mismo objeto y con la misma causa de pedir."

3.13. Recurso de casación

A técnica casacional e a súa complexidade excede da perspectiva que se adopta neste estudo que pretende aproximar o contencioso á vía administrativa a fin de que xa nesta vía se pense no enfoque da posterior defensa do actuado, sobre todo nos supostos como os de planeamento, en que se coñece que vai ser sempre obxecto de posteriores recursos. De aí que, apuntada esta complexidade, só se sinala que, de conformidade co disposto nos arts. 86.3 e 86.4 da LXCA, contra as sentenzas que declaren a nulidade ou a conformidade a dereito das disposicións xerais e, por tanto dos plans urbanísticos, sempre caberá recurso de casación, pero nunca se se fundamenta no Dereito autonómico. Tense que invocar Dereito estatal ou comunitario europeo relevante e determinante do fallo, sempre e cando fose oportunamente invocado no proceso. Isto haberá que o ter en conta nos diferentes escritos de defensa, pero tamén será útil e conveniente que no procedemento tramitado en vía administrativa se coñeza a relevancia de empregar unhas e outras fontes do Dereito no momento de fundamentar as resolucións de aprobación do planeamento e nos informes ás alegacións presentadas.

4. A SENTENZA ANULATORIA DO PLAN

4.1. O FALLO

Resultarán aplicables todas as previsións relativas ás sentenzas dos recursos contra disposicións xerais, de maneira que tal e como dispón o art. 70 LXCA, a sentenza será desestimatoria cando se axuste a Dereito a disposición impugnada; e será estimatoria cando a disposición incorra en calquera infracción do ordenamento xurídico, mesmo a desviación de poder.

A este respecto hai que ter presente que tal e como sinalan as SSTS de 18.5.2009 e 28.10.2009, entre outras, toda infracción incluída a formal ou procedimental dun plan urbanístico, comporta a súa nulidade radical con arranxo ao art. 62.2 LPAC, a diferenza dos actos administrativos que poden incurrir en vicios de nulidade ou anulabilidade e que, por tanto, non son susceptibles de validación (STS 8.4.2010).

En segundo lugar, que se entende por desviación de poder o exercicio de

potestades administrativas para fins distintos dos fixados polo ordenamento xurídico, e, especificamente, que a xurisprudencia entende comprendido dentro deste suposto o suposto de nulidade previsto no art. 103.4 LXCA e, máis concretamente, aqueles casos en que se modifique o planeamento co fin de eludir o cumprimento dos fallos xudiciais, así se apreciará se co exclusivo fin de eludir unha sentenza de derruba se modifica o planeamento (STS 25.5.2009):

"Es por otra parte reiterada la jurisprudencia que considera incursas en desviación de poder (artículo 70.2 LRJCA) las modificaciones puntuales del planeamiento efectuadas con el propósito principal de legalizar o regularizar edificaciones ilícitamente construidas (Sentencias de 18 de febrero de 2004 -casación 2565/2001-, 10 de julio de 2007 -casación 8758/2003- y 7 de octubre de 2008 -casación 5877/2004-)."

De conformidade co disposto no art. 71 LXCA se a sentenza é estimatoria, anulará total ou parcialmente a disposición xeral, neste caso o planeamento ou ordenación do planeamento que fose obxecto do recurso, pero cunha limitación clara: en ningún caso poderá determinar a forma da redacción das súas determinacións agás nos supostos regrados derivados da lexislación urbanística (por exemplo, no suposto da clasificación do solo urbano).

Así o vén de declarar a STS do 29.4.2011:

"Es evidente que, conforme al resultado del proceso, la atribución de nuevos parámetros no era -aunque se hubiese pedido en la demanda y se hayan planteado incluso ofertas de modificación de los parámetros por la propia Administración- la única opción posible de donde resulta el vicio que se invoca en el motivo de casación (...)

La Sala *a quo* no se ha limitado a controlar la legalidad de la actuación urbanística y su sometimiento a las normas que la justifican (artículos 106.1 CE y 8LOPJ) sino que ha sustituido en su sentencia la voluntad de la Administración urbanaística, determinando en forma imperativa la forma en que tiene que quedar redactada la Unidad de actuación litigiosa, cuando ésta admite otras soluciones posibles en sustitución de la prevista en el Plan. El Tribunal *a quo* ha suprimido así la discrecionalidad que debía restar a la Administración, tras respetar el resultado del proceso, para adoptar otras soluciones diferentes. Se ha vulnerado el artículo 71.2 LRJCA determinando el contenido del acto anulado, incurriendo en un abuso de jurisdicción."

4.2. EFECTOS DA SENTENZA ANULATORIA

Tal e como establece o art. 72.2 da LXCA, a anulación dunha disposición xeral terá efectos xerais desde o día en que sexa publicado o seu fallo e preceptos anulados no mesmo xornal oficial en que fose publicada a disposición anulada, neste caso o plan anulado. Aínda que no caso das Administracións implicadas e parte no procedemento, é obvio que estes efectos as obrigan desque son coñecedoras da sentenza anulatoria (STS 26.6.2009).

Agora ben, o artigo 73 da LXCA limita os efectos da sentenza anulatoria no tempo, ao dispoñer que a anulación das disposicións xerais –e os instrumentos de planeamento gozan desta natureza–, permite a subsistencia dos actos firmes ditados na súa aplicación. A STS de 26.6.2007 considerou que deste modo estase “equiparando la anulación a la derogación, en que los efectos son ex nunc y no ex tunc, si bien sólo respecto de los actos firmes, permaneciendo en cuanto a los no firmes la posibilidad de impugnarlos en función del ordenamiento jurídico aplicable una vez declarada nula la disposición general”.

Ora ben, nestes supostos pode exercitarse a acción de nulidade contra os actos ditados en execución dunha disposición xeral nula, dando lugar á súa revisión de oficio (STS de 3.2.2005 e STS de 24.10.2000), ou máis concretamente contra as licenzas cando se anule o planeamento no que estaba abeirada.

As importantes indemnizacións ás que podería dar lugar o xurdimento de construcións logo da concesión de licenzas que se sabe van quedar desprovisitas de abeiro legal por ser inminente a derogación dun plan, poden aconsellar a adopción dunha medida cautelar de suspensión no ámbito de planeamento de que se trate, con fundamento no art. 77 da LOUG, co fin de estudar a elaboración do planeamento que substituirá o anulado.

4.3. ALCANCE DA DECLARACIÓN DE NULIDADE DO PLAN

Logo da declaración de nulidade dun plan, as regras que se han aplicar sobre a situación creada pola sentenza anulatoria é confusa. Os plans son normas substitutorias e non derogatorias: se a anulación é parcial, o solo da ordenación anulada quedaría baleiro, sen ordenación. Se a anulación é total, non só se anula o texto substitutorio senón que desaparece do mundo xurídico e se produce o efecto inevitable de deixar sen efecto a eficacia substitutoria do plan anulado respecto do anterior. E, por conseguinte, produciríase a reviviscencia do plan inmediatamente anterior ao anulado.

En ocasións, na maioría delas, o plan que revive será completamente obsoleto non só respecto da realidade do territorio do termo municipal, senón tamén respecto das normas urbanísticas e sectoriais vixentes, o que orixina

unha grave situación de confusión, inseguridade xurídicas e complexidade aplicativa³³.

4.4. INCIDENCIA DA SENTENZA ANULATORIA DO PLAN SOBRE OS SEUS DESENVOLVEMENTOS NORMATIVOS E ACTOS DITADOS NA SÚA EXECUCIÓN

Se a sentenza anula un plan xeral pon en xaque o planeamento secundario, os instrumentos de xestión e as licenzas outorgadas (se se trata dun plan parcial, os instrumentos de xestión e licenzas outorgadas).

- a) Canto ao planeamento, a sentenza anulatoria provocará que tanto nos restantes recursos contenciosos que pendan contra ese mesmo plan anulado coma nos plans secundarios de desenvolvemento do plan anulado, se declare a terminación do procedemento por perda sobrevida do obxecto do recurso. No caso destes últimos, ao quedaren sen soporte xurídico, supón a súa anulación; agora ben, a STS 15.10.2010 esixe que o órgano xulgador ten que sometelo ás partes como unha cuestión nova. Os plans de desenvolvemento que non fosen recorridos quedarían incurso nunha causa de nulidade de pleno dereito (art. 62.2 LPAC), de maneira que serían de aplicación varias das vías de impugnación: recurso indirecto, revisión de oficio, inaplicación.
- b) Cando se anula un planeamento xeral ou un planeamento secundario, en calquera destes dous casos, os instrumentos de xestión, execución e licenzas que fosen firmes mantéñense³⁴.

Isto explícanos as SSTS de 4.1.2008 e de 12.2.2008 en que é máis importante expulsar o plan anulado do ordenamento xurídico que os efectos que producise no pasado. É por razóns de seguridade xurídica que se atempera o

³³ Non é estraño que neste contexto se opte por solucións como a adoptada pola Consejería de Fomento de Castilla y León, na súa Orde de 14.10.2009 en que ante a reviviscencia do Plan General de Zamora de 1986 a consecuencia da anulación do Plan de 2001 por STS de 11.5.2009 e 29.6.2009, e a petición da propia Corporación local, suspende a vixencia deste instrumento de planeamento de 1986, con motivo na defensa de intereses de natureza supralocal (medioambientais e de patrimonio cultural) outorgando un prazo de sete meses para que o Concello afectado remita a revisión do plan provisoriamente aprobada.

Debe terse en conta que o art. 179 do Decreto 22/2004, de 29 de xaneiro, polo que se aprobou o Regulamento de Urbanismo de Castilla y León, en desenvolvemento do art. 56.2 da Lei 5/1999, de 8 de abril, de Urbanismo de Castilla y León, faculta o Consejero de Fomento para suspender a vixencia dos instrumentos de planeamento urbanístico, para garantir a súa adecuación aos instrumentos de ordenación del territorio ou para defender outros intereses de ámbito supramunicipal.

³⁴ GONZÁLEZ SANFIER (“Invalidez sobrevenida de los actos de aplicación del planeamiento urbanístico nulo” en SANTANA RODRÍGUEZ, J.J.: *Estudios sobre planeamiento territorial y urbanístico*. Ed. Tirant lo blanch, Valencia 2011, PP. 285-307) sinala que non obstante a regra da subsistencia dos actos firmes dictados ao abeiro dun plan anulado non significa que en determinadas circunstancias non sexa posible a revisión de oficio.

principio de eficacia xeral ou *erga omnes* das sentenzas anulatorias das disposicións xerais respecto dos actos administrativos que adquirisen firmeza con anterioridade a que a sentenza anulatoria do planeamento. E, xa que logo, a anulación dos instrumentos de planeamento deixa a salvo as licenzas firmes. O mesmo sinala a STS de 17.6.2009 verbo dos instrumentos e xestión e execución aprobados en aplicación do plan anulado.

4.5. A EXECUCIÓN DAS SENTENZAS ANULATORIAS DO PLANEAMENTO

Da execución de sentenzas ocúpense os arts. 103 a 113 da LXCA.

A respecto de se é cómpre executar estas sentenzas aprobando un novo plan ou ordenación substitutoria, sinala a STS de 30.4.2009:

"el ámbito jurisdiccional concluye, con una declaración anulatoria, consecuencia de un control de legalidad materializado en contrastar el planeamiento o actuación urbanística discutidos con la legalidad vigente. Pero, obvio y conocido es que dicho el contenido de la actuación jurisdiccional, concretado en la anulatoria, ni la misma impone la sustitución del planeamiento anulado por otro, ni, mucho menos, puede ser determinante, en su caso, del sentido del mismo, ya que, el control de legalidad de referencia queda circunscrito exclusivamente al ámbito anulatorio expresado".

Polo que atinxe á execución forzosa debe terse en conta, con carácter xeral, que en materia de urbanismo, malia á dición literal do art. 104 LXCA, o Tribunal Supremo vén considerando que a acción pública tamén se estende á fase de execución. Así, na STS de 23.4.2010 estúdase a posibilidade de que aqueles que non fosen parte no recurso poidan presentarse na fase de execución para exercitaren as accións previstas para o cumprimento das sentenzas.

Isto hai que o pór en relación co disposto no art. 103.4 LXCA, por exemplo, nos supostos de incorporación dun planeamento anulado. Como xa se expresou antes, debe recordarse que os plans, en canto disposicións xerais, só poden ser nulos de pleno dereito e, secasí, non cabe validación ningunha. Esta ampla lexitimación en fase de execución tamén é unha medida para evitar determinadas transaccións ou acordos que se puidesen dar para evitar a execución das sentenzas. Debe terse en conta ademais a lexitimación recoñecida ao Ministerio Fiscal.

4.6. IMPOSIBILIDADE LEGAL DE EXECUTAR A SENTENZA ANULATORIA DUN PLAN

O art. 105.2 da LXCA regula os incidentes dos que pode resultar a imposibilidade de executar a sentenza, no eido do planeamento, pode producirse a

imposibilidade legal de executar as sentenzas anulatorias do plan³⁵.

Así, podería concorrer esta causa cando se producise unha validación lexislativa posterior. O funcionamento desta causa de imposibilidade legal sobrevida cando se produce unha posterior reforma lexislativa, foi amplamente estudada no caso do encoro de Itoiz. É imaxinable que se produza esta causa, por exemplo, no caso de que o plan incumpra un estándar legal que logo se modifica por unha Lei posterior, de maneira que o plan anulado se axustase á nova norma.

Tamén pode acontecer que ante a anulación dun Plan secundario se produza unha revisión do planeamento xeral que faga súas as previsións do plan anulado. Este é o caso analizado na STS de 1.2.2008.

En relación con terceiros adquirentes de boa fe que non foron parte no proceso, a xurisprudencia nin aprecia a concorrencia dun suposto de nulidade de actuacións nin de imposibilidade executoria. Resulta de interese ao respecto, a SAP de Cantabria de 22/3/2007 que condena por delito de estafa os vendedores dun terreo afectado por sentenza que obrigaba a derruba e que ocultaron tal situación aos adquirentes.

No que atinxe á tramitación do incidente de inexecución, reviste especial interese a cuestión probatoria. CHAVES GARCÍA³⁶ sinala que nos supostos previstos no art. 105.2 corresponderá a acreditación da imposibilidade de execución á Administración e tamén o momento en que se produce, pois o art. 104 limita o prazo da súa invocación a dous meses desde que se produce a causa. "En cambio, si se acreditase la imposibilidad legal de la ejecución, por utilización del *ius variandi* (...) tendrá el perjudicado la carga de probar que la modificación de la norma urbanística tenía como finalidad eludir el cumplimiento de la sentencia firme".

5. MEDIDAS CAUTELARES (ARTS. 129 A 136)

5.1. SOLICITUDE

A solicitude das medidas cautelares pode producirse no escrito de interposición ou na demanda.

³⁵ Sobre a crise da execución das sentenzas urbanísticas e a inexecución e demais supostos, FERNÁNDEZ VALVERDE, R.: "La ejecución de sentencias en el ámbito urbanístico (Parte segunda)" *.Revista Aranzadi de Urbanismo y Edificación*, núm. 21, 2010/1, pp.15-47. A parte primeira no número anterior 20, 2009/2.

³⁶ CHAVES GARCÍA, J.R.: *La prueba contencioso-administrativa: análisis dogmático y jurisprudencial*. Ed. Universitas, s.a.. Madrid 2007.

5.2. SUSPENSIÓN

A regra xeral é a preeminencia do interese público urbanístico e a denegación da medida cautelar de suspensión. Alén disto, hai moitos supostos en que os prexuízos se derivarían de desenvolvementos ou operacións de xestión do plan recorrido. Agora ben, como sinala, COMINGES³⁷:

"No obstante, la experiencia demuestra la conveniencia de adoptar dicha medida cautelar cuando se constate al inicio del proceso la "aparición de buen derecho" (fumus boni iuris) de la pretensión del recurrente. De lo contrario la sentencia firme que en definitiva se dicte (tras un litigio muy dilatado en el tiempo) resultará en la práctica inejecutable. Por este motivo, la más reciente jurisprudencia del Tribunal Supremo se está mostrando proclive a admitir esa suspensión cautelar, pudiendo citarse como ejemplo sus Sentencias de 17 de julio de 2008 (casación 1510/2006), 28 de mayo de 2004 (casación 3449/2002), 9 de febrero de 2006 (casación 7724/2003) y 18 de julio de 2002 (casación 7593/2000), referida esta última a un instrumento de planeamiento del concello de Vilagarcía de Arousa.

"(...) Cuando el artículo 130-1 de la L.J. permite acordar la medida cautelar (aquí, suspensión) en los casos en que "la ejecución del acto (...) pudiera hacer perder su finalidad legítima al recurso", no se está refiriendo sólo a los casos en que la ejecución impida la finalidad del recurso de forma definitiva y fatal, sino también a aquellos en que la ejecución del acto puede obstaculizar gravemente y hasta extremos dificultosísimos la efectividad de la posterior sentencia estimatoria."

Nesta nova liña xurisprudencial insírense as SSTS do 21.10.2009, 29.1.2010, 1.2.2010 e 8.10.2010, que acordaron a suspensión cautelar do planeamento urbanístico ante a prevalencia do interese ambiental³⁸.

Así o explica a STS 8.10.2010: tratábase dun plan sobre o cal emitira informe negativo o organismo de cunca, ante a insuficiencia de recursos hídricos:

«Tampoco puede prosperar la alegación relativa a la preeminencia del interés público derivado de la aprobación del planeamiento frente al interés, también público, referido a la necesidad de asegurar el adecuado y racional aprovechamiento de los recursos hidráulicos. (...) Ante todo, ya

³⁷ COMINGES CÁCERES, F.: "Los Planes urbanísticos generales en la jurisprudencia del Tribunal Superior de Justicia de Galicia". *Revista Xurídica Galega*, nº 56, 2007, p. 13-41.

³⁸ Ao respecto pode consultarse o Comentario de xurisprudencia de RUIZ LÓPEZ, M.A.: "La suspensión cautelar del planeamiento urbanístico ante la prevalencia del interés medioambiental", *Revista Aranzadi de Urbanismo y Edificación*, núm. 21, 2010-1, pp.233-241.

hemos visto que ese alegato sobre la pretendida preeminencia del interés público urbanístico queda en buena medida desvirtuado por la alegación de la propia recurrente relativa a que no es necesario suspender el acuerdo de aprobación del instrumento de planeamiento porque éste carece de efectividad. (...) Tampoco se puede olvidar que, como afirmamos en la sentencia de esta Sala del Tribunal Supremo de 29 de diciembre de 2008 (RC 2161/2007): " No cabe duda que existe una línea jurisprudencial reticente a la suspensión de los instrumentos de ordenación general, que requieren, a su vez, (...) para su efectiva y última ejecución, actos concretos de aprobación de proyectos o la concesión de licencias de obras, pero también existe una corriente jurisprudencial paralela que, en evitación de múltiples recursos o impugnaciones en vía administrativa y sede jurisdiccional, viene accediendo a suspender la ejecutividad de los instrumentos de planeamiento cuando hay riesgo, como en este caso, de que, de no suspenderse la aplicación o ejecución del ordenamiento urbanístico aprobado, pierda su legítima finalidad el recurso contencioso-administrativa ... [En este concreto caso], de no suspenderse su ejecutividad, cuando se dictase una sentencia estimatoria, se habría llevado a cabo la ejecución de un planeamiento urbanístico radicalmente nulo, lo que contradice el más elemental principio de que cualquier actuación urbanística debe ajustarse a la legalidad, que es por lo que, en cualquier caso, debe velar la jurisdicción al decidir acerca de la suspensión o no de decisiones en esta materia, en la que los sucesivos instrumentos de ordenación concatenados, seguidos de actos de ejecución, suelen hacer irreversibles las situaciones, que, como el propio Ayuntamiento admite al articular su recurso de casación, sólo tienen solución a través de revisiones del planeamiento urbanístico o de las consiguientes demoliciones, de compleja y muy costosa realización ésta, y conducentes, de ordinario, aquéllas a declaraciones de imposibilidad legal de ejecutar las sentencias, que realmente encubren auténticos incumplimientos de sentencias firmes "» (Sentencia 6 de julio de 2009 (recurso de casación nº 658/2008). En definitiva, «la suspensión decretada por la Sala de Valencia resulta conforme a Derecho, en cuanto suspende la aprobación definitiva de un Plan General Municipal que se ha llevado a cabo sin tener asegurada la existencia de agua para los desarrollos urbanísticos previstos en él, cosa que exige la suspensión pues en otro caso se perdería la finalidad legítima del recurso. (Artículo 130.1 de la Ley Jurisdiccional 29/98)» (Sentencia de 25 de febrero de 2009 dictada en el recurso de casación nº 872/2008).

Téngase en cuenta que en el caso examinado consta el informe de la

Confederación Hidrográfica del Júcar, al que se refiere la resolución judicial impugnada, que es de carácter negativo y que alerta de los peligros derivados de la inexistencia de recursos hídricos suficientes para satisfacer las nuevas necesidades de consumo de agua que comportará la ejecución del plan."

Tamén é de interese a STS de 29.1.2010, en que se suspendía cautelarmente o planeamento secundario resultado dun procedemento no que se omitira a Avaliación ambiental estratéxica:

"En contraposición al interés público antes aludido, y alegado por la Entidad local recurrida, el que esgrime la Administración recurrente resulta prevalente, pues se concreta en la protección del medio ambiente, cuya componente ha de integrarse en la planificación urbanística. Se trata, en definitiva, de garantizar que se han valorado las repercusiones que sobre el medio ambiente tienen los diferentes proyectos de cambio que actúan sobre el territorio. La toma de decisiones de orden urbanístico se verá, sin duda, complementada y enriquecida mediante la introducción de esta información ambiental que permita alcanzar conclusiones más racionales, eficaces y sostenibles. En este sentido, los intereses públicos relativos al desarrollo urbanístico, en los términos que ahora se plantean, resultan de intensidad inferior a los relacionados con el medio ambiente y su preservación, que impulsan el desarrollo por la senda de lo razonable y sostenible" (FJ 5º).

Esixir caución ou garantía polos prexuízos que se derivarían da adopción da medida cautelar pode ser un elemento disuasorio para o recorrente ou un bo termómetro da seriedade do recurso (art. 133 LXCA).

En caso de que se acorde a suspensión do plan impugnado será de aplicación o disposto no art. 134.2, que ordena publicar a suspensión da vixencia das disposicións xerais.

5.3. ANOTACIÓN PREVENTIVA

Os arts. 67 a 72 do Real Decreto 1093/1997, de 4 de xullo, Regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística regulan os requisitos da solicitude desta medida cautelar así como a documentación que a debe acompañar.

Pesa sobre o solicitante da anotación a obriga de identificar as "fincas concretas y determinadas que resulten afectadas por el acto impugnado", por iso obriga a norma a que a solicitude de anotación vaia "acompañada de certifica-

ción registral de dominio y cargas". O RD 1093/1997, obriga a que sexa o recorrente o que ofrezca "indemnización por los perjuicios que pudieran seguirse en caso de ser desestimado el recurso, de tal forma que la falta de la caución que, en su caso, exija el Tribunal para evitar daños al titular de la finca o derecho anotado, impedirá la práctica de la anotación". E novamente reitera esta norma que "Será requisito para la práctica del asiento el haber oído, en todo caso, al titular registral de la finca y a los que según la certificación sean titulares de derechos y cargas que consten en ésta, así como la prestación de la caución a que se refiere el artículo anterior".

6. CUSTAS

A súa regulación fainas pouco disuasorias, xa que no caso da xurisdición contenciosa o criterio de imposición das custas non é o do vencemento, polo momento, aínda que é duns aspectos sobre o que incidirá a reforma en tramitación; así, o art. 139 LXCA establece que na primeira instancia só se imporán en caso de interposición con mala fe e temeridade de forma motivada. En segunda instancia, se se desestima o recurso, imporánselle á parte á que se lle desestime, agás que concorran circunstancias que xustifiquen a súa non imposición, tamén de forma motivada.

7 BIBLIOGRAFÍA

- BARRERO RODRÍGUEZ, C. (2006): *La prueba en el procedimiento administrativo*. Ed. Aranzadi.
- CHAVES GARCÍA, J. R. (2007): *La prueba contencioso-administrativa: análisis dogmático y jurisprudencial*. Madrid: Universitas.
- COMINGES CÁCERES, F. (2007): Los Planes urbanísticos generales en la jurisprudencia del Tribunal Superior de Justicia de Galicia. *Revista Xurídica Galega*, 56, pp. 13-41.
- DESDENTADO DAROCA, E. (1997): *Discrecionalidad Administrativa y Planeamiento Urbanístico*. Pamplona: Civitas.
- DOMINGO ZABALLOS, M. A., Dir. (2010): *Impugnación y revisión de la actividad de los Entes locales (Teoría y Práctica)*. Ed. Thomson Reuters-Aranzadi.
- FERNÁNDEZ VALVERDE, R. (2010): La ejecución de sentencias en el ámbito urbanístico (Parte segunda). *Revista Aranzadi de Urbanismo y Edificación*, 21, 2010/1, pp. 15-47.
- GARCÍA GÓMEZ DE MERCADO, F. (2001): *Alcance actual del control judicial de la actividad de la Administración. Ámbito, objeto y eficacia del recurso contencioso-administrativo*. Granada: Comares.
- GEIS I CARRERAS, G. (2009): *La ejecución de sentencias urbanísticas*. Barcelona: Atelier.
- GONZÁLEZ SANFIER (2011): Invalidez sobrevenida de los actos de aplicación del planeamiento urbanístico nulo. En SANTANA RODRÍGUEZ, J. J.: *Estudios sobre planeamiento territorial y urbanístico*. (pp. 285-307). Valencia: Tirant lo blanch.
- HERNÁEZ SALGUERO, E. (2005): La Jurisdicción Contencioso-Administrativa ante el Urbanismo. *Revista Jurídica de la Comunidad de Madrid*, 21, 01 mayo 2005. Vicepresidencia, Consejería de Cultura y Deporte y Portavocía del Gobierno. D.G. Servicios Jurídicos Madrid.
- FERNÁNDEZ VALVERDE, R. (2010): La ejecución de sentencias en el ámbito urbanístico (Parte segunda). *Revista Aranzadi de Urbanismo y Edificación*, 21, 2010/1, pp.15-47.
- FISCALÍA GENERAL DEL ESTADO (2007): Memoria elevada al Gobierno de S. M. Presentada al inicio del año judicial por el Fiscal General del Estado, Excmo. Sr. D. Cándido Conde-Pumpido Tourón. Volumen I. Ed. Ministerio de Justicia. Secretaría General Técnica, Madrid.
- ORDOÑEZ SOLÍS, D. (2011): *La prueba en el contencioso-administrativo*. Ed. Reus, Madrid.
- PARICIO RALLO, E. (2004): La defensa de las Administraciones locales en pleito. *Cuadernos de Derecho local*, 5, junio, pp. 70-81.
- PECES MORATE, J. E. (Dir.) (2010): Claves de la especialidad del proceso contencioso-administrativo. *Estudios de Derecho Judicial*, 154. Madrid: Ed. Consejo General del Poder Judicial.
- RAZQUIN LIZARRAGA, J. A. (2010): La impugnación directa de los planes de urbanismo. *Revista Aranzadi Doctrinal*, 6, octubre, pp. 26-36.

REBOLLO PUIG, M. (2000): *Impugnación de normas locales: ordenanzas y planes*. Intervención en el Seminario de Derecho local. Barcelona, 14 de abril.

<http://seminari.fmc.cat/ARXIUS/autors99-00/03.doc>

RUÍZ LÓPEZ, M. A. (2010): La suspensión cautelar del planeamiento urbanístico ante la prevalencia del interés medioambiental. *Revista Aranzadi de Urbanismo y Edificación*, núm. 21, 2010-1, pp.233-241.

TRIBUNAL SUPREMO: Base de datos de Jurisprudencia. En: <http://www.poderjudicial.es>
En especial: Tribunal Supremo: "Crónica de la jurisprudencia del Tribunal Supremo: 2009-2010". <http://www.poderjudicial.es/eversuite/GetRecords?Template=cgpj/ts/principal.htm>.

AVANCE NO CONTROL DA DISCRECIONALIDADE E A MOTIVACIÓN DOS ACTOS E ACORDOS ADMINISTRATIVOS: SOBRE OS NOMEAMENTOS DO CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

Manuel J. Sarmiento Acosta

Profesor Titular de Dereito Administrativo da Universidade das Palmas de Gran Canaria
Maxistrado suplente do Tribunal Superior de Xustiza de Canarias

Resumo: *A necesidade de controlar a discrecionalidade administrativa impón unha motivación precisa, suficiente e coherente, pois iso garante mellor os dereitos e intereses dos cidadáns. Neste contexto é eloxiable a xurisprudencia do Tribunal Supremo que esixe que os acordos do Consello Xeral do Poder Xudicial se motiven adecuadamente.*

Palabras clave: *Discrecionalidade administrativa, motivación de actos e acordos administrativos, acordos do Consello Xeral do Poder Xudicial.*

Abstract: *The need to control the administrative discretion requires a precise motivation and enough of the acts and agreements of Public Administration, because it is the better safeguards the rights of citizens. In this context, is commendable jurisprudence of The Supreme Court that requires the motivation of the agreements of the Xeral Council of The Judiciary.*

Keywords: *Administrative discretion, motivation of acts and agreements of Public Administration, agreements of the Xeral Council of the Judiciary.*

Índice: *1. O constante problema do control da discrecionalidade dos actos e acordos administrativos. 2. Discrecionalidade administrativa e motivación: unha relación conflitiva pero obrigada. 3. A non esixencia de motivación por existir motivos de confianza e por ser colexiado o órgano que adopta o acordo: STS do 30 de novembro de 1999. 4. Un cambio radical sobre a motivación dos acordos discrecionais: a STS do 29 de maio de 2006. 5. Cara a unha motivación material dos acordos do CXPX: as sentenzas do Tribunal Supremo do 27 de novembro de 2007 e do 23 de novembro de 2009. 6. Os efectos desta xurisprudencia no Regulamento 1/2010 do CXPX, sobre provisión de prazas de nomeamento discrecional. En particular, na motivación. 7. Un progreso considerable na motivación dos actos e acordos administrativos discrecionais: a súa necesaria repercusión noutros ámbitos administrativos.*

1. O CONSTANTE PROBLEMA DO CONTROL DA DISCRECIONALIDADE DOS ACTOS E ACORDOS ADMINISTRATIVOS

É coñecido que a discrecionalidade administrativa é un dos temas recorrentes do Dereito Administrativo. A súa presenza é constante, pois manifesta a permanente tensión entre o exercicio do poder e o preciso control deste en orde ao sometemento da Administración pública á lei e ao dereito (cfr. art. 103.1, CE.). Todo poder, teña o adusto aspecto do dominio autocrático ou o vistoso e atractivo vestido da confección democrática, séntese sempre, pola súa mesma natureza, como capacidade de estenderse, de impoñerse, e, mesmo, de convencer, a través dunha doutrina oficial politicamente correcta, de que actúa en interese e en beneficio do sometido. Como referiu recentemente o filósofo José Antonio MARINA, no *"poder se experimenta la realidad como libertad, como apertura de posibilidades, como acontecer real, dinámico y expansivo"*.¹ Esta circunstancia suscita de inmediato o problema das consecuencias, pois nun Estado democrático é evidente que esa pretensión de actuar con mans "libres" para producir os efectos desexados debe ter unha habilitación clara e precisa no Dereito, e, así mesmo, debe permitir que este arbitre un adecuado control para que o exercicio do poder non se converta en patente de curso para a arbitrariedade e a irracionalidade (art. 9.1 e 3, e 106.1, CE), nin para a depreciación ou conculcación dos dereitos e intereses lexítimos dos particulares (art. 10, CE)², isto é, dos que se relacionan e someten ao poder, xa que o Estado de Dereito é tal na medida en que o poder se somete ao dereito, e permite a adecuada tutela e protección do dereito e interese do particular. No caso de non ser así, é obvio que non se pode falar propiamente de Estado de Dereito, salvo que se queira xogar coa linguaxe para engaiolar e enganar o cidadán. Neste contexto, pódese dicir que *"toda la historia del derecho administrativo puede resumirse en esto: un avance, lento pero imparabile, en el camino del sometimiento a un control heterónomo de la totalidad de la actuación administrativa y un paralelo afinamiento de las técnicas correspondientes"*³.

Por iso, *prima facie*, o exercicio da discrecionalidade preséntase como moi

¹ *La pasión del poder. Teoría y práctica de la dominación*, Anagrama, Barcelona, 1.^a ed. 2008, p. 18. En cita de B. RUSSEL, *"poder es producir los efectos deseados"* (p. 17).

² Pois, como referiu E. GARCÍA DE ENTERRÍA (*La lucha contra las inmunidades del Poder en el Derecho Administrativo (Poderes discrecionales, poderes de gobierno, poderes normativos)*), Civitas, Madrid, 3.^a ed. 1983, p. 43), *"la Administración no es señor del Derecho, como puede pretenderlo serlo, aunque siempre será parcialmente, el legislador. La Administración no es un poder soberano (...)"*

³ F. GONZÁLEZ NAVARRO, *Derecho Administrativo Español. El acto y el procedimiento administrativo*, Tomo III, Eunsa, Pamplona, 1997, p. 433

problemático, porque é claro que por motivos de eficacia, ata pola propia natureza das cousas, o Ordenamento xurídico non o pode prever todo cun nivel de intensidade ou densidade que permita que a interpretación e aplicación da norma sexa unha operación clara, precisa e limpa de adherencias contaminantes e de prexuízos ideolóxicos ou doutra clase. Ocorre xusto o contrario, pois o Ordenamento de ordinario habilita unha discrecionalidade administrativa que permite unha marxe de acción relativamente ampla, posto que a cantidade de factores e necesidades que definen a actividade administrativa aconsella, e, mesmo, esixe ter discrecionalidade⁴. E é aquí, xustamente, onde comeza a dificultade, pois a liberdade de elección, en boa teoría xurídico-constitucional, debe estar presidida sempre polo interese público, algo que non sempre está claro na actuación administrativa.

Non é este, como é obvio, o lugar para intentar unha definición sobre a discrecionalidade administrativa. Primeiro, porque é unha cuestión que ten unha complexidade que desborda o estrito obxecto deste estudo, e, en segundo lugar, porque a bibliografía sobre este tema, tanto española como foránea —da cal, por certo, bebeu, e moito, a española— é xa inabarcable, como non podía ser doutra forma ao tocar un nervio tan sensible, e, ao propio tempo, tan esencial para os dereitos do cidadán, como é a discrecionalidade administrativa⁵. Agora ben, é pacífico considerar que a discrecionalidade —aínda que

⁴ Véxase, por exemplo, o libro de M. BELTRÁN DE FELIPE, *Discrecionalidad administrativa y Constitución*, Tecnos, Madrid, 1995, p. 25, e bibliografía alí indicada.

O propio John LOCKE, en *Two Treatises of Government*, 1690 (*Dos ensayos sobre el Gobierno Civil* (tradución de F. Jiménez García; ed preparada por Joaquín Abellán, Espasa Calpe, Madrid, 1991, p. 322), afirmaba que “*existen muchas cosas que las leyes no pueden contemplar de ninguna manera y que han de confiarse, necesariamente, a la discreción de aquel que tiene el poder ejecutivo para que lo ordene de acuerdo con las exigencias del bien público. Es más, conviene que las leyes mismas dejen campo libre en ciertos casos a la actuación del ejecutivo o, por mejor decir, a la ley fundamental de la naturaleza y del gobierno según la cual todos los miembros de la sociedad han de verse protegidos, en la medida de lo posible*”.

⁵ É, como se dixo, practicamente inabarcable a bibliografía sobre a discrecionalidade administrativa. Carece de sentido, e tamén de utilidade, intentar aquí facer unha relación de libros, artigos e comentarios máis ou menos exhaustiva. Abonda con sinalar, separadamente do estudo senlleiro de E. GARCÍA DE ENTERRÍA, *La lucha contra las inmunidades del Poder en el Derecho Administrativo (Poderes discrecionales, poderes de gobierno, poderes normativos)*, cit., a controversia que nos anos noventa do pasado século se produciu entre varios coñecidos profesores: T. R. FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, *De la arbitrariedad de la Administración*, Civitas, Madrid, 2.^a ed ampliada 1997, L. PARELLO ALFONSO, *Administrar y juzgar: dos funciones constitucionales distintas y complementarias*, Tecnos, 1993, M. SÁNCHEZ MORÓN, *Discrecionalidad administrativa y control judicial*, Tecnos, Madrid, 1994; ou, en fin, do propio E. GARCÍA DE ENTERRÍA, nun libro máis recente, e tamén moi vivo e enérxico, *Democracia, jueces y control de la Administración*, Civitas, Madrid, 3.^a ed. 1997.

Outros autores escribiron, así mesmo, con moita solvencia técnica (particular interese teñen os libros de M. BACIGALUPO, *La discrecionalidad administrativa (estructura normativa, control judicial y límites constitucionales a su atribución)*, Marcial Pons, Madrid, 1997, ou de E. DESDENTADO DAROCA,

é, como xa se advertiu, un concepto controvertido—, permite ao ente administrativo unha pluralidade de solucións, todas elas igualmente xustas, que, por conseguinte, a Administración pode adoptar. O Tribunal Supremo, probablemente influído pola doutrina, e, en concreto, polas teses do profesor GARCÍA DE ENTERRÍA⁶, afirmou que a *“potestad que tiene la Administración para elegir entre varias alternativas legalmente indiferentes, ya que la decisión discrecional se basa en criterios extrajurídicos, de oportunidad o de conveniencia, que la ley no predetermina sino que deja a su libre consideración y decisión, pudiendo en consecuencia optar según su criterio subjetivo”* (STS do 1 de xuño de 1987)⁷. O que significa que, desde este concepto que asume o Alto Tribunal, a Administración pública pode optar lexitimamente por esas opcións que resultan igualmente xustas. Hai, pois, discrecionalidade; o que significa que existe *“liberdade de actuación”*⁸. A elección entre varias solucións que son xuridicamente indiferentes prodúcese por criterios extraxurídicos —sociolóxicos, económicos, arquitectónicos, ecolóxicos, etc, etc—⁹, e, dentro desta elección, é

Discrecionalidad administrativa y planeamiento urbanístico, Aranzadi, Pamplona, 1997), sobre este tema, pero non é posible detese, pois desbordaría o sentido desta cita, por forza resumida. Permítome, no entanto, indicarlle ao lector interesado que unha referencia bibliográfica bastante completa está no libro de C. D. CIRIANO VEA, *Administración económica y discrecionalidad (Un análisis normativo y jurisprudencial)*, Lex Nova, Valladolid, 2000, pp. 593-633. Hai, como é obvio, artigos máis recentes que se relacionan co obxecto deste traballo, como os asinados por M. BACIGALUPO (“En torno a la motivación de los actos discrecionales emanados de órganos judiciales: ¿debe el Consejo General del Poder Judicial motivar los nombramientos judiciales de carácter discrecional”, *Revista Española de Derecho Administrativo*, núm. 107, 2000, pp. 407 e ss.) ou por R. BOCANEGRA SIERRA e A. HUERGO LORA (“Un paso atrás en el control judicial de la discrecionalidad: su confusión con los conceptos jurídicos indeterminados y la dispensa del deber de motivar”, *Revista Española de Derecho Administrativo*, núm. 111, 2001, pp. 405 e ss.)

⁶ O seu traballo *La lucha contra las inmunidades del Poder en el Derecho Administrativo (Poderes discrecionales, poderes de gobierno, poderes normativos)*, cit é de inexcusable recordatorio nesta cuestión.

⁷ Así mesmo, a STS do 1 de decembro de 1993 declarou: *“El ordenamiento jurídico atribuye potestades a la Administración de dos formas distintas: en las potestades regladas el propio ordenamiento determina agotadoramente el contenido de la decisión a dictar, en tanto que en las discrecionales remite a la estimación subjetiva de la Administración la concreción de alguno de los aspectos del contenido de la decisión: mientras que en las primeras la ley “tipifica” el contenido del acto, en las segundas resultan posibles varias soluciones igualmente lícitas —y por tanto indiferentes para el derecho— entre las cuales ha de elegir con criterios extrajurídicos”*

⁸ Así o afirma, por exemplo, A. GALEGO ANABITARTE, “Función ejecutiva, actuación administrativa y discrecionalidad”, Prólogo ao libro de A. MOZO SEOANE, *La discrecionalidad de la Administración Pública en España. Análisis jurisprudencial, legislativo y doctrinal (1894-1983)*, Montecorvo, Madrid, 1985, p. 21.

⁹ Véxase J. DELGADO BARRIO, *El control de la discrecionalidad del planeamiento urbanístico*, Civitas, Madrid, 1993, p. 19. Pola súa banda, E. DESDENTADO DAROCA, *Discrecionalidad administrativa y planeamiento urbanístico. Construcción teórica y análisis jurisprudencial*, ob cit., p. 70, destaca que a discrecionalidade é un “supraconcepto”, que se refire a un determinado modo de operar administrativo, que consiste en adoptar decisións dentro dunha marxe que deixa o Ordenamento

plenamente válida a actividade da Administración.

A partir de aquí é preciso fiar máis fino, porque xorden varias cuestións que ensombrecen ou nubran a claridade dunha definición de corte académico, que aínda que é explicativa e cómoda na academia, non resulta de todo eficaz para resolver problemas prácticos de certa entidade que se resisten a ser reducidos a dogmas ou categorías convencionais, pois cómpre saber: a) cando é posible falar tecnicamente de discrecionalidade e cal é o seu concreto alcance; b) como se articula o control e ata onde pode chegar este¹⁰; c) é posible, desde a perspectiva constitucional, substituír por medio doutra decisión a incorrecta resolución administrativa?; d) ten encaixe a discrecionalidade na Carta Magna de 1978?, etc, etc.

Indubidablemente, a discrecionalidade, como a xustiza administrativa, a descentralización, o Poder Xudicial, etc, deben encadrarse no marco ou contexto político e xurídico existente, dentro do cal, nun Estado social e democrático de Dereito, como é o español (art. 1.1, CE), o recoñecemento e a garantía dos dereitos e intereses dos cidadáns resulta inescusable, pois estes constitúen un dos alicerces sobre os que se asenta toda a arquitectura constitucional. Nun sistema autocrático, como o que existía antes da Constitución de 1978, o control que se arbitraba sobre a discrecionalidade da Administración pública, aínda que moi meritorio desde o punto de vista técnico, estaba danado ou pervertido desde a súa raíz polo “pecado orixinal” que levaba implícito todo o sistema. E do mesmo xeito que un paralítico, por moi fortes que teña os brazos, non pode competir cun atleta boxeador plenamente en forma, por moi ben que puidesen funcionar esas proezas técnicas que se enfatizaban para controlar a discrecionalidade, de ningún xeito podían fornecer os mesmos efectos que nun Estado de Dereito plenamente constituído. E iso por un dato esencial: a propia posición e actuación do Poder Xudicial non podía ser equiparable coa dun Estado de Dereito¹¹. Isto significa que aínda que os meca-

xurídico, para o que se permite unha elección entre distintas alternativas sobre a base de conceptos extraxurídicos. O que permite un ámbito de apreciación valorativa da Administración, que, en rigor, só a ela lle compete. Con todo, isto non significa que non haxa límites internos e externos para a adopción destas decisións sobre a base de distintas alternativas. Hai extremos e aspectos que delimitan esa capacidade de actuación

¹⁰ M. BACIGALUPO, *La discrecionalidad administrativa (estructura normativa, control judicial y límites constitucionales a su atribución)*, cit., pp. 219 e ss, que analiza o dereito á tutela xudicial efectiva como límite constitucional á atribución de potestades discrecionais.

¹¹ Neste extremo, por exemplo, A. NETO GARCÍA, *El desgobierno judicial*, Trotta, Madrid, 2004, p. 127. E GARCÍA DE ENTERRÍA no seu libro *Democracia, jueces y control de la Administración*, cit., pp. 39, e 47 e 48, di: “(...) el propio régimen tenía entonces especial interés en presentar una faz de “Estado de Derecho” en el sentido (que era, por cierto, el de los clásicos alemanes más relevantes del XIX y

nismos técnicos de control, tan traballosamente confeccionados, tiñan moitas virtualidades para a fiscalización da actividade administrativa, o control, polo contexto no que se aplicaba, tiña un impacto bastante máis frouxo ca o que pode orixinar nun *Estado propiamente de Dereito*¹². Por iso é só unha verdade a medias o argumento que se esgrimiu nun momento determinado por algunha doutrina sobre a maior lexitimidade democrática da Administración pública no Estado constitucional (deixando entrever que eses mecanismos técnicos tiñan que modularse ou afrouxarse, pois non se estaba loitando contra unha Administración autocrática), pois, en realidade, esa loita nunca era tan aberta e clara como a que se mantén nun auténtico Estado de Dereito¹³. Por esta razón os instrumentos técnicos de control cando realmente producen efectos é co establecemento do Estado social e democrático de Dereito, que os transfigurou de tal xeito que permitiu avanzar moito máis que con anterioridade.

Con independencia disto, que é bastante obvio e elemental por outra banda, é patente que a formulación dunha cuestión tan relevante e, ao propio tempo, tan necesaria e inasible como a discrecionalidade dos actos e acor-

XX), de un Estado con Derecho Administrativo pero sin derechos fundamentales (...)". En la página 39 afirma: "El error está en suponer que el Derecho Administrativo, como llega a afirmarse en relación con el específico caso de España, y en concreto el afinamiento de sus técnicas de control, tenga un lugar más apropiado en los regímenes dictatoriales que en los democráticos. Esto, de nuevo en el terreno de los hechos, es inexacto, rotundamente. Ningún régimen autoritario facilita el control judicial de sus actos, ninguno tampoco reconoce siquiera la legalidad como un límite y los derechos de los ciudadanos, base de ese control, como obstáculo a su omnipotencia". Tamén, M. BELTRÁN DE FELIPE (*Discrecionalidad administrativa y Constitución*, cit., pp. 221 e ss) fai unha crítica sobre a pretendida maior lexitimidade democrática da Administración actual.

É obvio que o sentido común e a lóxica, así como a experiencia, certifican a absoluta certeza destas afirmacións. O sorprendente é que se chegou a dudar de algo tan elemental: un réxime autocrático, polo seu propio carácter, non quere controis nin fiscalizacións vindas do Dereito

¹² Eses mecanismos técnicos de control teñen o seu encaixe natural no Estado democrático de Dereito, isto é, nun Estado no cal estea garantida a separación efectiva de poderes, que recoñeza e garanta tanto o sometemento do poder ao dereito, como os dereitos e intereses dos cidadáns, nun Estado, en fin, que corresponda cunha democracia avanzada. É evidente que cando non existen esas condicións previas, calquera mecanismo técnico perde a súa forza e a súa capacidade para lograr o que en teoría pretende alcanzar. Descoñecer isto é ignoralo todo e divagar sobre teorías baleiras que para nada serven.

¹³ Como é lóxico, cando se di "auténtico Estado de Dereito", non se afirma para facer unha concesión á retórica: non todo Estado que se cualifica formalmente como "de Dereito" o é realmente. Só se se dan concretas condicións pódese falar de Estado "de Dereito" en sentido técnico. Polo demais, o Estado de Dereito non se ten definitivamente porque o digan a Constitución ou unhas leis, senón que é preciso construílo día a día, e sen desmaio nin excesiva confianza no conseguido, pois as trampas sempre axexan, as tentacións do poder nunca morren, senón que, como a enerxía, e no mellor dos casos, se transforman, e, nun contexto así, a fragilidade de todo o logrado é indiscutible. Dito noutras palabras: *o Estado de Dereito é de cristal, non é de aceiro*. Xa que logo, pode romperse se non se trata co debido coidado, e esa ruptura pode ocorrer en calquera momento.

dos da Administración¹⁴, hai que radicalo na Constitución española, do 27 de decembro de 1978, máis que nunha suposta evolución histórica dun Estado autocrático a un democrático e de Dereito, ou a unha maior ou menor lexitimidade da Administración pública española, xa que esta, en último termo, se lexitima na prestación eficaz e satisfactoria dos servizos públicos, e no rigoroso respecto á lei e ao dereito. Como destacou, hai xa algúns anos, MARTÍN REBOLLO *"la legitimidad de la Administración (...) no reside en que sea representativa sino en su carácter servicial, en su dependencia y su instrumentalidad al servicio de la eficacia y la objetividad de su funcionamiento. De ahí que no pueda ni deba confundirse una Administración democrática con una Administración representativa. La Administración no representa a nadie: sirve a los intereses generales. La Administración es democrática si asume los valores constitucionales, es eficaz, objetiva y transparente, si está suficientemente controlada desde fuera"*¹⁵. Pois como, así mesmo, argumenta GARCÍA DE ENTERRÍA é *"esta situación de ejecutores de la Ley, como decisión previamente establecida, la que da a los titulares que ejercen las funciones del Poder Ejecutivo o del Poder Judicial el carácter de simples "agentes" de la Ley. No pueden ordenar lo que la Ley no manda, no pueden prohibir lo que la Ley no ha prohibido, son ejecutores de lo ya ordenado anticipadamente por ésta"*¹⁶; polo que, en ningún caso, *"la teoría de la democracia puede proporcionar razón alguna para pretender una indiscutibilidad de las decisiones de los gestores públicos y más bien la posibilidad de su impugnación se adecúa exactamente al carácter abierto de la sociedad democrática, a su búsqueda de una integración no por mitos globales ni por la imposición forzosa de los valores de las mayorías, sino por el libre desarrollo y las iniciativas de los ciudadanos"*¹⁷.

¹⁴ E, así mesmo, tan trascendente para a operatividade do Dereito Administrativo. Non é de estrañar que, por exemplo, Bernard SCHWARTZ, no seu *Administrative Law* (Boston, 3.^a ed. 1991, p. 652), sinala que, verdadeiramente, *"de que trata o Dereito Administrativo se non é do control da discrecionalidade"*, e, na doutrina española, T. R. FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ (*"Discrecionalidad y jurisdicción revisora"*, *Revista Española de Derecho Administrativo*, núm. 2, 1974, p. 285), afirme que *"la discrecionalidad ha sido, es y seguirá siendo el gran problema del Derecho Administrativo"*. O mesmo que subliña, máis recentemente, M. BACIGALUPO, cit., p. 21.

¹⁵ *Constitución, Derecho Administrativo y Estado autonómico*, Asemblea de Cantabria, Santander, 1990, pp. 45 e 46. Prosegue: *"La Administración es democrática, aunque parezca una redundancia, si es la Administración de un Estado democrático, es decir, de un Estado de democracia parlamentaria. Ese es el punto de partida de juristas tan notables como Hans KELSEN y, sobre todo, de su discípulo administrativista, Adolf MERKL (...)"* (p. 46).

¹⁶ *Democracia, jueces y control de la Administración*, 3.^a ed., cit, p. 53.

¹⁷ E. GARCÍA DE ENTERRÍA, *Democracia, jueces y control de la Administración*, 3.^a ed, cit., p. 75. Di: *"Naturalmente que sobre ese fondo general se sobreponen los valores propios del sistema jurídico, apoyado en la técnica del reino de la Ley, norma común para gobernantes y gobernados, que aquéllos*

Xa que logo, é evidente que o establecemento dun Estado democrático, lonxe de acurtar, modular ou redimensionar á baixa os mecanismos técnicos que permiten o control efectivo da Administración pública, intensificounos. E, de feito, produciuse nos últimos trinta anos un aumento da perfección técnica dos mecanismos de control a raíz da aprobación da Carta Magna de 1978, como non podía ser doutra forma. Así, ás técnicas tradicionais que o propio GARCÍA DE ENTERRÍA propuxo no seu coñecido traballo "*La lucha contra las inmunidades del Poder en el Derecho Administrativo (Poderes discrecionales, poderes de gobierno, poderes normativos)*"¹⁸, en 1962 (existencia da potestade discrecional e concreta extensión desta, a verificación dos feitos que lexitiman a súa aplicación, a competencia do órgano, e a observancia do procedemento e o fin, así como os principios xerais do Dereito e os conceptos legais indeterminados), engadíronse outras fórmulas técnicas en orde ao control da Administración que reclaman refacer desde os mesmos alicerces constitucionais a discrecionalidade da Administración; esas novas fórmulas técnicas son, por exemplo, a interdición da arbitrariedade dos poderes públicos (art. 9.3, CE), a razoabilidade e a racionalidade, ou principios xerais, como o de proporcionalidade ou a congruencia interna da decisión¹⁹, que abriron novas vías ou camiños no Estado de Dereito, sen que poida cualificarse para nada *estas novas fronteiras* como unha mostra dun suposto "activismo xudicial"²⁰, senón como unha consecuencia necesaria dun sistema xurídico baseado na democracia e na liberdade (art. 1.1 e 10. CE), e que, xa que logo, recoñece e ga-

no pueden pretender en ningún caso poder interpretar de forma prevalente a la interpretación en que éstos intenten apoyar sus propios derechos e intereses"

¹⁸ Como se anticipou, este traballo é básico para o coñecemento do control da discrecionalidade da Administración. Publicouse na *Revista de Administración Pública*, núm. 38, 1962 (pp. 159-209). A. NETO GARCÍA nos comentarios que fixo ao volume *34 artículos seleccionados de la revista de Administración Pública con ocasión de su centenario*, Instituto Nacional de Administración Pública, Madrid, 1983, p. 486, cualificouno de "*verdadero manifiesto constitucional. Desde el Derecho empieza así España su largo camino hacia la Democracia*". Non é eloxio menor, precisamente.

¹⁹ Así, por exemplo, esíxese a coherencia interna dos plans urbanísticos, con base na forza normativa do fáctico (STS de 21 de marzo de 2006). Véxase sobre este punto M.³ R. ALONSO IBÁÑEZ, "Planeamiento urbanístico. Análisis de la jurisprudencia del Tribunal Supremo y de los Tribunales Superiores de Justicia (2006)", *Revista de Derecho Urbanístico*, núm. 234, 2007, pp. 110 e ss.

²⁰ É máis, a jurisprudencia española non foi precisamente vangardista, senón máis ben todo o contrario. Nada que ver coa doutrina do Consello de Estado francés, ou coas decisións de órganos xurisdiccionais ingleses ou norteamericanos, nos que o avance, a perspicacia técnica e a "creación" de verdadeiro e bo Dereito é coñecida, e non necesita maior argumentación. Para o Consello de Estado francés é aínda interesante remitirse ao libríño de Prosper WEIL, *Derecho Administrativo* (tradución española de L. RODRÍGUEZ ZÚÑIGA, adaptada á décima edición orixinal de Javier GARCÍA DE ENTERRÍA L VELÁZQUEZ, Madrid, 1.³ ed. 1986, onde se atopa unha frase elocuente que escusa máis argumentos. Di WEIL: "*El Consejo de Estado ha segregado el Derecho Administrativo como una glándula segregada su hormona: la jurisdicción ha precedido al derecho y, sin aquella, éste no hubiese nacido*" (p. 43)

rante os dereitos e intereses dos cidadáns²¹. Nada máis lóxico e normal. Crer que o Poder Xudicial, porque fai o seu traballo, se excede é, como mínimo, un curioso xeito de concibir o Estado democrático, onde a división de poderes é garantía imprescindible para poder ser cualificado como tal, e onde o control da Administración debe ser efectivo e intenso. Por iso, o cambio que trouxo a Constitución Española é substancial, pois dun "*Estado con Dereito Administrativo pero sen dereitos fundamentais*" (GARCÍA DE ENTERRÍA)²², pasouse a un Estado que recoñece e garante os dereitos e intereses dos cidadáns (cfr. art. 53. 1 e 2 CE.)²³. É este contexto o que debe servir de base, fundamento e inspiración para articular a discrecionalidade administrativa, e non unha pretendida eficacia administrativa desorbitada, que tendo unha indubidable relevancia, non está ao mesmo nivel constitucional que a protección dos dereitos fundamentais e as liberdades públicas dos cidadáns.

Se isto é así, e é evidente que existiron avances na doutrina e na xurisprudencia contencioso-administrativa, non por iso se debe crer inxenuamente que o ciclo se pechou. Como di Prefecto Andrés IBÁÑEZ nun significativo artigo titulado "*Contra las inmunidades del poder: una lucha que debe continuar*"²⁴; a loita debe continuar, e a garda non se debe baixar de ningún xeito, e iso, en síntese, por dúas razóns: i) porque o poder, co seu carácter expansivo e dominante, crea ou abre sempre novos espazos nos cales o seu exercicio se mostra con máis intensidade e enerxía, e, por iso, propende a eludir controis e fiscalizacións cos máis variados argumentos e escusas (razón de Estado, eficacia administrativa, interese xeral, imposibilidade material, etc, etc); e ii) porque sería iluso entender que as garantías dos dereitos e liberdades, por mencionalas nas normas, ipso facto se converten en garantías materiais. Ninguén con algunha experiencia na realidade administrativa e na actuación forense pode admitir que o recoñecemento dun dereito implica automaticamente a súa correcta tutela. Do que di formalmente a lei ao que se aplica na práctica hai un longo treito, que, sen dúbida, debe ocupar a adecuada técnica xurídica, para que poida de verdade ese dereito converterse nun-

²¹ Véxase, M. BACIGALUPO, *La discrecionalidad administrativa (estructura normativa, control judicial y límites constitucionales a su atribución)*, ob cit., pp. 237 e ss, quen afirma que a garantía dunha tutela xudicial efectiva, non só formal, senón tamén material, fronte á actuación administrativa presupón "*la exigencia constitucional de una determinada densidad en su programación normativa*"

²² *Democracia, jueces y control de la Administración*, 3.ªed., cit., pp. 47-48.

²³ Véxase M. J. SARMIENTO ACOSTA, "Control de la discrecionalidad y derechos fundamentales", *Poder Judicial*, núm. 31,1993, pp. 205-234

²⁴ Publicado na *Revista Española de Derecho Administrativo*, núm. 93, 1997, pp. 5 e ss.

ha realidade práctica ao alcance dos cidadáns. Con esta formulación de loita "continua", é obvio que moitos lugares comúns e convencións académicas se deben renovar á luz das virtualidades que a Constitución ofrece, e que, nalgúns casos, non foron suficientemente exploradas, e moito menos explotadas. Hai un caso dunha evidente importancia e significación: o da discrecionalidade técnica e o dos nomeamentos discrecionais efectuados polo Consello Xeral do Poder Xudicial²⁵, órgano de goberno de devandito Poder (art. 122.2, CE.), posto que dunha postura reticente ao control efectivo de devanditos nomeamentos, na cal a xurisprudencia utilizaba subterfuxios como a colexialidade do órgano, os motivos de confianza ou a gran discrecionalidade para non entrar na fiscalización real e efectiva do nomeamento, pasouse a outra moito máis progresiva que entra seriamente no control do nomeamento, co uso de técnicas e criterios que obrigan a desenvolver unha motivación detallada de aspectos que antes se cubrían co manto da discrecionalidade. É este asunto dos nomeamentos discrecionais do CXPX un exemplo elocuente do avance das técnicas xurídicas en orde ao control da Administración pública²⁶, e que teñen na motivación dos actos e acordos discrecionais unha canle que debe ser seguida noutros ámbitos administrativos.

²⁵ En diante, CXPX.

²⁶ O CXPX é, como di o artigo 122.2 da Constitución, "o órgano de goberno do mesmo", e estará "integrado polo presidente do Tribunal Supremo, que o presidirá, e por vinte membros nomeados polo rei por un período de cinco anos. Destes, doce entre xuíces e maxistrados de todas as categorías xudiciais, nos termos que estableza a lei orgánica; catro a proposta do Congreso dos Deputados e catro a proposta do Senado, elixidos en ambos casos por maioría de tres quintos dos seus membros, entre avogados e outros xuristas, todos eles de recoñecida competencia e con máis de quince anos de exercicio da súa profesión" (art. 122. 3, CE). Xa que logo, é evidente que non é un órgano inserido dentro do organigrama do poder executivo, nin, polo tanto, da Administración pública (arts. 97, e ss e 103 e ss CE), como reflicte, por outra banda, a súa propia localización sistemática dentro da Constitución española –que é no Título VI, relativo ao "Poder Xudicial", e non no Título IV, que é o que alude "Do Goberno e da Administración" (arts. 97-107)–. Con todo, é evidente que para o ordenamento xurídico é un órgano no cal se desenvolve actividade administrativa estritamente considerada. Dedúcese así do disposto no artigo 143.2 da Lei orgánica do poder xudicial (en diante, LOPX), e, por suposto, do establecido no artigo 1.3. b) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, que di que coñecerán –os xulgados e tribunais da orde contencioso-administrativa–, as pretensións que se deduzan en relación cos "actos e disposicións do Consello Xeral do Poder Xudicial e a actividade administrativa dos órganos de goberno dos xulgados e tribunais, nos termos da Lei orgánica do poder xudicial"

2. DISCRECIONALIDADE ADMINISTRATIVA E MOTIVACIÓN: UNHA RELACIÓN CONFLITIVA PERO OBRIGADA

Pero antes de analizar estes pronunciamentos do Tribunal Supremo, coa extensión que esta evolución xurisprudencial merece, é preciso destacar a necesaria relación que ten que existir entre discrecionalidade administrativa e motivación no seo dun Estado de Dereito. A motivación dos actos e acordos administrativos discrecionais non estaba especificamente prevista no artigo 43 da Lei de procedemento administrativo do 17 de xullo de 1958²⁷, o cal foi criticado pola doutrina máis autorizada²⁸. Foi a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a que veu a incorporar esta elemental esixencia dos actos e acordos discrecionais (art. 54 1, f)²⁹, como consecuencia dunha cabal interpretación e aplicación da Constitución, e da necesidade de que non só a Administración actúe de acordo coa lei e co dereito (art. 103.1 CE), senón de que poida ser efectivamente controlada polos xuíces e tribunais (art. 106.1), para evitar, así mesmo, a arbitrariedade (art. 9.3, CE).

Desde unha perspectiva máis ampla, hai que ter en conta que hoxe o deber de motivar as decisións administrativas ten alcance europeo. A mesma *Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea* prevé no seu artigo 41, dentro do "dereito a unha boa Administración", a "*obligación que incumbe á Administración de motivar as súas decisións*". E o Tribunal de Xustiza da Comunidade declarou que non é suficiente con referir ou reproducir o texto dos artigos que se aplican, senón que debe sinalarse *a xustificación da medida adoptada pola*

²⁷ Este precepto limitábase a dicir:

1. Serán motivados, con sucinta referencia de hechos y fundamentos de derecho:
 - a) Los actos que limiten derechos subjetivos
 - b) Los que resuelvan recursos
 - c) Los que se separen del criterio seguido en actuaciones precedentes o del dictamen de órganos consultivos
 - d) Aquellos que deban serlo en virtud de disposiciones legales; y
 - e) Los acuerdos de suspensión de actos que hayan sido objeto de recurso.
2. Se exceptúan de lo dispuesto en el párrafo anterior los actos enunciados en el artículo 40, apartado b), de la Ley de Jurisdicción Contencioso-administrativa.

²⁸ Así, por exemplo, E. GARCÍA DE ENTERRÍA e T. R. FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, *Curso de Derecho Administrativo I*, Civitas, Madrid, 4.^a ed. 1983, pp.524 e 525.

²⁹ Véxase L. MARTÍN REBOLLO, "Capítulo VII Disposiciones administrativas y actos administrativos", no vol colectivo, dir por J. LEGUINA VILA e M. SÁNCHEZ MORÓN, *La nueva Ley de régimen jurídico de las Administraciones Públicas y del procedimiento administrativo común*, Tecnos, Madrid, 1.^a ed. 1993, p.164, quen afirma que a esixencia de motivar os actos discrecionais era "*una generalizada aspiración doctrinal, como medio de poder controlar el ejercicio de la potestad discrecional (...)*"

Comisión (STXCE do 24 de xaneiro de 1992, caso *La Cinq. S.A.*) para que o interesado poida defender os seus dereitos e comprobar se a medida é ou non fundada. Isto comporta que a necesidade de motivar non é unha mera formalidade, senón que conecta cunha cultura xurídica, asumida e asentada xa de forma clara, na que a Administración, ou, máis amplamente, os poderes públicos, deben dar conta e razón das súas medidas, comportamentos ou omisións. Neste contexto, a motivación é unha consecuencia lóxica da plasmación dun verdadeiro Estado de Dereito e dunha sociedade democrática avanzada, que require unha Administración que se suxeite ao dereito, e que así o probe na práctica, explicando debidamente o que dita.³⁰ E de feito, como refire COSCULLUELA, os supostos de motivación que ampara e esixe o ordenamento xurídico son tan amplos que "*prácticamente sólo los actos reglados favorables al interesado y no perjudiciales para tercero quedan exentos de motivación*"³¹.

A motivación é precisa, como destacou o Tribunal Supremo (STS do 15 de outubro de 1981, Ar. 3673), porque é a "*exteriorización de las razones que sirvieron de justificación, de fundamento, a la decisión jurídica contenida en el acto, como necesaria para conocer la voluntad de la Administración, tanto en cuanto a la defensa del particular que por omitirse las razones se verá privado, o al menos restringido, en sus medios y argumentos defensivos, como respecto al posible control jurisdiccional si se recurriera contra el acto*"; e se, en consecuencia, é necesaria nunha serie de actos e acordos para exteriorizar a razón ou causa do acto, e, paralelamente, para poder controlar os mesmos³², cobra unha

³⁰ A STS do 25 de xullo de 2006 declarou, entre outras cousas: "*La exigencia de motivación de los actos administrativos constituye una constante en nuestro ordenamiento jurídico y así lo proclama el art. 54 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del procedimiento administrativo común (...), teniendo por finalidad la de que el interesado conozca los motivos que conducen a la resolución de la Administración, con el fin, en su caso, de poder rebatirlos en la forma procedimental regulada al efecto. Motivación que, a su vez, es consecuencia de los principios de seguridad jurídica y de interdicción de la arbitrariedad enunciados por el apartado 3 del art. 9 CE y que, también, desde otra perspectiva, puede considerarse como una exigencia constitucional impuesta no sólo por el art. 24.2 CE sino también por el art. 103 (principio de legalidad de la actuación administrativa). Por su parte, la Carta de los Derechos Fundamentales de la Unión Europea, proclamada por el Consejo de Europeo de Niza de 8/10 de diciembre de 2000 incluye dentro de su artículo 41, dedicado al "derecho a una buena Administración", entre otros particulares, "la obligación que incumbe a la Administración de motivar sus decisiones"; por iso, no caso que trata, esta STS di que se requiría xustificar a decisión que, no momento da aprobación provisional e definitiva, se aparta do criterio da aprobación inicial do plan.*

³¹ *Manual de Derecho Administrativo Parte General*, Civitas Thomson Reuters, Pamplona, 21.^a ed. 2010, p. 330

³² Pode consultarse o estudo de M. M. FERNANDO PABLO, *La motivación del acto administrativo*, Tecnos, Madrid, 1993, quen (pp. 223 e 224) argumenta que "*la fuerza expansiva de los derechos fundamentales, junto con una decidida jurisprudencia del Tribunal Supremo en favor de la aplicación directa del principio de objetividad y del de interdicción de la arbitrariedad, llevan a nuestra*

especial relevancia cando eses actos son produto do exercicio da potestade discrecional. Neste extremo, fronte á crítica que noutros apartados a Lei 30/1992 merece, esta previsión esixe recoñecer o seu avance³³, pois reconduce a unha conclusión clara: se o acto ditado en exercicio dunha potestade discrecional non é motivado preséntase como caprichoso ou arbitrario, e, xa que logo, como potencialmente ilegal³⁴. A doutrina que se ocupou desta cuestión é moi clara sobre este punto. Así, T. R. FERNÁNDEZ sostén que a *“motivación de la decisión comienza, pues, por marcar la diferencia entre lo discrecional y lo arbitrario, y ello, porque si no hay motivación que la sostenga, el único apoyo de la decisión será la sola voluntad de quien la adopta, apoyo insuficiente, como es obvio, en un Estado de Derecho en el que no hay margen, por principio, para el poder puramente personal”*³⁵. E a xurisprudencia nun ámbito no cal a discrecionalidade ten o seu campo abonado, como é o da planificación urbanística³⁶, destacou os medios e as formas de control desta discrecionalidade, e resaltou a transcendencia que ten, por exemplo, a memoria do Plan urbanístico para verificar o axuste a Dereito das decisións que, desde un punto de vista estritamente extraxurídico, adopta o planificador e que se explicitan no plan finalmente aprobado. A STS do 21 de xaneiro de 1997, por exemplo, declarou que esta memoria expresa a motivación do plan, é dicir, manifesta a *“ exteriorización de las razones que justifican el modelo territorial elegido y por consecuencia, las determinaciones*

jurisprudencia a manejar la motivación, no como un puro requisito de forma, susceptible siempre de convalidación e irrelevante si no impide interponer los recursos oportunos, sino como un verdadero requisito de la actividad administrativa, cuando no pueda apreciar el criterio de la decisión”.

Hai que indicar, con todo, que a xurisprudencia matiza en función de que o acto administrativo sexa resolutorio ou de simple trámite; así a STS do 9 de marzo de 2006, nun suposto de requirimento de información da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, declarou que tiña motivación suficiente. *“Es necesario –aseverou o Supremo –, tener en cuenta que el requerimiento de información, no es un acto de terminación del procedimiento, sino un acto de trámite dictado en el período informativo previo (...), con lo que el requisito de motivación debe flexibilizarse”*

³³ Véxase F. GARRIDO FALLA e J. M.ª FERNÁNDEZ PASTRANA, *Régimen jurídico y procedimiento de las Administraciones Públicas (Un estudio de la Ley 30/1992)*, Civitas, Madrid, 1993, p.157. Destácase que é a máis importante novidade da lei en relación coa motivación.

³⁴ A. DORREGO DE CARLOS e C. GUTIÉRREZ VICÉN, “Capítulo 9. Disposiciones y actos administrativos (artículos 41, 45 y 46 y 51 a 61)”, no vol colectivo *Administraciones Públicas y ciudadanos (Estudio sistemático de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común)*, coord por B. PENDÁS GARCÍA, Praxis, Barcelona, 1993, p. 442.

³⁵ *De la arbitrariedad de la Administración*, cit., p. 82.

³⁶ Debe advertirse que o artigo 3.1, do Real decreto lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo, establece que o exercicio *“da potestade de ordenación territorial e urbanística deberá ser motivado, con expresión dos intereses xerais a que serve”*. Unha novidade sen dúbida moi relevante (neste sentido, J. M. DÍAZ LEMA, *Nuevo Derecho del suelo. Comentarios a la Ley 8/2007, de 28 de mayo, de suelo*, Marcial Pons, Madrid - Barcelona - Bos Aires, 2008, pp. 18 e 19)

*del planeamiento*³⁷. A memoria, pois, serve para "evitar a arbitrariedade" (STS do 9 de xullo de 1991), e por conseguinte desenvólvese nun contexto no cal hai unha unión esencial entre motivación e discrecionalidade.

É evidente, xa que logo, que os actos discrecionais deben estar motivados, xa que iso permite comprobar cales son as razóns ou causas que impulsaron a Administración para adoptalos e asegura así un mellor control da discrecionalidade administrativa por parte dos particulares (STC 37/1982, do 16 de xuño). Ata aquí todo parece claro; o problema xorde ao tratar de determinar que se entende por motivación suficiente, pois unha vez establecido: a) *que hai unha relación inescindible entre exercicio da discrecionalidade e motivación dos actos e acordos administrativos*, e b) *que é preciso motivar, xa que logo, todos os actos e acordos aprobados en exercicio das potestades discrecionais, en aplicación do artigo 54.1, f) da Lei 30/1992*, o problemático é saber cal é o carácter, contido e alcance desta motivación; é dicir, se pode reputarse motivación calquera argumento ou fórmula de estilo que a Administración teña por conveniente consignar no acto ou acordo que dita, xa que o artigo 54.1 da Lei 30/1992 se limita a dispoñer que serán motivados "*con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito*". O cal pode ser interpretado –e así se interpreta ás veces– como a expresión duns datos concisos ou xuízos de valor, sen soporte ningún no expediente, e que, en realidade, non indican nada, ou, pola contra, este requisito implica expresar unha xustificación minimamente consistente da decisión. Ao noso xuízo, a motivación que esixe o artigo 54.1 (que, polo demais, debe ser interpretado e aplicado de acordo cos art. 9.1 e 3, 24.1, 103.1 e 3, e 106, CE, entre outros) é unha motivación real ou material³⁸, e non simplemente formal. Unha motivación que non ten que ser por forza extensa ou minuciosa³⁹, *pero sí*

³⁷ Véxase, sobre este particular, o libro de J. DELGADO BARRIO, *El control de la discrecionalidad del planeamiento urbanístico*, cit., pp. 44 e ss.

³⁸ Nesta dirección, véxanse M. M. FERNANDO PABLO, *La motivación del acto administrativo*, ob cit., pp. 31 e ss, e M. ATIENZA, "Sobre el control de la discrecionalidad administrativa. Comentarios a una polémica", *Revista Española de Derecho Administrativo*, núm. 85, 1995, pp. 18 e ss, quen subliña que "*motivar una decisión no significa explicarla, sino justificarla*", pois un acto arbitrario "*no es un acto sin causa, sin motivo, sin explicación, sino un acto que carece de razones que lo hagan aceptable, es decir, que carece de justificación*". Pero é que a Administración en moitísimas ocasións nin sequera chega á explicación máis elemental, xa non digamos á xustificación, que parece xa unha sutileza versallesca para moitos administradores afeitos a decidir sen explicar, e que, mesmo, ven "xustificar" a resolución como unha especie de renuncia inaceptable ante o particular. Con estes costumes administrativos é cos que hai que acabar, impondo unha motivación seria e consistente, é dicir, unha motivación material.

³⁹ Permittiuse, mesmo, a remisión a informes que puideron realizar outros órganos, que son asumidos polo órgano que dita o acto final, pero iso sempre que o informe teña unha motivación suficiente (SSTS do 30 de xuño de 1986 e 4 de novembro de 1988). E o artigo 89. 5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, di textualmente que "*A aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á*

precisa, suficiente (STS do 9 de xuño de 1986) e *coherente co actuado no expediente*⁴⁰. Xa que logo, non abonda con que se “cubran” de calquera xeito os fundamentos que preceden á decisión, senón que “entre ésta y la apoyatura fáctica y normativa que le precede deba existir congruencia. Porque una resolución administrativa, al igual que una sentencia, es un conjunto coherente y solidario”⁴¹. A eficacia ou a rapidez –ou a economía procesual, escusa que esgri-

resolución cando se incorporen ao texto da mesma”. Con todo, isto non sempre foi así na propia xurisprudencia do Tribunal Supremo. Por exemplo, unha significativa STS do 5 de xullo de 1996, ditada nun recurso de casación en interese de lei, relativo ao recoñecemento dos tramos de investigación pola Comisión Nacional Avaliadora da Actividade (coñecidos coloquialmente como sexenios), declarou algo tan curioso como que as “*decisiones de la Comisión Nacional Evaluadora de la actividad investigadora están suficientemente motivadas aunque no manifiesten explícitamente las razones por las que valoran negativamente un período o períodos de investigación, cuando hacen suyas las puntuaciones asignadas por los Comités Asesores al valorar globalmente el conjunto de las aportaciones en cada uno de los criterios objeto de evaluación*”. O cal significa que se acepta un informe que contén só un número (5, 6, 7, etc), e isto, segundo o Tribunal Supremo, é “motivación”, cando é patente que nese informe non hai unha motivación “suficiente”, como destacou SALAVERRÍA, que entende que o Alto Tribunal opta por considerar motivación suficiente o que non é “*nin sequera motivación*” (“Discrecionalidad y motivación. Algunos aspectos teórico-generales”, *Revista Vasca de Administración Pública*, núm. 64, 2002, p. 141)

⁴⁰ *Precisa* pois non se poden considerar motivación afirmacións abstractas ou xenéricas que serven para todo (Cfr., por exemplo, M. M. FERNANDO PABLO, *La motivación del acto administrativo*, ob cit., pp 190 e 191, onde refire a xurisprudencia que esixe precisión nas normas e os feitos); *suficiente*, (STS do 22 de xuño de 1995), xa que deben consignarse os feitos e os fundamentos de dereito, pero iso non quere dicir que coa simple transcripción dun precepto, ou coa sucinta consignación dun dato ou feito, sen integralo nunha explicación convincente, queda satisfeita esta esixencia. A motivación suficiente esixe que haxa un discurso -aínda que sexa esquemático, pero o suficientemente elocuente -, que permita coñecer a secuencia lóxica entre os feitos que se teñen en conta e o Dereito que se aplica, articulando unha conexión plausible de acordo coas regras e técnicas do Dereito e do sentido común; e *coherente*, porque debe haber unha conexión lóxica entre o que se solicita e se ten en conta no expediente e o que se decide; non invocando cuestións que non se suscitan, nin tendo en conta feitos que non proceden para estimar ou denegar o que solicita o interesado. Ou, pola contra, non tendo en conta o substancial, e sobrevalorando os aspectos periféricos ou irrelevantes do que se suscita (véxase, por exemplo, A. HUERGO LORA, “La motivación de los actos administrativos y la aportación de nuevos motivos en el proceso contencioso-administrativo”, *Revista de Administración Pública*, núm. 145, 1998, p.92, que alude ao carácter incorrecto da motivación que non consigna os verdadeiros motivos do acto, senón outros erróneos). A coherencia ten moito que ver coa lóxica, pero tamén coa seriedade e a seguridade no actuar administrativo (Cfr., por exemplo, J. M.³ BOQUERA OLIVER, voz “Motivación del acto administrativo”, na *Enciclopedia Jurídica Básica III*, Civitas, Madrid, 1.^a ed. 1995, pp. 4343 e 4344, quen cita unha STS do 21 de marzo de 1968, Sala 4.^a, que recalca a “*necesaria relación de causalidad entre los antecedentes de hecho, el Derecho aplicable y la decisión adoptada*”) Estes tres requisitos, que consideramos esenciais para poder falar en serio dunha motivación material, sencillamente ás veces non se aplican pola Administración, e, o que é aínda máis grave, polos propios tribunais. O exemplo da STS, xa citada, do 5 de xullo de 1996, ou, mesmo, da STC 17/2009, do 26 de xaneiro, son ilustrativos desta materia. En concreto, é grave que a STC 17/2009 se apoie na STS do 5 de xullo de 1996, cando xa se sabe que é unha STS moi pouco eloxiable.

⁴¹ F. GONZÁLEZ NAVARRO, no volume colectivo, elaborado xunto con J. GONZÁLEZ PÉREZ, *Comentarios a la Ley de régimen jurídico de las Administraciones Públicas y procedimiento administrativo común (Ley 30/1992, de 26 de noviembre) II*, Civitas, Madrid, 1.^a ed. 1997, p.1502. Este autor, ademais, subliña que dada a unidade de esencia que existe entre “*proceso judicial y el llamado procedimiento*

me, por exemplo, o voto particular que formulan algúns maxistrados do Tribunal Supremo á, por outra banda, correcta STS do 29 de maio de 2006⁴²– non poden invocarse en detrimento dos dereitos e intereses dos cidadáns, e, por conseguinte, o carácter “sucinto” non pode servir de apoio a escusas para non exteriorizar verdadeiramente os fundamentos que se han ter en conta para adoptar o acto ou acordo pola Administración. A doutrina do Tribunal Supremo dos últimos anos móstrase partidaria desta esixencia, isto é, dunha motivación verdadeira, e non dun simulacro de motivación con referencias sucintas ou abstractas que serven para todo, e que non xustifican –e nin sequera explican–, nada. A STS do 22 de xuño de 1995(Sala 3.^a, Sección 3.^a), declarou que *“La motivación de los actos administrativos, es decir, los motivos de hecho y de derecho del acto, han de ser sucintos, pero suficientes, de suerte que explicitan la razón del proceso lógico y jurídico que determinó la decisión administrativa”*; e a máis recente STS do 19 de xullo de 2010 declara expresamente, nun asunto relativo ao control da motivación do xuízo técnico dos tribunais de oposicións, que *“al recurrente no se le ha ofrecido una motivación sobre la no valoración de los mé-*

administrativo, es perfectamente aplicable a éste la doctrina que sobre motivación de las sentencias judiciales ha recogido el Tribunal Constitucional en alguna sentencia”, como, por exemplo, a STC do 13 de maio de 1987 (M. M. FERNANDO PABLO *La motivación del acto administrativo*, cit., pp. 31 e ss analizou a proximidade da motivación do acto administrativo e da sentenza, así como as diferenzas entre Poder Executivo e Poder Xudicial para estes efectos. É obvio que hai que remitirse a este estudo, pois nun traballo desta natureza non se pode entrar).

Respecto da coherencia que debe ter a resolución xudicial, debe recordarse que as SSTC 214/1999, do 29 de novembro, e 64/2010, do 18 de outubro, declaran que o dereito *“derecho a obtener una resolución judicial motivada(...)* Supone, en primer lugar, que la resolución ha de estar suficientemente motivada, es decir, contener los elementos y razones de juicio que permitan conocer cuáles han sido los criterios jurídicos que fundamentan la decisión; y en segundo lugar, que la motivación debe contener una fundamentación en Derecho, lo que conlleva la garantía de que la decisión no sea consecuencia de una aplicación arbitraria de la legalidad, ni resulte manifiestamente irrazonable, incurra en un error patente o en una evidente contradicción entre los fundamentos jurídicos, o entre éstos y el fallo, ya que, en tal caso, la aplicación de la legalidad sería tan solo una mera apariencia” (STC 64/2010, do 18 de outubro, FJ. 3, con cita doutras SSTC). A STC 214/1999, do 29 de novembro (FJ.4), ademais, subliñou que *“es cierto que, en puridad lógica, no es lo mismo ausencia de motivación y razonamiento que motivación y razonamiento que por su grado de arbitrariedad e irrazonabilidad debe tenerse por inexistente, pero también es cierto que este Tribunal incurriría en exceso de formalismo si admitiese como decisiones motivadas y razonadas aquellas que, a primera vista y sin necesidad de mayor esfuerzo intelectual y argumental, se comprueba que parten de premisas inexistentes o patentemente erróneas o siguen un desarrollo argumental que incurre en quiebras lógicas de tal magnitud que las conclusiones alcanzadas no pueden considerarse basadas en ninguna de las razones aducidas”* (Véxase, así mesmo, SSTC 96/2006, do 27 de marzo FJ. 6, e 105/2009, do 4 de maio, FJ.2)

⁴² Sentenza que resolveu a impugnación do Real decreto 1826/2004, do 30 de xullo, polo que se nomeou presidente da Sala do Penal da Audiencia Nacional, e que supón un cambio moi relevante e positivo da doutrina do Alto Tribunal sobre a motivación dos nomeamentos xudiciais, como se analizará máis adiante.

ritos; y no puede calificarse de tal lo que se hace constar en la Hoja de baremación y en el Informe obrantes en las actuaciones, pues lo único que incluyen son expresiones abstractas y estereotipadas"⁴³; e con respecto á memoria dos Plans urbanísticos –asunto que non nos interesa neste artigo– xa hai uns pronunciamientos xurisprudenciais máis ou menos desenvolvidos que delimitan o contido e alcance da memoria. Non é así noutros ámbitos nos cales a discrecionalidade impera con forza, e sempre existe o perigo de que a motivación se tente cumprir con expresións vagas, con fórmulas estereotipadas que serven para liquidar moitos casos, pero que, en realidade, nada din do substancial no caso concreto. Un bo exemplo do que se afirma é a criticable STS do 9 de decembro de 2002, nun recurso interposto contra un acordo do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial, en virtude do cal se facía un nomeamento de Secretario do Servizo de Inspección do Consello, no que se esgrimía pola recorrente ter maiores méritos que o finalmente seleccionado e a falta de motivación. Pois ben, o Tribunal Supremo, sen o menor rubor, declarou: "*La no exigencia del requisito de motivación, entendido en el sentido de comparar los méritos de los distintos concursantes, justificando la superioridad de los apreciados en el nombrado, en supuestos equivalentes al enjuiciado, ha sido ya establecida por la jurisprudencia de la Sala (...). Sin necesidad de reiterar íntegramente los argumentos expuestos en dichas resoluciones (...), sí diremos, con referencia a la sentencia de 30 de noviembre de 1999, en lo que resulta aplicable, que ni en los preceptos que regulan la materia, ni en ningún otro, se establecen normas o criterios de valoración de de calificación de los méritos invocados por los solicitantes, al modo de lo que en general se contiene en otros procedimientos selectivos, por lo que, obviamente, resulta, por un lado, que la libre apreciación de los méritos correspondientes sólo puede apoyarse en la existencia o inexistencia de motivos de confianza que el CGPJ puede valorar libremente, sin estar sometido al requisito formal de la motivación, y, por otra parte, que como aquella competencia abarca y comprende también tal*

⁴³ Tamén a STS do 14 de abril de 2009, nun procedemento para o acceso á carreira xudicial pola categoría de magistrado, entre xuristas de recoñecida competencia con máis de dez anos de exercicio profesional, declarou que a motivación "*requiere explicar suficientemente cuales son las concretas razones de mérito y capacidad que determinan la elección de los aspirantes o participantes que resulten finalmente nombrados en dichos procedimientos*". Esta STS asume a doutrina das SSTS do 29 de maio e do 27 de novembro de 2006 e do 27 de novembro de 2007, que despois se analizarán, e resalta que "*dicha exigencia está directamente conectada con el mandato de interdicción de la arbitrariedad y el derecho fundamental a la tutela judicial efectiva (artículos 9.3 y 24 CE), pues va dirigida a hacer posible el control jurisdiccional sobre la certeza y validez de las razones que hayan llevado al Tribunal Calificador a su declaración contraria a la inaptitud del aspirante y, fundamentalmente, sobre si esa decisión se ajustó a esos parámetros de mérito y capacidad y no fue un mero ejercicio de voluntarismo*"

apreciación de confianza, ésta no podrá ser jurisdiccionalmente revisada, ni fiscalizada, ni controlada, que es, justamente, el fundamento esencial del requisito de motivación. Desde otro punto de vista, la citada sentencia de 30 de noviembre de 1999 pone de manifiesto que tal ejercicio de la discrecionalidad (en este supuesto de la libre apreciación de los méritos) corresponde a un órgano colegiado (el Pleno del CGPJ) y que es dicho órgano el que verifica el nombramiento, como expresión de una voluntad conjunta del mismo a través de un sistema de votación, que refleja su criterio, sin que sea necesaria una motivación expresa y pormenorizada de su opinión por parte de cada uno de los Vocales del Consejo. En suma, nos encontramos en un supuesto en que la calificación de los méritos de los que concurren al concurso se encomienda a la libre y discrecional apreciación del órgano colegiado que debe resolver dicho concurso, configurando el cargo en cuestión como un cargo de confianza, que se basa en la exigencia de un motivo de esta naturaleza (...)". Xa que logo, desta curiosa tese dedúcese que o que prima é a "confianza", pois os méritos –se son maiores ou menores, dunha clase ou de outra– son apreciados libremente por ese órgano colexiado que integra a súa vontade a través dun sistema de votos, que non deben motivarse. O que empeza como "un concurso de méritos", interprétao o Tribunal Supremo nesta sentenza como unha operación aberta para trocar, e, polo tanto, transformar nunha elección por motivos de confianza. A pregunta que xorde de inmediato é a seguinte: para que falar, daquela, dun concurso de méritos, se ao final estes, que, en boa lóxica, deben ser obxectivos, non son estimados con neutralidade e rigor, e o que se impón é algo tan indeterminado e volátil como a confianza que pode inspirar o candidato? É máis, é serio invocar o carácter colexiado dun órgano para, pura e simplemente, exonerar do deber de motivar os seus acordos? Ou é que o artigo 54 da Lei 30/1992 non se aplica aos órganos colexiados?⁴⁴. As crebas técnicas desta STS⁴⁵ son de vulto, e impropias dun Alto Tribunal. En simi-

⁴⁴ É sabido que a esixencia de motivación, prevista no artigo 54.1, f) da Lei 30/1992, se aplica tanto aos actos administrativos ditados polos órganos unipersoais como aos acordos adoptados polos órganos colexiados, pois o referido precepto non fai distinción de órganos (neste sentido, véxase E. CARBONELL PORRAS, *Los órganos colegiados :organización, funcionamiento, procedimiento y régimen jurídico de sus actos*, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales, Madrid, 1999, pp.228 e ss.)

⁴⁵ Esta STS do 9 de decembro de 2002 é criticable por varias razóns. Primeiro, porque parte do dogma de someterse ás bases da convocatoria, e, dalgún xeito, recrimina ao recorrente non impugnar as mesmas en tempo e forma; a segunda porque argumenta un motivo de confianza nun concurso de méritos, cando o relevante neste é a apreciación obxectiva dos méritos; e, terceiro, porque é improcedente invocar a confianza, que, ademais, se pode interpretar de múltiples formas. Por se todo iso fose pouco, tenta aplicar de forma voluntarista e incorrecta a, polo demais criticable –como veremos– STS do 30 de novembro de 1999 a un concurso de méritos, cando esta STS se refería ao nomeamento discrecional dun presidente de Audiencia Provincial. O resultado que se persegue é non cumprir co deber de motivar, utilizando unhas bases conceptuais inadecuadas para iso.

lares terreos desenvólvense as SSTS do 12 de febreiro e do 19 de febreiro de 2008, que declaran que as normas da convocatoria " *no exigen una motivación de la decisión del Tribunal diferente a la de una determinada puntuación dentro de la escala contemplada por tal regulación*", ou a xa citada STS do 5 de xullo de 1996, ditada nun recurso de casación en interese de lei, relativo ao recoñecemento dos tramos de investigación pola Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (coñecidos coloquialmente por "sexenios"⁴⁶).

⁴⁶ Regulados polo Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto, sobre retribucións ao profesorado universitario, modificado en varias ocasións, e pola Orde ministerial, do 2 de decembro de 1994 (despois ditáronse distintas resolucións, como a Resolución do 18 de novembro de 2009 da Presidencia da Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora, pola que se actualizan os criterios específicos en cada un dos campos de avaliación), e que ten unha importancia moito maior que a simplemente económica, pois a evolución normativa posterior definiu unha situación na cal se teñen en conta como indicador cualificado da calidade, para ser nomeado, por exemplo, profesor emérito, para pertencer a comités e tribunais académicos, ou formar parte dos criterios aplicados no reparto dos orzamentos destinados á investigación, e ata para reducir as obrigas docentes (cfr. Regulamento de Planificación académica da Universidade das Palmas de Gran Canaria, do 2 de xullo de 2010). Obsérvese como o Real decreto 1312/2007, do 5 de outubro, polo que se establece a acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios ("BOE" núm 240, do 6 de outubro de 2007), establece no seu artigo 6, entre os criterios para a designación dos membros das comisións que valoran as solicitudes de acreditación como catedráticos de universidade e profesores titulares de universidade, a de xustificar "la posesión de tres períodos de actividad investigadora reconocidos de acuerdo con las previsiones del Real Decreto 1086/1989 (...) y de dos de dichos períodos", para pertencer a estas comisións e acreditar a catedráticos (tres tramos) ou titulares de universidade (neste caso esíxense dous tramos). Pero é que ese mesmo Real decreto 1312/2007, no seu anexo, dá unha importancia capital á posesión dos sexenios, pois di que "la aportación de un período de actividad investigadora reconocido de acuerdo con las previsiones el Real Decreto 1086/1989, de 28 de agosto, de retribuciones del profesorado universitario, tendrá una valoración de 15 puntos", dentro dun baremo que concreta en 55 como máximo para a actividade investigadora. Isto proba a transcendencia que se lles dá aos famosos sexenios. E a literatura que se ocupa da universidade xa empeza a enfatizar o seu relevo A. OLLERO (*Qué hemos hecho con la Universidad. Cinco lustros de política educativa*, Thomson-Aranzadi, Pamplona, 1.^a ed. 2007, pp. 386-389) destaca que os chamados "gallifantes" parece que se converteron na principal preocupación de boa parte do profesorado universitario, e que, en xeral, foron positivos para incentivar o colectivo. Por iso, é claro que a resolución destes expedientes debe asegurar a adecuada tutela dos dereitos e intereses dos solicitantes, algo que non sempre se consegue. O mesmo OLLERO, que ten unha concepción moi positiva dos sexenios, fala de erradicar "la clandestinidad imperante (...) bajo la que no es difícil detectar frutos de arbitrariedad en algunos déspotas ilustrados". E outro analista habitual das cuestións universitarias, Andrés DE LA OLIVA ("Corporativismo, Derecho y Universidad", *ABC*, do 29 de novembro de 1998, p. 56), refire en defensa dos universitarios, o seguinte: "(...) si fueran la mitad de la mitad de corporativistas de lo que se dice, no cobrarían los catedráticos lo que cobran, no tendrían las incompatibilidades que tienen (...) y no serían los únicos servidores públicos cuyo trabajo investigador es sometido a evaluación, a efectos retributivos, por un tribunal inquisitorial de ignotos personajes –como si fueran encapuchados–, que ni siquiera dicta resoluciones motivadas. La Universidad no anda bien (...)". De xeito que o que inicialmente nace coa intención de establecer un réxime retributivo especial aplicable ao profesorado universitario derivou cara a outros fins.

Nunha situación como esta, a doutrina da STS do 5 de xullo de 1996, é criticable, pois sinxelamente outórgalle unha capacidade de decisión á Comisión Nacional Avaliadora, sen que teña que motivar nada en absoluto cando, como quedou demostrado, estes sexenios son algo máis que, polo demais, unha escasa cantidade de diñeiro mensual. Son un criterio cualificado de calidade, que o lexislador

Neste contexto é onde é necesario analizar o cambio que experimentou a doutrina do Tribunal Supremo sobre os nomeamentos discrecionais do Consello Xeral do Poder Xudicial. Dun lado, unha arraigada tendencia a esgrimir argumentos pouco consistentes para non motivar. Doutro, a esixencia de enfocar esta importante cuestión de acordo coas esixencias constitucionais dun verdadeiro Estado de Dereito. Vexamos, pois, como se produciu esta evolución.

3. A NON ESIXENCIA DE MOTIVACIÓN POR EXISTIR RAZÓNS DE CONFIANZA E POR SER COLEXIADO O ÓRGANO QUE ADOPTA O ACORDO: STS DO 30 DE NOVEMBRO DE 1999

O Tribunal Supremo en varias sentenzas ditadas despois da Constitución, e da mesma Lei 30/1992, do 26 de novembro, mantivo unha tese en virtude da cal non era precisa a motivación de nomeamentos discrecionais. Exemplo moi significativo desta tese é a STS do 30 de novembro de 1999 –recurso núm. 449/1997, no que se impugnaba o acordo do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial do 9 de abril de 1997, Real decreto 605/97, de 18 de abril, polo que se nomeaba presidente da Audiencia Provincial de Pontevedra–. Esta sentenza partía da premisa de que a designación deste órgano ofrecía “peculiaridades e singularidades en orde á motivación”, que merecen un tratamento particularizado; e así dicía no Fundamento de Dereito quinto:

“En definitiva, de los arts. 127. 3 y 337 de la Ley Orgánica 6/85, de 1 de julio, del Poder Judicial, con claridad se desprende que el Pleno del Consejo General del Poder Judicial ostenta competencia para formular propuestas de nombramiento de los Presidentes de las Audiencias Provinciales cumpliendo las exigencias legales requeridas que aquí concurrían en todos los Magistrados a que se refiere la Asociación recurrente, pero ni en los mencionados preceptos, ni en ningún otro, se establecen normas o criterios de valoración o de calificación de los méritos que, en su caso, invoquen o acrediten los solicitantes al modo de lo que, en general, se establece en relación a otros procedimientos selectivos, por lo que,

e a práctica académica realizaron. Como se pode permitir esta anomalía nun Estado de Dereito? Ante unha actitude deste carácter, hai autores que chegan a descualificar o sistema de sexenios, como L. PENA (“A vueltas con los sexenios y la evaluación del personal investigador”, *Boletín de la Asociación del Personal Investigador del Consejo Superior de Investigaciones Científicas*, 1996), que chega a acentualo de inxusto e inservible (Pode, así mesmo, consultarse o artigo de I. M.³ DE LOS MOZOS TOUYA, “A propósito del régimen retributivo de catedráticos y profesores titulares de universidad y de escuela universitaria: algunas evidencias y algunas dudas en el marco de la reforma legislativa”, *Actualidad Administrativa*, núm. 39, 2002)

obviamente, resulta, por un lado, que la libre designación o el nombramiento discrecional sólo puede apoyarse en la existencia o inexistencia de motivos de confianza que el Órgano de Gobierno competente para formular la propuesta puede apreciar libremente sin estar sometida al requisito formal de motivación o, dicho de otro modo, sin necesitar que su voluntad se exprese previa exposición de los motivos en virtud de los cuales prefiere a una determinada persona, y, por otra parte, que, como aquella competencia abarca y comprende también tal apreciación de confianza, ésta no podría ser jurisdiccionalmente revisada, ni fiscalizada, ni controlada, que es, justamente, el fundamento esencial del requisito de la motivación (sentencias de esta Sala de 10 de enero y 11 de enero de 1997), innecesaria, por tanto, en tal supuesto, y, por lógica, no determinante, su ausencia, de vicio de anulabilidad, presupuesta la indiscutible constitucionalidad de los preceptos de referencia por corresponder al Consejo General del Poder Judicial las atribuciones que, en materia de nombramientos, entre otras, señala el art. 122.2 de la Constitución, como Órgano de Gobierno de aquél".

E no Fundamento de Dereito sexto destaca o outro argumento para eludir a motivación, e argúe:

"Desde otro punto de vista ha de ponerse de manifiesto que tal ejercicio de la discrecionalidad, con las peculiaridades expuestas, corresponde aquí a un Órgano Colegiado, no a una persona singular, y que es dicho Órgano el que emite una propuesta de nombramiento como expresión de una voluntad conjunta del mismo a través de un sistema de votaciones que reflejan un criterio mayoritario, en los términos exigidos, salvo supuestos tal vez no frecuentes de unanimidad, sin que sea posible, ni necesaria, una motivación expresa y pormenorizada de cada uno de sus componentes, y que, en definitiva, tampoco serviría a efectos de una revisión jurisdiccional, razón de ser, como se indicó, de la motivación, so pena de poder convertir a esta Sala en órgano con competencias para formular propuestas con apoyo en cuál fuera la motivación más "razonable" y con las posibilidades inherentes de realizar nuevas votaciones por parte de los componentes de la Sala, en contra de las funciones esencialmente revisoras que le incumben con límites claramente trazados, lo que impide que la denunciada ausencia de motivación determine las consecuencias anulatorias pretendidas, como se explicó con similares argumentos en la sentencia de esta Sala de 9 de diciembre de 1997, aunque también cabe invocar que en los acuerdos discrecionales de las características del impugnado, la simple expresión del ejercicio de la facultad discrecional es el verdadero fundamento o motivación de aquél".

Xa que logo, sinálase polo Alto Tribunal, en primeiro lugar, que o nomeamento faise por motivos de confianza; en segundo termo, que ao provir dun

órgano colexiado que forma a súa vontade a través dun sistema de votacións, non é posible a motivación. Ademais, argúe que non é necesaria esa motivación nin serviría para controlar xurisdiccionalmente a decisión, pois a xurisdición é "revisora", e, para rematar, afirma de forma sorprendente que nun nomeamento como o que se impugna "a simple expresión do exercicio da facultade discrecional é o verdadeiro fundamento ou motivación daquel". A construción que fai esta STS do asunto é, de entrada, superficial, parte dunhas premisas equivocadas ou, canto menos, discutibles –o caso de invocar que a xurisdición contencioso-administrativa é revisora é un exemplo– e aboca a unha conclusión incompatible cun Estado de Dereito: que os nomeamentos nada menos de presidentes das Audiencias Provinciais son derivados da "confianza" que deposita neles o Consello Xeral do Poder Xudicial, coma se fosen cargos políticos de confianza. Pero isto sinxelamente non é así

Primeiro, é superficial porque só utiliza conceptos que non teñen unha directa conexión co caso que se discute (SOSA WAGNER fala de razoamento "*tan de brocha gorda*"⁴⁷), sen profundar verdadeiramente no núcleo do asunto que se debate; a que vén invocar a confianza cando estes relevantes postos son desempeñados por profesionais aos cales se lles esixe acreditar méritos?⁴⁸; como é posible asimilar "discrecionalidade técnica" con libre "designación", cando é patente que tecnicamente son cousas ben distintas?⁴⁹; para que se lles esixe aos solicitantes desas prazas que acheguen os seus méritos se ao final estes carecen de relevancia, pois só a "confianza" que poden inspirar ao Consello é determinante?. Todo isto é sen dúbida moi contraditorio e demasiado lineal, pois non se abordou coa profundidade de perspectiva que o caso merecía desde a óptica constitucional (art. 9.1 e 3, 14, 23, 24, 103 106 e 122, CE.) invocando de aquí e de alá categorías que non tiñan unha directa aplicación ao caso, como a suposta confianza ou a discrecionalidade técnica. O certo é que os candidatos deben aportar méritos, e estes deben servir para algo. Como destacou BACIGALUPO, que criticou con crueza esta STS, "*parece obvio que para determinar si en la selección de los candidatos se han marginado o no los méritos de éstos habrá que conocer qué méritos tomó en consideración el*

⁴⁷ Véxase a nota seguinte

⁴⁸ Véxase, sobre este extremo, M. BACIGALUPO SAGGESE, "En torno a la motivación de los actos discrecionales emanados de órganos colegiados: ¿Debe el Consejo General del Poder Judicial motivar los nombramientos judiciales de carácter discrecional?, cit., p.413. Pola súa banda, F. SOSA WAGNER nun artigo publicado no xornal *El Mundo*, o 17 de decembro de 2007, titulado "*Qué hacer con el Consejo General del Poder Judicial*", afirmaba que esta forma de razoar era "*de brocha gorda*"

⁴⁹ M. BACIGALUPO SAGGESE, cit., p. 413

órgano selectivo y cómo los valoró en relación con cada uno de los aspirantes. Es éste, precisamente –prosegue este autor–, el contenido necesario de la motivación exigible en los nombramientos –administrativos o judiciales (distinto es el caso de los nombramientos políticos– de carácter discrecional (en los que la discrecionalidad, insisto, no radica en poder elegir entre fundar el nombramiento en una valoración de los méritos de los aspirantes o fundarlo sólo en motivos de confianza que ni siquiera resulta necesario exteriorizar, sino tan sólo en el carácter no reglado de aquella valoración, de la que, no obstante ello, en modo alguno cabe prescindir)⁵⁰.

Polo demais, é claro que os cargos xudiciais, pola relevancia constitucional que teñen, e pola transcendencia da súa actuación para o Estado de Dereito, non poden nomearse sobre a base de algo tan volátil e inseguro como a confianza⁵¹, pois hai unha garantía constitucional de independencia e sometemento exclusivo á lei e ao dereito dos xuíces e maxistrados (art. 117.1, CE), polo que se parte dunha premisa equivocada cando se entende que estes nomeamentos se basean na confianza.

Pero é que, ademais, non é correcto entender que, polo feito de que sexa un órgano colexiado o que adopta o acordo de nomeamento, iso implica a non existencia de motivación, ou de que esta sexa imposible, xa que ese acordo é produto dun sistema de votacións. Sinxelamente non se pode compartir esta tese se se ten en conta o que dispón o artigo 54. 1, f) da Lei 30/1992, que esixe a motivación dos actos e acordos administrativos cando se diten no exercicio das potestades discrecionais, sen que distinga entre actos de órganos unipersoais e acordos de órganos colexiados. Imponse a motivación a todos⁵², e, por conseguinte, non se pode aceptar como válido tecnicamente o sinalado polo Tribunal Supremo para exonerar do deber de motivar, mesmo cando ese órgano colexiado sexa o Consello Xeral do Poder Xudicial, e os nomeamentos sexan, como é o caso que se discutía, discrecionais.

A discrecionalidade dun nomeamento como o que se ventilaba non é, pois, igual a libre designación, nin permite apoialo en motivos de confianza. Polo demais, a colexialidade non permite que se poida prescindir da motivación. Os

⁵⁰ Cit., p. 415.

⁵¹ Ademais, que tipo de confianza?, persoal ou política?; e segundo que criterios se pode ter ou non ter confianza nun determinado suxeito? É obvio que na vida diaria por intuición ou por experiencia podemos saber quen nos inspira confianza ou non. Pero tamén é claro que isto é moi subxectivo, e, en todo caso, moi inseguro. Non é, xa que logo, de recibo apoiar nada menos que un nomeamento deste tipo nunha premisa así.

⁵² Véxase, E. CARBONELL PORRAS, *Los órganos colegiados...*, ob cit., pp. 228 e ss.

fallos de orde técnica que tiña esta STS eran, pois, moi claros, e por iso o mesmo Tribunal Supremo rectificou esta doutrina en sentenzas posteriores.

4. UN CAMBIO RADICAL SOBRE A MOTIVACIÓN DOS ACORDOS DISCRECIONAIS: A STS DO 29 DE MAIO DE 2006

As insuficiencias desta tese foron recoñecidas polo Alto Tribunal nunha sentenza moi significativa, así mesmo, porque versaba sobre a impugnación do Real decreto 1826/2004, do 30 de xullo, polo que se nomeou presidente da Sala do Penal da Audiencia Nacional a D. Salvador Francisco Javier Gómez Bermúdez. Esta STS do 29 de maio de 2006 (recurso núm. 309/2004), ten unha perspectiva máis adecuada ao esixido pola Constitución, e profunda cun notable grao de calidade no asunto que resolve. Así, fronte á alegación do recorrente segundo a cal a praza de presidente de Sala da Audiencia Nacional non está excluída do sistema de concurso, o Alto Tribunal, partindo do disposto nos artigos 326 e 333 da Lei orgánica do poder xudicial, na súa redacción dada pola Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, declara: "*Una interpretación conjunta de ambos preceptos permite concluir que la plaza de Presidente de Sala de la Audiencia Nacional presenta un perfil mixto, en cuanto que su cobertura resulta de la apreciación de elementos objetivos y reglados, junto con otros que requieren valoraciones subjetivas y de difícil encaje en módulos o baremos preestablecidos, por más que referidas en todo caso a la idoneidad para el ejercicio de la función y en ningún caso ajenas a las exigencias constitucionales de mérito y capacidad*".

"Ciertamente –prosegue o Tribunal Supremo–, el aspirante debe reunir los años de servicios requeridos por el artículo 333, tanto en la categoría de Magistrado como en el ejercicio de la función jurisdiccional en el Orden correspondiente. Ambos elementos son reglados y su concurrencia puede constatarse de forma objetiva. Ahora bien, la designación del adjudicatario de la plaza, entre los candidatos que reúnan esos requisitos objetivos, es fruto de una valoración integral o global del candidato (de sus aptitudes personales, su formación jurídica y su experiencia profesional) no reconducible a criterios previamente baremados, en cuya apreciación no puede negarse al órgano de selección un amplio margen de libertad de apreciación". Polo tanto, di que resulta lóxica esta caracterización mixta do sistema de cobertura, xa que o posto "*conllea no sólo la intensa labor técnico-jurídica propia del ejercicio de la función jurisdiccional en ese puesto, sino también la dirección, coordinación y gestión de medios materiales y humanos, para lo que se requieren aptitudes personales que trascienden de los puros*

conocimientos técnicos y cuya valoración no puede reflejarse en un baremo, por más que se trate en todo caso de aptitudes siempre referidas a idoneidad para el mejor desempeño del puesto y no a aspectos extraños y ajenos al mismo, como pudieran ser la empatía personal o la afinidad política". Por iso conclúe que o destino non se pode configurar como un posto de libre designación no sentido con que habitualmente se utiliza esta expresión no ámbito da función pública nin é un posto que se cubra por concurso⁵³, xa que unha vez logrado o cargo non pode ser libremente cesado ou removido, como acontece na libre designación. Só cesa do seu cargo por casos estritamente taxados, pero tampouco é un sistema de concurso porque –di o Supremo–, “la valoración última de la idoneidad de los aspirantes es irreductible a un baremo preestablecido” (Fundamento de Derecho 3.º).

Con isto xa se dá un paso importante: non se pode afirmar, como o facía a STS do 30 de novembro de 1999, que é un cargo cuberto polo sistema de libre designación por motivos de confianza, senón que é preciso ponderar uns méritos, que, nuns casos, son reconducibles a un baremo, polo seu carácter obxectivo, e noutros, non, xa que do que se trata é de ter presente aptitudes persoais, relativas á función directiva, coordinación de medios humanos e materiais, etc, que non poden ser reconducidas a estritos termos de baremo. Este matiz é sen dúbida interesante e certo, pois é sabido que se pode ser un pozo de sabedoría, isto é, acreditar uns sólidos coñecementos técnicos, ideais

⁵³ O concurso e a libre designación son dúas das formas de provisión dos postos de traballo no ámbito da función pública, e diferéncianse claramente, pois o concurso é o procedemento “normal de provisión de postos de traballo”, e consistirá na “valoración dos méritos e capacidades e, no seu caso, aptitudes dos candidatos por órganos colexiados de carácter técnico” (art. 79.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público); mentres que a libre designación “consiste na apreciación discrecional polo órgano competente da idoneidade dos candidatos en relación cos requisitos esixidos para o desempeño do posto de traballo” (art. 80.1 da citada Lei 7/2007). E unha vez que se obtén o posto de traballo por estes métodos, se no caso do concurso o candidato só poderá ser desprazado do posto nos casos de supresión do posto de traballo mediante modificación da correspondente Relación de Postos de Traballo e de imposición da sanción disciplinaria de suspensión por prazo superior a seis meses, e, xa que logo, cando a sanción é a separación de servizos (arts. 79.3 e 90.1, da Lei 7/2007), en cambio, na libre designación “poderán ser cesados discrecionalmente” (art. 80.4 da Lei 7/2007). Por conseguinte, as diferenzas son claras. No concurso rexe a valoración imparcial e obxectiva dos méritos e aptitudes (art. 79.1, Lei 7/2007). Na libre designación o que prima é a confianza; mesmo a “empatía” co responsable político. Así o sinala, por exemplo, J. A. SANTAMARÍA PASTOR (*Principios de Derecho Administrativo General I*, Iustel, Madrid, 2.ª ed. 2009, p. 672). “Existen numerosos puestos que por la responsabilidad de sus tareas o por su proximidad a los responsables políticos, exigen una forma de cobertura que asegure la plena confianza entre éstos y el designado, así como la empatía entre ambos”. Nestes casos a decisión para cubrir o posto é “absolutamente libre”, xustamente, “porque la existencia de una corriente de confianza no puede objetivarse de modo alguno” (cit., p. 672). É obvio que isto non se pode aplicar aos postos e cargos xudiciais que estamos analizando.

para a estrita función xurisdiccional, e, en cambio, carecer de facultades para coordinar medios persoais e materiais⁵⁴. Non ter, pois, aptitudes relativas á xestión práctica dun órgano xurisdiccional, que require outro tipo de facultades que transcenden os estritos coñecementos técnicos. O problema que se suscita é o de saber como verificar de forma seria e obxectiva estoutras aptitudes, pois o que tampouco pode servir este matiz é para apoiar decisións baseadas en criterios políticos ou en preferencias subxectivas e arbitrarias, en fin, no que se coñece coloquialmente como "cambio de cromos". Xa que como esta STS indica, así mesmo, cando o artigo 122.1 CE establece que a "*ley orgánica del poder judicial determinará la constitución, funcionamiento y gobierno de los Juzgados y Tribunales, así como el estatuto jurídico de los jueces y magistrados de carrera, que formarán un Cuerpo único*", *está recogiendo todas las notas rectoras de un sistema de carrera, entendido como un "cursus honorum" en el que se desarrolla una progresión profesional vertebrada en torno a tres conceptos: el estatuto, el*

⁵⁴ Fóra do ámbito da Administración de Xustiza, pódese observar que a determinación legal de conferir a xestión de medios económicos, materiais e persoais é en moitos casos claramente perfectible, porque unha cousa son os coñecementos científicos e técnicos e outra ben distinta é a capacidade directiva e de xestión. Na Universidade, por exemplo, con independencia dos erros que cometeu a Lei orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, ao establecer unha xestión asemblearia deficiente (diso ocupeime, por exemplo, en M. J. SARMIENTO ACOSTA, "La reforma de la organización universitaria", en AA. VV, *Panorama Jurídico de las Administraciones Públicas en el siglo XXI*, Instituto Nacional de Administración Pública, Madrid, 2002, pp. 1385-1402; e en *Revista de Ciencias Jurídicas. Universidad de Las Palmas de Gran Canaria*, núm. 6, 2001, e, no máis recente, "Reflexiones preliminares sobre la organización universitaria establecida por la Ley Orgánica de Universidades", *Actualidad Administrativa*, núm. 10, 2003, pp. 239 e ss, que foron só en parte corrixidos pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades), é observable unha certa falta de profesionalidade en determinados cargos ou postos nos que tería que tomarse máis en serio a capacidade de xestión. Moitos deses cargos son cubertos por unha elección, ou, no seu caso, unha designación, todo o democrática que se queira, pero que non aseguran a capacidade da persoa que gaña a elección — ou que obtén o beneficio da designación —, sobre todo cando esta está condicionada por pactos e acordos máis ou menos explícitos entre os membros dos diferentes estamentos. É máis, hai, mesmo, quen dubida da capacidade de xestión do profesor universitario (así, por exemplo, A. M. GARCÍA CUADRADO, "Sobre la función docente y el gobierno de las Universidades", *Actualidad Administrativa*, núm. 48, 1994, p. 605, que chega a afirmar que "*o intelectual é normalmente un mal gobernante*"). Ao noso xuízo, esta afirmación, con carácter xeral, é esaxerada, pois hai exemplos de profesores universitarios que son excelentes xestores; agora ben, destaca un problema que non foi tratado coa seriedade e profundidade que merece, pois a universidade é un servizo público que debe ser xestionado con criterios profesionais, e non por afeccionados con boa vontade que, en moitos casos, ademais, están presos de pactos ou acordos que non axudan a tomar as decisións adecuadas para a correcta xestión de tal servizo. Poderíase dicir que, se unha gran corporación industrial ou unha empresa de certo renome funcionase así, é dicir, sen criterios de xestión profesional, tería asegurado probablemente un fracaso rotundo, coas consecuencias implacables que as leis do mercado impoñen. Pero cando se tira con "*pólvora do Rei*", parece que os criterios son diferentes. E con isto, por suposto, non se quere confundir o que é un servizo público de ensino superior cunha empresa privada. Só se destaca un problema de notoria gravidade.

*Cuerpo y la carrera*⁵⁵. *Progresión o promoción profesional que está igualmente vinculada a los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, que resultan proyectables sin reservas sobre los cargos judiciales.* Recalca esta STS que esa carreira xudicial ten caracteres propios, que derivan do sometemento aos principios de independencia, inamovibilidade e sometemento único ao imperio da lei (art. 117.1 CE). *"Principios que suponen e implican consecuencias relevantes en la definición del estatuto de los jueces y magistrados, toda vez que al marcar un salto cualitativo respecto del genérico deber de imparcialidad de los funcionarios públicos a que se refiere el art. 103 CE, imponen una regulación estatutaria esencialmente diferenciada (...)".*

Xa que logo, dise: a) que o sistema de nomeamento é mixto, pois nin é un concurso nin unha libre designación, b) que hai un réxime baseado no estatuto, o corpo e a carreira, e que iso obriga a establecer as fórmulas necesarias para garantir os principios de igualdade, mérito e capacidade, c) que, no entanto, este estatuto de xuíces e maxistrados é *particular*, debido ao especial sometemento aos principios de independencia, inamovibilidade e sometemento único ao imperio da Lei, o que implica unha regulación estatutaria diferenciada do réxime xeral dos funcionarios públicos (art. 103 CE). Chegados a este punto, o Alto Tribunal destaca a diferenza entre o que é a carreira profesional, cos ascensos e progresións correspondentes, sendo de *"especialísima relevancia el alcanzar la de Magistrado del Tribunal Supremo"*, *"cuyos méritos de referencia en el acto discrecional del Consejo habrán de ser en términos casi absolutos los de solvencia y excelencia en el ejercicio de la estricta función jurisdiccional"*, do que é o nomeamento ou destino que *"sin suponer cambio de categoría, impliquen*

⁵⁵ O estatuto, o corpo e a carreira son as tres características do sistema de función pública que establece o noso ordenamento xurídico (Cfr. art. 103.3 da Constitución, que di textualmente, *"A lei regulará o estatuto dos funcionarios públicos"*, así como o art. 149.1.18.³ CE, que alude á competencia estatal para regular *"o réxime estatutario"* dos funcionarios), e que significa, en síntese, que a persoa, cando ingresa na función pública, mantén unha relación estatutaria rexida por leis e regulamentos, e non mantén, xa que logo, unha relación contractual (como erroneamente ás veces se di nos medios de comunicación social. O funcionario de carreira, por definición, non é un contratado); ingresa, ademais, nun corpo -e non nun posto de traballo concreto; de aí, como vimos, o sistema de provisión de postos de traballo- e, dentro dese corpo pode facer "carreira", isto é, pode ascender, prosperar ou subir no escalafón. O estatuto, o corpo e a carreira son perfectamente predicables a esa clase específica de funcionarios públicos que son os xuíces e maxistrados, como o recoñece esta mesma STS .A Constitución fornece os datos esenciais destes funcionarios; así, por exemplo, o artigo 117.2 di que os *"Xuíces e Maxistrados non poderán ser separados, suspendidos, trasladados nin xubilados, senón por algunha das causas e coas garantías previstas na lei"* (por lei, non pola vontade dun xefe ou pola resolución dun contrato). Pero é sen dúbida o artigo 122.1, o que refire estes tres elementos con meridiana claridade cando sinala: *"A lei orgánica do poder xudicial determinará a constitución, funcionamento e goberno dos xulgados e tribunais, así como o estatuto xurídico dos xuíces e maxistrados de carreira, que formarán un corpo único, e do persoal ao servizo da Administración de Xustiza"*

también el ejercicio de actividades de dirección en las que están comprometidas otras aptitudes que la compleja composición del Consejo tiene (...) un amplio margen de libertad (sic) para apreciar y valorar, en aplicación de su propia experiencia acerca de las ventajas o inconvenientes sobre la realidad institucional del sistema, aunque todo ello con referencia a criterios que sean reconducibles a las nociones de mérito y capacidad, idea que el propio legislador se ha ocupado de hacer explícita en la Ley Orgánica 2/2004, de 28 de diciembre (...)". Isto último traza unha liña divisoria para este tribunal: parece entender que unha cousa é a carreira xurisdiccional na que a progresión e ascensión de categoría debe basearse en méritos que reflectan a solvencia e a excelencia, e outra distinta é alcanzar destino ou nomeamentos que, sen supoñer cambio de categoría, impliquen ter en conta outras aptitudes, que, segundo di, será o Consello cos seus criterios e a súa experiencia o que as valore sen reconducir a un baremo, aínda que, iso si, deba conectarse cos principios de mérito e capacidade. Na miña opinión, isto supón que na práctica se mantén o "máis do mesmo", pois os criterios non reconducibles a un baremo (enteiramente discrecionais do Consello, xa que logo) derivan nun cambio de cromos bastante evidente. A cuestión pendente é obxectivar e reconducir a parámetros verdadeiramente serios "esoutras aptitudes" que o Supremo deixa no limbo. Separadamente que o criterio exclusivo da categoría (son tres: xuíz, maxistrado e maxistrado do Tribunal Supremo, art. 298 a 300 LOPX) non ten que ser absolutamente determinante para marcar unha liña divisoria da que deriven tantas diferenzas en orde a obxectivar o nomeamento⁵⁶, pois o desempeño doutros cargos —como presidente de Sala, presidente do Tribunal Superior de Xustiza, etc—, ten unha relevancia manifesta para a progresión e as expectativas, incluídas as económicas, dos xuíces e maxistrados. Pénsese que, por exemplo, o presidente dun Tribunal Superior de Xustiza ten a "consideración de maxistrado do Tribunal Supremo mentres

⁵⁶ De *lege ferenda* sería, pois, recomendable unha modificación do artigo 326, LOPX, como propón F. SOSA WAGNER no citado artigo "*Qué hacer con el Consejo General del Poder Judicial*". Di este profesor: "*Si tenemos que motivar las decisiones, si tenemos que observar un procedimiento riguroso, si hemos de valorar unos méritos, ¿no estamos en puridad inventando el concurso, aunque la sentencia trata de evitar esta palabra?. Porque lo cierto es que lo llamemos como queramos, los argumentos del Tribunal Supremo usados en las sentencias citadas nos llevan a descubrir el mediterráneo del concurso o, si se prefiere, un sucedáneo bastante logrado*".

No entanto, a STS non inventa un concurso de novo cuño; en realidade, o que está facendo é deixar un campo para a discrecionalidade, invocando as facultades do CGPX para o nomeamento de cargos que non sexan estritamente xurisdicionais. A STS sabe perfectamente o que fai. Por iso o que se impón é un cambio do artigo 326 LOPX en orde a establecer unha limitación máis efectiva desta discrecionalidade, que non ten razón de ser —polo menos coa amplitude que ten—, se do que se trata é de valorar méritos, aínda que estes se refiran a aptitudes ou habilidades que exceden os puros coñecementos técnico-xurídicos.

desempeño o cargo" (art. 72.2, LOPX).

Pero á marxe do dito —e seguindo co noso propósito argumental, que é resaltar a esixencia de motivación—, esta STS declara que se supera *"las consideraciones expuestas en la STS de 30 de noviembre de 1999, donde se apuntaba a la validez y suficiencia de criterios de confianza para la provisión de la plaza de Presidente de una Audiencia Provincial"*⁵⁷. Entende con toda corrección o Tribunal Supremo que esa marxe de liberdade de que dispón o Consello Xeral do Poder Xudicial, *"no reconducible a parámetros objetivados y predeterminados, no puede implicar en modo alguno que la decisión sobre la cobertura de una plaza vacante devenga fruto de un voluntarismo inmotivado y carente de cualquier posibilidad de control"*. Velaquí a gran novidade, o verdadeiro avance. Fronte ao que sostíña o avogado do Estado e o que dicía a STS de 30 de novembro de 1999, agora declárase que é necesario motivar, e ademais, que é posible un control, derivado desa mesma motivación, xa que aínda que é preciso ter en conta esoutras aptitudes que transcenden os coñecementos e a experiencia técnico-xurídica, esas aptitudes *"deberán ser explicables y asequibles desde la perspectiva de los principios constitucionales de mérito y capacidad"*⁵⁸.

Di o Fundamento Xurídico 6.º:

"Hemos de tener presente, en este sentido, que la propia Ley Orgánica del Poder Judicial, en su artículo 137, establece que "los Acuerdos de los órganos del Consejo siempre serán motivados", principio general del que no se hace ninguna exclusión explícita, y que hace innecesario acudir al mandato tantas veces invocado del artículo 54.f) de la Ley de Procedimiento Administrativo Común 30/1992, que ordena la motivación de las decisiones discrecionales. Se hace, por eso, preciso, también en casos como el que ahora nos ocupa, que aflore expresamente en el nombramiento algún tipo de motivación que haga jurídicamente nítido que el acto no se ha extralimitado. Llegados a este punto, hemos de dar por superados anteriores pronunciamientos jurisprudenciales como los contenidos, vgr., en las SSTS de 3 de febrero de 1997 y 30 de noviembre de 1999, donde sobre la base de la afirmación de una potestad de libre designación para nom-

⁵⁷ Por certo, tamén rexeita a pintoresca argumentación do avogado do Estado, que sinalaba que a provisión destes postos se caracterizaba por un elemento de confianza (Fundamento Xurídico 5.º)

⁵⁸ No entanto, a utilización da expresión "explicable" quédase, ao meu xuízo, curta. Debe ser xustificable, e non só explicable. Todo pode ser explicable, mesmo a decisión máis arbitraria. A xustificación ten un carácter máis serio e sólido, que é do que se trata.

Por outra banda, se esas aptitudes *deben ser explicables e asequibles*, tamén poden ser normalmente *comparables*, o que significa que haberá que establecer algún criterio ou parámetro para elixir o candidato ou candidata máis adecuado para o posto. Porque o que tamén é claro é que non hai unha libre designación.

bramientos de cargos judiciales como el que ahora examinamos, se apuntaba la innecesiedad e inexigibilidad de motivación; pues ya advertimos en la reciente sentencia del Pleno de esta Sala de 3 de marzo de 2005, que es este un tema "complejo y problemático", "sobre el cual la jurisprudencia se halla en tránsito, entendido este término con el significado de que es probable que todavía no haya arribado a una conclusión firme y consolidada".

Concretando máis sobre o asunto que se debatía, di o Tribunal Supremo que, en efecto, o Pleno do Consello é un órgano colexiado, *"pero no podrá apreciarse la existencia de una motivación suficiente, por faltarle su presupuesto esencial, si del acta resulta, aunque sea de forma sucinta, el cumplimiento efectivo y adecuado del trámite previo de informe de la Comisión de Calificación⁵⁹ al Pleno tal y como antes lo hemos perfilado⁶⁰, pues es ese informe el que justamente suministra parte sustancial de los datos que permiten a cada uno de los Vocales orientar su voto".* De maneira que como nin na proposta elevada ao Pleno pola Comisión de Cualificación nin na acta da sesión plenaria posterior nin en ningún outro documento incorporado ao expediente *"existe dato alguno que refleje el cumplimiento de esa trascendental función que corresponde a la Comisión de Calificación de razonar de forma circunstanciada su propuesta, siendo esta una irregularidad procedimental que no puede entenderse salvada por el propio contenido del acta de la sesión, pues tampoco de ella cabe extraer una motivación*

⁵⁹ Segundo o artigo 122.1 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial (LOPX), o Consello Xeral do Poder Xudicial artíclase nos seguintes órganos: presidente, vicepresidente, Pleno, Comisión Permanente, Comisión Disciplinaria, Comisión de Cualificación e Comisión de Igualdade (esta última incorporouna a disposición adicional 3.^a.3 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes).

Conforme ao artigo 134 LOPX esta Comisión de Cualificación estará integrada por cinco membros, elixidos da mesma forma establecida para a Comisión Disciplinaria. E o artigo 135 LOPX di textualmente: *"Corresponderá a la Comisión de calificación informar, en todo caso, sobre los nombramientos de la competencia del Pleno, excepto el nombramiento del Magistrado del Tribunal Supremo previsto en el artículo 127.4) de esta Ley".* Pola súa banda, o artigo 136 da referida lei orgánica sinala: *"Para la adecuada formación de los criterios de calificación de los Jueces y Magistrados, la Comisión podrá recabar información de los distintos órganos del Poder Judicial y, en todo caso, recibirá un informe anual elaborado por las correspondientes Salas de Gobierno de los órganos jurisdiccionales a que aquéllos estuviesen adscritos que deberá fundarse en criterios objetivos y suficientemente valorados y detallados"* (Véxase L. TOLIVAR ALAS, *Derecho Administrativo y Poder Judicial*, Tecnos, Madrid, 1996, pp.76 e 77)

⁶⁰ Di a STS que estamos analizando (Fundamento de Dereito 6.^o): *"Debemos retener el dato de que la Comisión de Calificación no limita su actuación a elaborar una simple relación de candidatos seleccionados de entre todos los presentados, sino que, más aún, ha de añadir a su propuesta un informe razonado sobre las circunstancias individuales de los aspirantes incluidos en su inicial relación o posteriormente añadidos. Lógicamente, ese informe debe hacer visibles los criterios y razones que han guiado su selección, de manera que quede constatado que el sentido de su propuesta guarda coherencia con esas razones y criterios"*

consistente que, primero, permita concluir que aun así el Pleno del CGPJ manejó y valoró los elementos necesarios para formar su criterio con plenitud de conocimiento, y segundo, que haga jurídicamente asequibles las razones por las que se tomó la decisión de adjudicar la plaza al Ilmo Sr. Gómez Bermúdez frente al resto de los aspirantes",

En consecuencia, sendo o informe da Comisión un trámite nuclear no conxunto do sistema e non existindo tampouco elementos suficientes de motivación da acta, *"ambos datos repercuten en la insuficiencia de la motivación última de la decisión sobre adjudicación de la plaza, resultando de esta irregularidad formal un vicio procedimental con trascendencia invalidante, por privar a esa decisión de un elementos indispensable para alcanzar el fin que le es propio (art. 63.2 de la Ley de Procedimiento Administrativo Común)",* e, xa que logo, estimouse o recurso e anulouse o nomeamento nos termos e condicións descritos no Fundamento oitavo da STS citada, isto é, ordenouse a retroacción das actuacións administrativas a fin de que se cumprise o trámite omitido de informe da Comisión de Cualificación para que despois se resolva polo órgano competente sobre a adxudicación da praza "mediante resolución motivada".

O paso que dá esta STS é, xa que logo, trascendental e o mesmo voto particular que formulan algúns maxistrados resáltao (*"debe ponerse de manifiesto –arguyen –que en esta sentencia se produce un cambio radical respecto a una consolidada doctrina jurisprudencial de esta Sala, en torno a la motivación de los nombramientos discrecionales"*). É un paso que vai na dirección adecuada desde o punto de vista constitucional, e, en concreto, de acordo coas esixencias que impoñen os artigos 9.1 e 3, 23, 24, 103, 106 e 122 da Carta Magna española. Sen dúbida é un avance, pero como a mesma STS se encarga de subliñar invocando a STS do 3 de marzo de 2005, aínda non se chegou a unha "conclusión firme e consolidada". E debe advertirse que non ten demasiado sentido outorgar unha discrecionalidade tan excesiva para o nomeamento de determinados cargos ou postos (presidentes de Sala, presidentes de Tribunais Superiores de Xustiza, etc) sobre a premisa técnica que manexa esta STS, e outras sentenzas posteriores⁶¹, de distinguir os supostos que comportan cambio de categoría dos

⁶¹ A STS de 5 de febreiro de 2010, ditada nun recurso interposto contra un acordo do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial polo que se nomeaba presidente da Audiencia Provincial de Santa Cruz de Tenerife, argúe que é preciso diferenciar os nomeamentos para cargos directivos dentro do sistema xudicial e os que impliquen o acceso ao Tribunal Supremo, de maneira que nos nomeamentos para presidentes das Audiencias Provinciais (que non supoñen cambio de categoría dentro da carreira) haberá que ter en conta, ademais, da solvencia e excelencia no exercicio da función xurisdiccional *"otras aptitudes que la compleja composición del Consejo tiene (...) un amplio margen de libertad para apreciar y valorar, en aplicación de su propia experiencia acerca de las ventajas o inconvenientes*

que só impliquen a adxudicación de prazas ou cargos que non levan tal cambio. Infravalóranse os efectos que para a carreira de xuíces e maxistrados poden ter estes nomeamentos, da súa relevancia social, da súa proxección na carreira e dos seus efectos económicos. Ademais, aínda que é verdade que non é o mesmo

sobre la realidad institucional del sistema, aunque todo ello con referencia a criterios que sean reconducibles a las nociones de mérito y capacidad". Como se dixo, valóranse aquí aspectos como a capacidade para a dirección, coordinación e xestión de medios materiais e humanos, para o que se requiren aptitudes ou habilidades persoais que transcenden dos puros coñecementos técnicos e cuxa valoración —di o Supremo— “non pode reflectirse nun baremo”, por máis que se trate en todo caso de aptitudes sempre referidas á idoneidade para o mellor desempeño do posto e non a aspectos estraños e alleos ao mesmo como puidese ser a empatía persoal ou a afinidade política. Por iso afirma esta STS: “En definitiva, la motivación, que cuando se trata de cubrir plazas en el Tribunal Supremo debe referirse sustancial y preponderantemente a méritos vinculados al ejercicio de la función jurisdiccional o a aquellas otras que sean materialmente asimilables a ella (Sentencia de 27 de noviembre de 2007), de modo que a través de ellas quede acreditada la solvencia y la excelencia en el ejercicio de aquella función, sin embargo, en el supuesto de cargos de dirección, los datos objetivos a tener en cuenta como determinantes de la elección forman parte de una gama mucho más amplia de criterios que los que razonable y fundadamente puede optar el Consejo, al no implicar normalmente estos supuestos un incremento cualitativo de la potestad jurisdiccional, en cuanto que el voto del Presidente es en este ámbito igual al de los restantes miembros del órgano jurisdiccional que va a presidir, por lo que siendo evidente que es absolutamente necesaria una base de experiencia y de calidad jurisdiccional que lo habiliten para dirigir con “auctoritas” el Tribunal que preside, pueden aparecer también con trascendencia en la motivación del acuerdo aptitudes personales que —como hemos indicado con anterioridad—, rebasan los puros conocimientos técnico-jurídicos, para atender a la finalidad de dirección, coordinación y gestión de los medios materiales y humanos puestos a su disposición”. Y por ello “no estamos ante un concurso estrictamente baremado, sino ante una actuación discrecional del Consejo, cuya decisión no depende legalmente de una jerarquización estricta de cada una de las notas que concurren en cada candidato (...), sino en una apreciación de los factores concurrentes en cada uno de ellos, valorados en términos de coherencia con las nociones de mérito y capacidad en relación con el puesto judicial a ser cubierto, de modo que si la motivación que aflora en el texto del Acta cumple esos requisitos nada debemos objetar a lo decidido por el Consejo”.

Este matiz, en principio, parece moi razoable, pois a experiencia demostra que se poden ter moitos coñecementos técnico-xurídicos e escasa capacidade para a xestión. E, pola contra, moita capacidade para a xestión e escasos coñecementos técnicos. Agora ben, con iso ábrese unha fenda para que de novo a discrecionalidade aflore con forza, e haberá que verificar obxectivamente cales son os criterios que demostran efectivamente esa capacidade que, máis alá dos coñecementos técnico-xurídicos, asegure que o candidato ou a candidata ten esoutras aptitudes das que fala o Tribunal Supremo. Poida que exista unha maior marxe, pero terán que facerse explícitos con seriedade eses criterios. Pola contra é unha volta ao mesmo: a discrecionalidade máis aberta que deixa en mans do que se adoita chamar nos medios de comunicación social como “cambio de cromos” a decisión de algo tan relevante para o funcionamento xurisdiccional. Insístese, a diferenza parece razoable e necesaria; agora ben, non basta con dicir que se debe “valorar en termos de coherencia coas nocións de mérito e capacidade”, senón dar un paso máis e especificar (aínda que esta xa non é tarefa, como é obvio, do Alto Tribunal) que criterios e datos permiten determinar esoutra capacidade —a de xestión—, de xeito obxectivo e serio, e, unha vez que se concreten, que o Consello proceda á elección de quen teña esas aptitudes. O asunto, pois, na nosa opinión, non está totalmente resolto, mesmo despois do Regulamento 1/2010, aprobado por acordo do 25 de febreiro de 2010, do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial (“BOE”, núm. 56, do 5 de marzo de 2010), que regula a provisión de prazas de nomeamento discrecional nos órganos xudiciais, pois os méritos que especifican (participación en órganos de goberno, programa de actuación para o desempeño da praza solicitada, etc, etc, art. 7 e ss.) son aínda imprecisos. O máis lóxico e concreto é o do tempo en servizo activo.

acreditar méritos relativos á experiencia e a formación técnico-xurídica que esgrimir aptitudes, habilidades ou competencias que non se poden encadrar nun baremo que determine criterios e valoración de méritos estritamente técnicos, non é menos certo que estas habilidades ou aptitudes deben reconducirse —e así o afirma con toda razón o Supremo— a parámetros de mérito e capacidade. Cómpre dar un paso máis e aquilatar, esmiuzar e facer posible a determinación de cales son esas concretas habilidades, como se demostran ou proban, e en que medida son determinantes para a adxudicación das prazas ou destinos. O que non se pode facer é deixar unha porta aberta para o impresentable “cambio de cromos”, que é o máis afastado da acreditación de méritos e capacidades, sexan esta da clase que sexan. Se se está de acordo en que o nomeamento non se pode apoiar na confianza, e que debe reconducirse ao mérito e á capacidade, é obvio que debe desenvolverse moito máis en que consisten esas habilidades ou aptitudes. Pola contra, como xa se anticipou, estamos ante “máis do mesmo”, e o avance é máis aparente que real.

5. CARA A UNHA MOTIVACIÓN MATERIAL DOS ACORDOS DO CGPX: AS SENTENZAS DO TRIBUNAL SUPREMO DO 27 NOVEMBRO DE 2007 E DO 23 DE NOVEMBRO DE 2009

Se a STS do 29 de maio de 2006 merece o eloxio nos termos xa vistos, pois supón superar unha concepción xurisprudencial que non se axustaba aos valores, principios e preceptos constitucionais (en concreto, ao art. 24.1 CE), pois de feito cerceaba toda posibilidade real de impugnación xurisdiccional, ao considerar a motivación innecesaria por existir motivos de confianza, a STS do 27 de novembro de 2007⁶², e, seguindo o seu ronsel, a do 23 de novembro de 2009, constitúen fitos que deben destacarse como merecen. A STS de 27 de novembro de 2007 é un verdadeiro *leading case*⁶³, que repercutirá nas esixencias de motivación dos xuízos técnicos, e, en particular, na motivación que debe realizar o

⁶² Tamén é necesario citar a STS do 12 de xuño de 2008, que segue a mesma liña.

⁶³ Así o considera, por exemplo, J. R. CHAVES GARCÍA *Control de concursos y oposiciones en la jurisprudencia*, Colección Claves de la Jurisprudencia, Ed. Reus, S. a., Madrid, 2009, pp.254, e 255: “Estamos ante una sentencia que constituye un hito en el control de la discrecionalidad técnica que será el *leading case* a partir del cual derivará una mayor exigencia en cascada (por los Tribunales Superiores de Justicia y por los Juzgados) en materia de motivación de los juicios discrecionales”. “(...) constituye un paso de gigante en el camino de lucha frente a las denominadas “inmunidades del poder”. Miles de sentencias hasta entonces se limitaban a controlar los aledaños de los juicios técnicos de los Tribunales calificadoros, y ahora se constata un visible esfuerzo por robustecer las garantías de los aspirantes de los procedimientos selectivos (...)” (p. 255)

Consello Xeral do Poder Xudicial ao ditar os seus acordos. É unha sentenza ditada polo Pleno da Sala —e que ten nada menos que cinco votos particulares de notable extensión e altura discursiva⁶⁴—, e supón a superación total da doutrina plasmada na xa citada STS do 30 de novembro de 1999. Ditouse nun asunto relativo a nomeamentos como maxistrados do Tribunal Supremo (Sala do Social), e estima o recurso contencioso-administrativo interposto contra os reais decretos do 27 de outubro de 2006, polos que foron promovidos á categoría de maxistrados do Tribunal Supremo, anulando, xa que logo, ambas resolucións. Acóllese á anterior STS do 29 de maio de 2006, que, como advertimos, xa esixía unha motivación suficiente para os acordos de adxudicación de prazas que supoñan un cambio de categoría, e recalcaba que nos nomeamentos de maxistrados do Tribunal Supremo debían de ter prioridade a solvencia e excelencia técnica⁶⁵. Así, destaca que as ideas básicas no tema da motivación son tres: "1) *la libertad de apreciación que corresponde al Consejo General del Poder Judicial (CGPJ), en cuanto órgano constitucional con un espacio de actuación reconocido*; 2) *la existencia de unos límites que necesariamente condicionan esa libertad, especialmente el límite que representan esos principios de mérito y capacidad*; y 3) *la significación que ha de reconocerse al requisito de motivación*". Resalta a liberdade coa que conta o CGPX, pero tamén que "*hay un dato que ya marca un elemento de limitación de los poderes del Consejo, que es el sistema de carrera que para jueces y magistrados recoge el artículo 122.1 CE*", e isto supón que este sistema de carreira⁶⁶ se vincula ao artigo 23.2 CE. Tras sinalar que debe considerarse superada a tese invocada polo mesmo Tribunal Supremo nas referidas SSTs do 3 de febreiro de 1997 e do 30 de novembro de 1999, subliña que o requisito da motivación hai que aplicalo de acordo coa STS do 29 de maio de 2006, e por iso, no caso específico que se dilucida, argúe que do estudo do expediente administrativo se deduce que os datos que se esgrimen non permiten

⁶⁴ Pero que, de ningún xeito, logran desvirtuar a notable calidade técnica, e o evidente esforzo de aqulitamento xurídico que fai esta STS (neste sentido, véxase F. SOSA WAGNER, "Qué hacer con el Consejo General del Poder Judicial", *El Mundo*, do 17 de decembro de 2007: "*La sentencia contiene algunos votos particulares de especial relevancia por el prestigio profesional de quienes los firman. Pero sus razonamientos, a mi juicio, no logran desvirtuar el núcleo esencial del bien trabado fallo de la mayoría*")

⁶⁵ Hai que advertir, no entanto, que a STS do 29 de maio de 2006 se refería a un cargo con funcións de goberno xudicial, o de presidente de Sala da Audiencia Nacional, mentres que a STS do 27 de novembro de 2007 se refire a nomeamentos de maxistrados do Tribunal Supremo, e de prazas das quendas correspondentes á carreira xudicial, e non á denominada "quinta quenda", como se encarga de subliñar o Fundamento 7.^º da sentenza do 27 de novembro de 2007, o que define "*acusadas diferencias*".

⁶⁶ Recórdese que de estatuto, corpo e carreira falaba a anterior STS do 29 de maio de 2006.

comprobar que esas dúas designacións sexan debidamente xustificadas. Di:

“Lo que contiene la pretendida motivación del Consejo es, de una parte, la simple enumeración de unos datos que son sustancialmente comunes a todos los aspirantes, por encarnar los jalones normales de cualquier trayectoria jurisdiccional o los requisitos que resultaban imprescindibles para el acceso a la carrera judicial a través de las distintas vías legalmente establecidas para ello (así ocurre con la descripción de destinos, estudios o titulaciones).

De otra parte, lo que se incluye son unos juicios de valor, exteriorizados a través de expresiones como las de “elevado carácter técnico de las resoluciones”, “amplia cultura jurídica”, “acreditada trayectoria profesional” o “calidad científica”, a los que no puede atribuirse relevancia por haber sido realizada su formulación sin una referencia a un preciso soporte objetivo y en términos puramente genéricos”.

- SIEMENS, G. (2004): A Learning Theory for the Digital Age.
<http://www.elearnspace.org/Articles/connectivism.htm>.
- SYLVIA CURRIE (2008): Getting started in the Facilitating Online Communities course.
<http://mywebbedfeat.blogspot.com/2008/07/getting-started-in-facilitating-online.html>.
- Tendencias del diseño web 2.0 (2008).
<http://gloobs.wordpress.com/2008/04/30/tendencias-del-diseno-web-%E2%80%9Cweb-20%E2%80%9D/>.
- TOM BARRET (2010): Thirty Interesting Ways* to use Twitter in the Classroom.
<http://michaelcjohnson.posterous.com/teaching-and-learning-with-twitter>.
- VALENZUELA, J. R. y VALERIO, G. (2009): Redes sociales en línea: ¿primeros pasos hacia el e-learning 2.0?. Conferencia presentada no Encuentro Anual Virtual Educa 2009.
- VARIS, T. (2005): Nuevas formas de alfabetización y nuevas competencias en el e-learning.
http://www.elearningeuropa.info/directory/index.php?page=doc&doc_id=595&doclng=7.
- VELASCO, J. (2007): Web 2.0: Hija de la usabilidad. En ROVIRA C. y CODINA L. (dir.): *Lingüística Aplicada*. Departamento de Periodismo e de Comunicación Audiovisual. Universidad Pompeu Fabra.
<http://www.mantruc.com/publicaciones/web20.pdf>.
- VENTURA ALCAÍNO, M. (2009): Los diez mejores usos de Twitter en la educación.
http://latercera.com/contenido/679_202327_9.shtml.

XURISPRUDENCIA CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA

Francisco de Cominges Cáceres

Letrado da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo

Índice: 1 Contratación. 2 Dereitos fundamentais. 3 Economía e industria. 4 Expropiación forzosa. 5 Ambiente e urbanismo. 6 Persoal. 7 Proceso contencioso-administrativo. 8 Responsabilidade patrimonial da administración. 9 Tráfico e circulación. 10 Tributos.

1. CONTRATACIÓN

Concesión de aparcadoiro público subterráneo. A modificación legal do sistema de facturación por "redondeo" ao real por minutos de uso efectivo do aparcadoiro non permite incrementar as tarifas asignadas aos usuarios.

A sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia –TSXG– (S^a do Cont.-Ad., Secc. 2^a) do 28 de outubro do 2010 (recurso 4704/2009, relator: Ilmo. Sr. Ramírez Sineiro) estima o recurso promovido por unha asociación de consumidores fronte ao incremento das tarifas dun aparcadoiro público subterráneo producido trala reforma legal que obrigou a facturar o servizo por minutos reais de uso efectivo do aparcadoiro, en lugar de polo anterior sistema de "redondeo" utilizado pola concesionaria. Considera a sentenza que a elevación da tarifa do servizo resultou abusiva, desproporcionada e inxustificada, sen que o cambio legal do método de tarifación constituíse causa de ruptura do equilibrio económico-financieiro da concesión. Incide así en que *«Pese a que no consta ningunha mejora del servicio que lo justifique ni desde luego actuación municipal alguna que altere los términos de las concesiones de aparcamientos públicos de aquella ciudad, mediante aquella referida resolución ... se ha transferido a las tarifas a abonar por los usuarios de sus aparcamientos públicos el coste económico del término de la añeja situación abusiva anterior, de modo que los beneficios empresariales -declarados ilegítimos por abusivos en cuanto otrora incluían aquella práctica del redondeo tarifario-, incluso se perpetúan en lo sucesivo a costa de los clientes de los aparcamientos públicos allí sitos. Semejante situación no resulta respaldada ni por la Normativa comunitaria ni nacional vigente -ya no sólo de índole civil-mercantil sino administrativa-, sin que tampoco quepa aplicar aquí la concurrencia de eventual riesgo imprevisi-*

ble... en cuanto la corrección legal y jurisprudencial del pertinaz y añejo abuso de derecho a fin de impedir la perpetuación de una posición dominante no admite catalogación semejante a la luz del art. 7 'in fine' del Código Civil que obliga 'a la adopción de las medidas judiciales o administrativas que impidan la persistencia en el abuso'.

2. DEREITOS FUNDAMENTAIS

Enquisa promovida pola Consellería de Educación sobre a utilización das linguas no ensino non universitario de Galicia.

A sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia –TSXG– (S^o do Cont.-Ad., Secc. 1^o) do 27 de outubro do 2010 (recurso 7/2009, relator: Ilmo. Sr. Seoane Pesqueira) desestima o recurso promovido fronte á instrución remitida en xuño do 2009 pola Consellería de Educación aos directores dos centros educativos non universitarios de Galicia para a realización dunha enquisa sobre a utilización das linguas no ensino. Conclúe que a instrución non vulnerou os dereitos fundamentais de reunión, asociación, liberdade sindical, expresión e información porque «(...) la finalidad perseguida por la Consellería de Educación era precisamente conocer la opinión de los padres sobre el uso de la lengua galega y/o castellana en las asignaturas troncales, en los libros de texto y en otros materiales didácticos, en las pruebas orales y escritas, y sobre el uso de la lengua inglesa en la impartición de contenidos (educación infantil) y de materias (Educación primaria, educación secundaria y formación profesional). Este cuestionario era totalmente anónimo y voluntario (...). Es evidente que el procedimiento seguido por la Administración educativa no sólo garantizaba la posibilidad de que los padres pudiesen manifestar por escrito su opinión sobre el uso de las lenguas en la enseñanza a través del cuestionario, sino que además lo hiciesen libremente, sin influencias externas a su propia convicción u opinión, y sin estar sujetos a presiones de ningún tipo, al menos procedentes de los profesionales de los Centros educativos (directores, profesorado, etc...). (...) El alcance prohibitivo al que se extiende la instrucción permite interpretarla, no en términos de censura, como lo es por el sindicato recurrente, sino en términos de garantía a favor de los encuestados de que la opinión manifestada a través de las encuestas o consultas se iba a expresar de forma libre, y no mediatizada por acciones que tuviesen por finalidad influir en ella. (...) Bajo esta perspectiva no se impedirían entonces reuniones sobre las encuestas, ni que los directores pudiesen ejercer las funciones que se recogen en el artículo 27 del Decreto 374/1996,

de 17 de octubre, que aprueba el Reglamento orgánico de las escuelas de educación infantil y de los colegios de educación primaria, y entre ellas la de garantizar el derecho de reunión de maestros, alumnos, padres de alumnos, y personal de la administración de servicios, ni se impedían las reuniones en asambleas de estudiantes, en claustros de profesores, reuniones de ANPAS en las que se pudiesen debatir o informar sobre el procedimiento de las encuestas y la finalidad con ellas pretendida, con la importancia que su cumplimentación implicaba en el proceso de elaboración del borrador del Decreto del gallego. Lo que se impedía es que se convocasen reuniones en el seno de la comunidad educativa que representasen campañas a favor o en contra de las encuestas, con las que se pudiesen mediatizar la respuesta de los padres y madres a la hora de cubrir el cuestionario».

3. ECONOMÍA E INDUSTRIA

1.- Anulación do convenio suscrito cunha compañía aérea para fomentar o turismo e o tráfico aéreo nun aeroporto galego. Aplicación da Lei de contratos públicos. Incumplimento dos principios de concorrencia e publicidade.

Unha deputación provincial subscribiu no ano 2006 con determinada compañía aérea un «protocolo» ou convenio de colaboración en virtude do cal, a cambio dunha prestación económica, a antedita compañía se comprometía a manter unha liña aérea de pasaxeiros entre un aeroporto galego e o de Madrid-Barajas a prezos económicos, promovendo ao mesmo tempo o turismo da zona. A *sentenza do TSXG (Sª do Cont.-Ad., Secc. 2ª, relator: Ilmo. Sr. Fernández López) do 3 de marzo do 2011* (recurso 4166/2010) confirma a anulación do referido convenio tras considerar que ostenta a natureza xurídica dun contrato público e que por iso se debeu someter aos principios de concorrencia e publicidade que rexen esa materia. Incide así a sentenza en que *«ya el punto primero de la parte expositiva del protocolo (o convenio) refería con claridad la competencia que el organismo provincial tenía en el ámbito del fomento y la promoción del turismo, como así es verdad a tener de lo dispuesto en los artículos 31 y 36 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases del régimen local, de modo que si pretendía que tal servicio se prestara de forma indirecta por una empresa externa, tenía que acudir, necesariamente, al contrato de prestación del servicio público contemplado en los artículos 154 y siguientes del TRLCAP, en tanto que si lo que pretendía era que una empresa tan sólo presta-*

ra servicios complementarios de carácter técnico, industrial o comercial, debía acudir al contrato de servicios contemplado en sus artículos 196 y siguientes, todo lo cual revela que aquel contrato (o convenio) era ilegal, ya que su objeto versaba sobre un verdadero contrato administrativo que, a la postre, se sustraía a los principios de publicidad e igualdad y prescindía de forma total y absoluta de todo procedimiento, por lo que incurría en el vicio de nulidad contemplado en el artículo 62 de dicho texto legal».

2.- Parques eólicos. Decreto 242/2007, do 13 de decembro, polo que se regula o aproveitamento de enerxía eólica en Galicia.

A sentenza do TSXG (*Sª do Cont.-Ad., Secc. 3ª*) do 16 de marzo do 2011 (recurso 7728/2008, relator: Ilmo. Sr. Díaz Casales) desestima o recurso contencioso-administrativo promovido fronte á totalidade do Decreto 242/2007, do 13 de decembro, da Consellería de Innovación e Industria polo que se regulou o aproveitamento de enerxía eólica en Galicia. Considera a sentenza, entre outros aspectos, que:

- O referido decreto non vulnerou os principios de liberdade empresarial e de produción eléctrica, porque o número limitado de autorizacións dispoñibles e a escaseza dos recursos naturais *«imponen la necesidad de establecer un procedimiento de preselección de solicitudes, ya que, la limitación de megavatios ofrecidos viene impuesta por la necesidad de optimizar las redes de transporte y distribución, imponiendo aquella limitación el procedimiento de selección de las solicitudes con arreglo a criterios objetivos, transparentes y no discriminatorios».*
- A prohibición que estableceu de instalar parques eólicos nos espazos naturais protexidos acomódase ao disposto para ese efecto na normativa medioambiental e urbanística aplicable.
- A previsión de participación pública no capital social das entidades solicitantes *«se trata del ejercicio de una opción que, sin duda, pudiera merecer sus críticas, pero que no puede reputarse ilegal por vulnerar ni el principio de libertad de empresa, ni disposiciones legales o constitucionales».*

3.- Prácticas restritivas da competencia realizadas polo Colexio Oficial de Administradores de Predios de Galicia.

A sentenza do Tribunal Supremo (*Sª 3ª, Secc. 3ª*) do 28 de marzo do 2011 (casación 4598/2008, relator: Excmo. Sr. Campos Sánchez-Bordona) confirma unha resolución do Tribunal de Defensa da Competencia que declarou que o Colexio Oficial de Administradores de Predios de Galicia incorreu en prácti-

cas ilegais restritivas da competencia ao publicar un anuncio advertindo que os administradores de predios colexiados eran os «únicos» que contaban coa «autorización legal necesaria para exercer a súa profesión con total acerto». Afirmación á que o Colexio unía a «advertencia» de iniciar accións «penais e civís contra todas aquelas persoas que exerzan a actividade de administración de predios sen estaren colexiadas».

Afirma a sentenza que *«conforme a la nueva redacción dada al artículo 13 de la Ley de Propiedad Horizontal, ha desaparecido el carácter de exclusividad que pudiera haberse atribuido al Administrador de Fincas»*. De maneira que o mencionado anuncio, *«además de contravenir la normativa legal existente en el momento en que se emitió, estaba dirigido a -y tenía aptitud bastante para- evitar o restringir la competencia en el mercado de los servicios de administración de fincas, abierto a otros operadores económicos y no monopolizable por los colegiados que agrupaba el Colegio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia (...). El anuncio es engañoso por difundir "indicaciones incorrectas", constitutivas de actos de engaño, según el artículo 7 de la Ley 3/1991, de Competencia Desleal, incardinable en el artículo 7 de la Ley de Defensa de la Competencia, en cuanto distorsiona gravemente las condiciones de competencia de mercado, y afecta al interés público, pues sin duda, se dirige a la eliminación de otros competidores que pueden ejercer la administración de la Comunidad de propietarios, ofreciendo condiciones más ventajosas y menos onerosas, de tal forma, que el interés de los propietarios usuarios de estos servicios, que trasciende de su esfera particular al ámbito más amplio del general de la sociedad, queda gravemente dañado»*.

4. EXPROPIACIÓN FORZOSA

1.- Anulación de proxecto expropiatorio por non declararse previamente a utilidade pública da obra á que serve. Obriga de restitución 'in natura' do ben expropiado.

A *sentenza do Tribunal Supremo (Sª 3ª, Secc. 6ª) do 11 de maio do 2010* (casación 5898/2006, relator: Excmo. Sr. Díez-Picazo Giménez), ratifica a anulación do proxecto expropiatorio aprobado pola Confederación Hidrográfica do Norte para o acondicionamento da marxe dereita do río Avia ao seu paso por Ribadavia, derivado dun Protocolo de Colaboración entre o Ministerio de Medio Ambiente e a Deputación Provincial de Ourense, ao non se declarar previamente, nin expresa nin implicitamente, a «utilidade pública» da obra en

cuestión. Insiste o noso máximo Tribunal en que: *«Interpretar, como hace el Abogado del Estado, que la mera referencia en el Anexo II [del Plan Hidrológico Nacional] a una actuación genérica, como la aquí examinada, sirve para justificar la existencia de una causa expropiandi equivaldría a dar carta blanca a la Administración para expropiar cualesquiera bienes que tengan algo que ver con la protección y regeneración de espacios forestales próximos a los ríos gallegos. Y esto, como es obvio, vaciaría de significado la exigencia de que la expropiación forzosa sólo puede acordarse cuando existe una causa de utilidad pública debidamente justificada y declarada. Es más: no hay que olvidar que la regla general es que la utilidad pública debe ser declarada por una ley ad hoc y que sólo como excepción cabe entender que la declaración de utilidad pública está implícita en ciertos planes de obras y servicios (arts. 9 y siguientes de la LEF), de donde se sigue que esta segunda posibilidad no puede ser ulteriormente relajada, hasta el punto de admitir que la utilidad pública dimanara de proyectos insuficientemente identificados».*

Na posterior sentenza do 14 de xaneiro do 2011 (casación 165/2010) o Tribunal Supremo (S^o 3^o, Secc. 6^o) engade que a nulidade do referido proxecto expropiatorio implica por derivación a de todos os actos ditados na súa execución, incluídas as resolucións do Xurado de Expropiación sobre o prezo xusto, tendo en conta que *«la nulidad de la causa expropiandi arrastra consigo todo lo actuado. Ello implica la ilegalidad de la ocupación del bien expropiado, que debe ser restituído por la Administración a sus propietarios, indemnizando, en su caso, los perjuicios ocasionados por dicha ocupación ilegal (...)».* Sinala, así mesmo, que *«no está demostrado que en el presente caso no sea posible la restitución in natura del terreno expropiado, lo que excluye que los recurrentes deban recibir el justiprecio incrementado en un 25%. Éste es un criterio de origen puramente jurisprudencial para indemnizar la vía de hecho que sólo opera en el supuesto de que la restitución del bien ilegalmente ocupado sea imposible».*

2.- Valoración do prezo xusto na expropiación dun sistema xeral, destinado a equipamento universitario, en solo rústico.

A sentenza do Tribunal Supremo (S^o 3^o, Secc. 6^o) do 11 de marzo do 2011 (casación 6430/2006, relator: Excmo. Sr. Trillo Alonso), considera inaplicable aos terreos expropiados para a ampliación da cidade universitaria de Vigo —clasificados como solo urbanizable non programado, equivalente para os efectos de valoración ao solo non urbanizable ou rústico— a doutrina da xurisprudencia que obriga a valorar os sistemas xerais en solo rústico coma se de solo urbanizable sectorizado se tratase. E iso porque *«la instalación docente de la uni-*

versidad de Vigo se enclava inmersa en un bosque al estar ubicada en el monte, alejado y separado del centro urbano de Vigo y de cualquier núcleo de población o edificaciones residenciales, lo que impide que los terrenos limítrofes con los expropiados para la construcción se beneficien de unas plusvalías de las que carecen en realidad en función de la ubicación de la universidad. [O que]] impide que se aplique aquella jurisprudencia de esta Sala ... fundada en la equitativa distribución de beneficios y cargas, que impondría un sacrificio para el expropiado en beneficio del resto de titulares de fincas limítrofes, que se beneficiarían, -cosa que aquí no ocurre-, de la instalación que motiva la expropiación».

5. AMBIENTE E URBANISMO

1.- Anulación de plan xeral de ordenación municipal por omitirse no procedemento para a súa aprobación o preceptivo informe sectorial de telecomunicacións.

A sentenza do Tribunal Supremo (Sª 3ª, Secc. 5ª) do 9 de marzo do 2011 (casación 3037/2008, relator: Excmo. Sr. Peces Morate), confirma a anulación total da revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal da cidade de Ourense por non se solicitar durante a súa tramitación o informe sectorial sobre as necesidades de redes públicas de comunicacións electrónicas esixido no artigo 44.3 da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións (actual artigo 26.2 da Lei homónima 32/2003, do 3 de novembro). Considera o máximo Tribunal que a referida omisión constitúe un «defecto que, como vicio sustancial en la elaboración de una disposición de carácter general, debe acarrear su nulidad de pleno derecho, conforme a lo establecido en el artículo 62.2 de la Ley 30/1992, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común».

2.- Suspensión pola Xunta de Galicia da planeamento xeral municipal.

Mediante Decreto 208/2002, do 20 de xuño, da Xunta de Galicia suspendeuse provisionalmente a aplicación das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal do Grove, co fin «evitar que continúe la caótica expansión urbanística derivada de la aplicación de las determinaciones del planeamiento vigente y que resulte inviable en el futuro cualquier solución razonable para los graves problemas causados» (DOG 119, do 21/06/2002). Tras un longo proceso xudicial, o *Tribunal Supremo (Sª 3ª, Secc. 5ª)* confirma a validez do decreto nas súas sentenzas do 16 de novembro do 2010 (casación 1457/2006, relator: Excmo.

Sr. Fernández Valverde) e do 21 de marzo do 2011 (casación 3708/2006, relator: Excmo. Sr. Calvo Rojas). Aprecia que, dunha banda, non se vulneraron os principios de autonomía municipal, nin de interdicción da arbitrariedade polos poderes públicos. E doutra, que a entrada en vigor do decreto en cuestión non precisaba da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, bastando coa que se realizou no Diario Oficial de Galicia.

3.- Incremento da reserva de vivenda protexida trala aprobación inicial da revisión dun plan xeral. Modificación non substancial. Ausencia da necesidade de reiterar o trámite de información pública.

A sentenza do TSXG (S^o do Cont.-Ad., Secc. 2^o) do 20 de xaneiro do 2011 (recurso 4476/2008, relator: Ilmo. Sr. Fernández López) considera que o incremento da porcentaxe de vivenda protexida (do 20% ao 40% de media en todos os ámbitos de solo urbano non consolidado e solo urbanizable) que se produciu logo da aprobación inicial da revisión do plan xeral de ordenación municipal de Vigo, non implicou unha modificación substancial ou estrutural do modelo de cidade que obrigase a reiterar o trámite de información pública antes da súa aprobación definitiva. Insiste así a sentenza en que *«(...) deben tenerse en cuenta dos extremos: el primero, que ninguna de esas reservas (ya del 20%, del 30% o del 40%) supone la alteración del uso residencial de los ámbitos, ni la tipología de vivienda colectiva, y el segundo, que tal porcentaje es mínimo, por lo que puede elevarse cuando lo exija el interés público (sentencias de esta sala de 14.02.08 y 05.03.10), "ius variandi" que aquí está justificado para adaptar la reserva a las exigencias de ese tipo de viviendas en la zona, como se aprecia en el llamado "Estudio (...)", que justifica el aumento del 20% a un total del 47% en el conjunto del plan para ese tipo de viviendas, sin que haya acreditado la adversa que tal porcentaje sea excesivo o improcedente en los ámbitos que le interesan; por lo demás, y aunque la ley autonómica citada [Ley 6/2008, de 19 de junio, de medidas urgentes en materia de vivienda y suelo] no sea aquí aplicable, resulta clarividente su disposición transitoria primera cuando refiere que la adaptación de los planes aprobados provisionalmente a esa ley no implica el sometimiento del texto a nuevo trámite de información pública».*

4.- Construción dunha Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) a distancia inferior a 2000 m dun núcleo de poboación. Imposibilidade de aplicar o RAMINP na Comunidade Autónoma de Galicia. Ausencia da necesidade de licenza urbanística municipal.

A sentenza do TSXG (S^o do Cont.-Ad., Secc. 2^o) do 30 de setembro do 2010

(recurso apelación 4498/2009, relator: Ilmo. Sr. Méndez Barrera) declara inaplicable en Galicia o antigo Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, do 30 de novembro (RAMINP), trala súa derogación pola Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera, e substitución polo Decreto autonómico 133/2008, do 12 de xuño, de avaliación de incidencia ambiental. En especial o antigo artigo 4 do RAMINP, no que se prohibía que as industrias fabrís perigosas ou insalubres se situasen a unha distancia inferior a 2000 metros desde o núcleo de poboación agrupada máis próximo. Engade, por outra banda, que tampouco lle resulta exixible á EDAR en cuestión a licenza urbanística, pois «*con independencia de lo que establece el artículo 127 de la Ley de Aguas tras el Real Decreto Legislativo 1/2001, el otorgamiento de una licencia es un acto de control preventivo del cumplimiento de la legalidad que realiza la autoridad municipal en relación con la actividad de los ciudadanos o de otras Administraciones, por lo que cuando es el Ayuntamiento el que realiza una obra pública propia, como es el caso, ese control se lleva a cabo mediante la aprobación del correspondiente proyecto técnico, ya que las cualidades de controlador y controlado coinciden en la misma entidad. Y lo mismo hay que decir cuando son otras Administraciones las competentes en relación con determinadas obras y actividades*».

6 PERSOAL

1.- Dereito do persoal funcionario interino ao recoñecemento e retribución de trienios con carácter retroactivo sobre períodos anteriores á data de entrada en vigor do Estatuto Básico do Empregado Público.

A sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 22 de decembro do 2010, asuntos C-444/2009 e C-456/2009, ditada en cuestións prexudiciais formuladas polos Xulgados do Contencioso-Administrativo núm. 3 da Coruña e núm. 3 de Pontevedra conclúe que as autoridades competentes están obrigadas, en virtude do Dereito da Unión Europea e en relación coa cláusula 4 do Acordo marco da Directiva 1999/70/CEE do Consello, do 28 de xuño de 1999, sobre o traballo de duración determinada, dotada de efecto directo, a conferir-lles aos funcionarios interinos o dereito ao pagamento de trienios con efecto retroactivo desde a data de expiración do prazo de transposición da directiva, sen prexuízo do respecto ás disposicións pertinentes do Dereito español en materia de prescrición. Diso se deriva, tal e como sinalou o *Tribunal Supremo* (S^o

3ª, Secc. 7ª) na súa *sentenza do 7 de abril do 2011* (casación en interese da Lei 39/2009, relator: Excmo. Sr. González Rivas) a primacía do Dereito comunitario sobre o disposto no artigo 25.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril (Estatuto Básico do Empregado Público), debéndoselle recoñecer ao persoal interino os trienios con efectos retributivos retroactivos sobre períodos anteriores á data de entrada en vigor de devandita lei, dado que *«la tardía transposición del Gobierno de España de la Directiva 1999/70/CE al Derecho interno a través del Estatuto Básico del Empleado Público, no puede perjudicar a los funcionarios interinos»*.

2.- Improcedencia de rebaixar o 5% do salario aos traballadores das sociedades mercantís de capital público.

A *sentenza do TSXG (Sª do Social, Secc. 1ª) do 4 de novembro do 2010* (recurso 15/2010, relatora: Ilma. Sra. Catalá Pellón) estima a demanda de conflito colectivo promovida polo comité de empresa da Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia (SODECO), declarando nula de pleno dereito a decisión empresarial de reducir nun 5% todos os conceptos das nóminas dos seus traballadores. Sinala a sentenza que: *«La cuestión a la que se ciñe el debate es si a través de un proceso de modificación sustancial de condiciones de trabajo, puede practicarse una reducción salarial a todos los trabajadores de SODECO. Y a ese interrogante debemos responder contundentemente que no. La Disposición Adicional Novena del Real Decreto-ley 8/2010 establece de forma meridiana que la reducción salarial, no será de aplicación al personal laboral no directivo de las sociedades mercantiles, salvo que por negociación colectiva las partes decidan su aplicación.»*

Son hechos no controvertidos en el proceso que los trabajadores afectados por el conflicto no tienen la condición de personal laboral directivo y que la Sociedad Anónima para el Desenvolvemento Comarcal de Galicia, es una Sociedad Mercantil Pública cuyo capital social pertenece íntegramente a la Administración Autónoma Gallega.

Los términos y expresiones gramaticales de la norma son absolutamente diáfanos, debiendo atenernos a una interpretación literal, sin necesidad de acudir a ninguna otra regla de interpretación como postula la Sociedad demandada.

Es la vinculación al resultado final o mejor dicho, la contribución de los sujetos legitimados para negociar junto con el empresario, en la elaboración de un pacto o convenio, lo que diferencia la "negociación" de un "período de consultas".

Y esto es lo que aquí sucede, sin que el debate pueda realizarse sobre la probanza o no por la empresa, de la situación económica negativa que aconseja

la reducción salarial, porque en este sentido sí convenimos con el Letrado de la Xunta de Galicia, en que la difícil situación económica que atraviesa actualmente nuestro país, es un hecho que goza de notoriedad absoluta y general (artículo 281.4 de la LEC).»

7. PROCESO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO

1.- Impugnación do decreto do Presidente da Xunta de Galicia do nomeamento dos titulares das distintas Consellerías por incumprir a lei de igualdade. Falta de lexitimación activa dos recorrentes.

Un particular e un grupo político parlamentario impugnaron o Decreto 81/2009, do 19 de abril, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia por incumprir o índice de paridade establecido na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. A *sentenza do TSXG (S^o do Cont.-Ad., Pleno) do 17 de novembro do 2010* (recurso 519/2009, relator: Ilmo. Sr. Cambón García) non admite o recurso tras apreciar a falta de lexitimación activa dos recorrentes. Incide, dunha banda, en que *«no existe ningunha lei que conceda acción popular para impugnar un Decreto de nombramiento de Conselleiros»*. E doutra, en que *«es pacífica la posición de la jurisprudencia que niega la "legitimación" a los partidos políticos para la impugnación de cualquier acto administrativo que pueda tener efectos políticos, si no se aprecia una conexión específica con su actuación o funcionamiento (así Ss. 6-4-2004; 18-1-2005; 30-5-2008; 20-1-2009)... No siendo suficiente que exista una relación entre la disposición que pretende impugnarse y los fines de política general que puedan perseguir como asociaciones de participación política (...). La conexión específica entre las organizaciones no gubernamentales que tienen como objeto de actuación su protección y las cuestiones que les afectan no puede predicarse de los partidos políticos, que por su naturaleza y fines no pueden incluirse como "grupos de intereses sociales, económicos y colectivos", que está referido a las asociaciones... cuya finalidad primordial es la defensa de esos intereses, mientras que los partidos políticos tienen su propio campo de actuación en la representación política»*.

2.- As declaracións de impacto ou de efectos ambientais son meros actos de trámite non impugnables en vía contencioso-administrativa.

A *sentenza do Tribunal Supremo (S^o 3^o, Secc. 5^o) do 26 de novembro do 2010* (casación 5395/2006, relator: Excmo. Sr. Calvo Rojas), revoga a sentenza do

TSXG que anulou a Declaración de Efectos Ambientais do proxecto de planta de almacenamento e regasificación de gas licuado de Mugardos e non admite o recurso contencioso-administrativo interposto fronte á devandita Declaración. E iso porque *«la Declaración de Impacto Ambiental, a la que ha de equipararse, a los efectos que aquí interesan, la Declaración de Efectos Ambientales de la legislación autonómica gallega, tiene un carácter instrumental o medial en relación con la decisión final de llevar a cabo un determinado proyecto; por lo que dicha declaración ambiental no constituye un acto administrativo definitivo que pueda ser impugnado de forma autónoma en vía jurisdiccional, de manera que su enjuiciamiento sólo podrá llevarse a cabo con motivo de la impugnación que se dirija contra el acto que ponga fin al procedimiento»*.

3.- Suspensión cautelar automática das sancións tributarias, sen necesidade de constituír garantía.

O auto do TSXG (S^o do cont.-ad., Secc. 4^o), do 8 de novembro do 2010, (recurso 15165/2010, relator: Ilmo. Sr. Selles Ferreiro) declara a procedencia de suspender automaticamente na vía xudicial, ata a notificación da sentenza e sen necesidade de constituír garantía, as sancións tributarias cuxa execución fose previamente suspendida na vía económico-administrativa. Afirmo no devandito auto o Tribunal que: *«(...) En lo que atañe a las sanciones, dispone el párrafo segundo del artículo 233. 8 LGT que "la suspensión se mantendrá, en los términos previstos en el párrafo anterior y sin necesidad de prestar garantía, hasta que se adopte la decisión judicial". Sobre el significado y alcance de la "decisión judicial" de referencia han sido varias las posiciones mantenidas, tanto en la doctrina como en la jurisprudencia de los Tribunales Superiores de Justicia, bien refiriéndola a la decisión en la pieza de medidas cautelares, bien refiriéndola a la decisión de fondo que recaiga en los autos principales.*

Esta Sala ha mantenido, hasta la fecha, las dos posiciones, siendo el criterio actual, que rectificaba el inicial, el que la referencia a la decisión judicial atañe a la sentencia que pone fin al procedimiento.

(...) A tenor de los criterios de interpretación de las normas que el Código civil impone (artículo 3.1) y del mandato del artículo 53 CE en orden a que los derechos fundamentales y principios rectores de la política social y económica informen la práctica judicial, se está en el caso de rectificar el criterio anterior, en el sentido de mantener la suspensión automática de la sanción acordada en sede administrativa, siempre que por el interesado se haya dado cumplimiento al trámite antes mencionado del artículo 233.8 LGT si bien, en otro caso, la suspensión automática también es procedente aunque solo podrá tener efectos

desde la fecha de solicitud ante el Tribunal, sin efecto retroactivo de la suspensión así acordada en el caso de que por la Administración se hayan practicado ya actos de ejecución.

Y ello como consecuencia, tanto de las exigencias normativas referidas, entre las que es de mencionar la presunción de inocencia (artículo 24.2 CE), como la adaptación de las resoluciones cautelares a la situación social y económica concurrente, de suerte que los derechos de los contribuyentes no se vean afectados por exigencias complementarias para su ejercicio ante la jurisdicción contencioso-administrativa».

8. RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DA ADMINISTRACIÓN

1.- Denegación de indemnización pola anulación dun acto administrativo. Restricións á edificación impostas pola Consellería de Cultura para protexer a contorna non delimitada dun Ben de Interese Cultural.

O Concello de Cambre concedeu licenza para a construción dun edificio de vivendas a 50 metros da igrexa de Santa María (Ben de Interese Cultural, monumento nacional). A Consellería de Cultura paralizou no ano 1994 a execución das devanditas obras, obrigando a rebaixar a altura e edificabilidade proxectadas, co fin de protexer a contorna do BIC. O TSXG anulou posteriormente esta última resolución na súa sentenza do 17 de outubro de 1996 porque a «entorno» do monumento non fora previa e formalmente delimitada. Como consecuencia diso, a promotora solicitou da Consellería de Cultura unha indemnización de 321.000 euros. A *sentenza do Tribunal Supremo (S^o 3^o, Secc. 6^o) do 1 de abril do 2011* (casación 5187/2006, relator: Excmo. Sr. Trillo Alonso) confirma a desestimación da devandita pretensión de indemnización, tras constatar que a suspensión da obra ordenada pola Consellería de Cultura, ao aplicar conceptos xurídicos indeterminados, resultou «razonada y razonable», inda que finalmente fose anulada en vía xudicial, polo que non incorreu en «antijuridicidad» xeradora de responsabilidade patrimonial. Incide así a sentenza en que «no sólo en los supuestos de ejercicio de potestades discrecionales por la Administración cabe descartar la antijuridicidad del daño cuando su actuación se mantiene en unos márgenes de apreciación razonados y razonables, sino también en aquellos otros en el que la aplicación por la Administración de la norma jurídica al caso concreto no se limita a atender solo a datos objetivos determinantes de la preexistencia o no de derecho en la esfera del administrado sino que requiere, antes de ser aplicada, una apreciación de marcado carácter

subjetivo de conceptos indeterminados determinantes del sentido de la resolución (...). En estos últimos supuestos lo que es exigible a la Administración es que actúe dentro de los parámetros de la razonabilidad, y ello sin duda cabe afirmar con respecto a las actuaciones que nos ocupan, con independencia de su conformidad o no a derecho, pues ha de calificarse de razonable que ante la indefinición de la extensión de la protección de un bien declarado de interés cultural hasta que se produce la delimitación de su entorno, se adopten las medidas proteccionistas que se adoptaron».

2.- Responsabilidade sanitaria por non informar o paciente do posible risco neurolóxico que supón a anestesia intradural. Cálculo da indemnización.

A sentenza do TSXG (S^o do Cont.-Ad., Secc. 3^o) do 26 de abril do 2011 (recurso 7031/2011, relator: Ilmo. Sr. Cambón García) considera que a Administración sanitaria incorreu en responsabilidade patrimonial por non informar debidamente o paciente dos riscos neurolóxicos que lle podería carrexar a aplicación da anestesia na operación cirúrxica á que se someteu. Pero engade tamén que, no entanto, «a la hora de concretar el importe de la indemnización a conceder, no se pueden tener en cuenta las secuelas e incapacidad de la actora, puesto que cuando se aprecia únicamente la vulneración de las normas del consentimiento informado, lo indemnizable es el daño moral derivado de haber privado a la paciente de la información necesaria sobre los posibles riesgos y complicaciones, a fin de que adoptase la decisión que reputaba más conveniente, debiendo siempre tener en cuenta que el previo estado físico de la paciente era deficitario ya que precisamente acudió a la Administración Sanitaria por padecer enfermedad. Y teniendo en cuenta lo apuntado se considera procedente conceder una indemnización de 36.000 euros como 'deuda de valor' a la fecha de la presente sentencia».

9. TRÁFICO E CIRCULACIÓN

Ausencia da necesidade de someter o GPS do «multamóbil» a control metrolóxico

A sentenza do TSXG (S^o Cont.-Ad., Secc. 3^o) do 9 de decembro do 2010 (recurso 7355/2010, relator: Ilmo. Sr. Díaz Casales) considera que o aparato de GPS do vehículo de vixilancia de tráfico da policía municipal, popularmente coñecido como «multamóbil», non se debe someter a control metrolóxico porque «el

GPS sólo proporciona unos datos de localización señalado en grados que resulta, de una parte, absolutamente indescifrable para cualquiera que no tenga un sistema similar. De otra trataría de un dato adicional que, en su caso, permitiría cuestionar la dirección fijada en cualquier documento (sea o no sancionador) de no resultar coincidente, pero que resulta intrascendente, por no condicionar los derechos de las partes sometidas al procedimiento sancionador, ya que de ordinario se referirán a una dirección sañada de modo convencional y no a las coordenadas o magnitudes indicadas por el localizador. Pero finalmente, lo que resulta absolutamente determinante es que no se trata de un instrumento que pese, mide o cuente, por lo que ha de concluirse que no está sometido al control metrológico que el recurrente reclama, sin que pueda acogerse su pretensión de que la Administración autonómica debiera interesar de la Administración estatal su inclusión en los anexos del RD 889/2006».

10. TRIBUTOS

1.- Indebida imposición dunha taxa por un concello a outro pola prestación do servizo de abastecemento de auga potable.

A sentenza do Tribunal Supremo (Sª 3ª, Secc. 2ª) do 14 de xuño do 2010 (casación 4144/2005, relator: Excmo. Sr. Huelin Martínez de Velasco) confirma a anulación da taxa esixida polo concello de Pontevedra ao de Marín polo servizo de abastecemento de auga potable que o primeiro lle presta ao segundo. Sinala o alto Tribunal que «la noción de tasa local, además de la presencia para el sujeto pasivo de la afección y el beneficio referidos, requiere otras dos notas: la primera consiste en que, en casos como el presente, se exija por la prestación de servicios públicos de competencia local y la segunda precisa que la prestación no sea de solicitud o recepción voluntaria (artículo 20.1 de la Ley reguladora de las Haciendas locales en relación con el artículo 26 de la Ley General Tributaria de 1963, en la redacción dada a ambos preceptos por la Ley 25/1998). Pues bien, a juicio de esta Sala ninguna de tales condiciones concurre en el caso de la tasa que el Ayuntamiento de Pontevedra exige a los concellos colindantes y, en particular, al de Marín. La índole local del servicio y su carácter de obligatorio no ha de examinarse en abstracto sino en relación con el destinatario. Por supuesto que el suministro de agua a sus vecinos por parte de la Corporación pontevedresa constituye un servicio de su irrenunciable competencia y, además, no voluntario, en cuanto viene impuesta por una disposición legal, resultando imprescindible para la vida, ya privada ya social, de los vecinos del municipio

[artículo 20.1.B).a) de la Ley reguladora de las Haciendas locales, en relación con el 26.1.a) de la Ley de bases del régimen local]; ahora bien, no es competencia de dicha corporación el suministro de agua al Ayuntamiento de Marín ni a sus vecinos, para quienes, por consiguiente, su recepción resulta voluntaria».

2.- A anulación, en dúas veces sucesivas, da liquidación tributaria por falta de motivación da valoración do ben inmueble que constitúe a base imponible impide que se efectúe unha terceira valoración, debendo en tal caso prevalecer a declarada polo contribuínte.

A sentenza do Tribunal Supremo (S^o 3^o, Secc. 2^o) do 28 de outubro do 2010 (casación unificación doutrina 13/2006, relator: Excmo. Sr. Montero Fernández) anula a sentenza do TSXG impugnada, así como a liquidación tributaria en cuestión, ao considerar que: «El derecho de la Administración a corregir las actuaciones producidas con infracción de alguna garantía o formalidad o insuficiencia de motivación en las comprobaciones de valores, no tiene carácter ilimitado, pues está sometido en primer lugar a la prescripción, es decir puede volver a practicarse siempre que no se haya producido dicha extinción de derechos y en segundo lugar a la santidad de la cosa juzgada, es decir si se repite la valoración con la misma o similar ausencia o deficiencia de motivación, comportaría la pérdida -entonces si- del derecho a la comprobación de valores y en ambos casos (prescripción o reincidencia) la Administración había de pasar por la valoración formulada en su día por el contribuyente».

NORMAS DE PUBLICACIÓN

- 1. As propostas de colaboración coa Revista Galega de Administración Pública remitiranse como arquivo adxunto a unha mensaxe de correo electrónico ao seguinte enderezo electrónico: regap@xunta.es. Ademais, a ou o autor ou os autores enviarán o orixinal nun disco compacto, USB, ou dispositivo similar, en soporte informático Microsoft Word, así como dúas copias impresas asinadas ao seguinte enderezo:

Revista Galega de Administración Pública
Servizo de Estudos e Publicacións
Escola Galega de Administración Pública
Rúa de Madrid, 2-4
15707 Santiago de Compostela (A Coruña)

- 2. O disco compacto, USB, ou dispositivo similar, remitido por correo postal deberá conter un único arquivo ou documento co texto da proposta da colaboración.
- 3. Non serán aceptadas propostas de colaboración enviadas por fax ou por correo postal sen estaren acompañadas do correspondente soporte electrónico.
- 4. Os traballos deberán ser remitidos antes do 15 de maio e do 15 de novembro, para os números ordinarios. As datas de remisión e aceptación figurarán nun lugar visible da revista.
- 5. Os traballos enviados deberán cumprir as seguintes condicións:
 - a) Seren inéditos e non estaren incluídos en procesos de avaliación doutras publicacións.
 - b) Estaren redactados en galego, español, portugués, francés italiano, inglés e alemán.
- 6. Os traballos que se propoñen para a súa publicación como artigos deberán incluír, por esta orde:
 - a) Un título descritivo do contido, nome, apelidos e profesión ou cargo da ou do autor ou dos autores.
 - b) Un resumo (dun máximo de 150 palabras) no idioma no que se presenta o texto principal e a súa tradución ao inglés de non ser esta a lingua empregada na súa redacción.
 - c) Unha relación dun mínimo de cinco palabras clave, e un máximo de

dez, que identifiquen as materias sobre as que versa o texto principal, e a súa versión ao idioma inglés, de non ser esta a lingua empregada na súa redacción.

- d) Sumario seguindo a estrutura da CDU. (Exemplo: 1, 1.1, 1.1.1, 1.1.1.a...).
 - e) O corpo principal do texto.
 - f) A bibliografía.
- 7. Os traballos deberán ser coidadosamente revisados pola(s) persoa(s) responsable(s) da súa autoría no tocante ao estilo, e respectarán ademais os seguintes requisitos:
 - a) Todos os traballos deberán ser presentados a un espazo, con formato de fonte *Times New Roman*, tamaño 12.
 - b) As notas figurarán a pé de páxina, gardarán unha numeración única e correlativa para todo o traballo, e axustaranse ao seguinte modelo:
 - LIBRO: AUTOR, Título da publicación, núm. Edición, lugar da publicación, editor, ano, páxina.
 - AUTOR, "Título do artigo". Título da fonte (revista ou outra colectiva), número, ano, páxinas.
 - c) A bibliografía deberá conter con exactitude toda a información dos traballos consultados e citados (autoría, título completo, editor, cidade e ano de publicación; de se tratar dunha serie, serán indicados o título e o número do volume ou a parte correspondente).
 - d) Os documentos, fontes ou bases de datos publicados na Internet deberán indicar o URL respectivo. Por exemplo: http://www.un.org/base/publicad/pages/innovat_a.html.
 - 8. Dereitos de autoría. Unha vez que o consello editorial acepte publicar calquera material (artigo ou recensión) recibido, os dereitos exclusivos e ilimitados para reproducir e distribuír os traballos en calquera forma de reprodución, idioma e país serán transferidos á Escola Galega de Administración Pública (EGAP).